

**PROXECTO
CURRICULAR DO
COLEXIO PÚBLICO DE
LOBIOS**

ÍNDICE XERAL

1.- EDUCACIÓN INFANTIL:

1.1.- INTRODUCCIÓN.

1.2.- METODOLOXÍA.

1.3.- CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS DO NENO DE 3 A 6 ANOS.

1.4.- MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1.5.- TEMPORIZACIÓN.

1.6.- OBXECTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

- Área de identidade e autonomía persoal.
- Área do medio físico e social.
- Área de comunicación e representación.

1.7.- OBXECTIVOS XERAIS DAS ÁREAS EXPRESADOS EN CAPACIDADES NOS BLOQUES DE CONTIDOS.

1.8.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

1.9.- AVALIACIÓN:

- Introducción.
- Criterios de avaliación.

1.10.- OS PAÍS NA ESCOLA: INDICACIÓNS CARA O PROCESO DE ADAPTACIÓN.

2.- EDUCACIÓN PRIMARIA:

2.1.- OBXECTIVOS XERAIS.

2.2.- ÁREAS:

2.2.1.- COÑECEMENTO DO MEDIO:

- Introducción.
- Obxectivos xerais de área e de ciclos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.2.- LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.3.- MATEMÁTICAS:

- Obxectivos xerais de área e de ciclos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.4.- LINGUA EXTRANXEIRA: (INGLÉS)

- Metodoloxía.
- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.5.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.6.- EDUCACIÓN FÍSICA:

- Introducción.
- Obxectivos xerais.
- Metodoloxía: Criterios de avaliación.

2.2.7.- FORMACIÓN RELIXIOSA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.3.- METODOLOXÍA:

- Orientacións didácticas xerais.
- Orientacións didácticas: Area de Lingua Galega.
- Orientacións didácticas: Area de Lingua Castelá.
- Orientacións didácticas: Area de Educación Artística.
- Orientacións didácticas: Area de Educación Física.
- Orientacións didácticas: Area de Matemáticas.
- Orientacións didácticas: Area de Coñecemento do Medio.
- Orientacións didácticas: Area de Formación Relixiosa.

2.4.- AVALIACIÓN:

- Introdución.
- Criterios xerais sobre a repetición do curso.
- Obxectivos mínimos ou básicos en cada ciclo.

3.- ACCIÓN TITORIAL.

4.- TRATAMENTO Á DIVERSIDADE:

- 4.1.- Introdución.
- 4.2.- Alumnos con necesidades educativas especiais.
- 4.3.- Necesidades educativas especiais máis frecuentes.
- 4.4.- Os P.A.E.S. (Programas de actuación pedagóxica).
- 4.5.- Avaliación dos P.A.E.S.
- 4.6.- Estratexias de apoio.
- 4.7.- O Departamento de Orientación:
 - Introdución.
 - Compoñentes.
 - Obxectivos: • xerais.
 - específicos.

P.C.C.

EDUCACIÓN INFANTIL

1.- EDUCACIÓN INFANTIL:

1.1.- INTRODUCCIÓN.

1.2.- METODOLOXÍA.

1.3.- CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS DO NENO DE 3 A 6 ANOS.

1.4.- MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1.5.- TEMPORIZACIÓN.

1.6.- OBXECTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

- Area de identidade e autonomía persoal.
- Area do medio físico e social.
- Area de comunicación e representación.

1.7.- OBXECTIVOS XERAIS DAS AREAS EXPRESADOS EN CAPACIDADES NOS BLOQUES DE CONTIDOS.

1.8.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

1.9.- AVALIACIÓN:

- Introducción.
- Criterios de avaliación.

1.10.- OS PAIS NA ESCOLA: INDICACIÓNS CARA O PROCESO DE ADAPTACIÓN.

1.1.- INTRODUCCIÓN Á EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil comprende dende os 0 ós 6 anos, polo que ocupa o primeiro tramo do sistema educativo.

O caso que nos ocupa máis concretamente é o 2º ciclo que abarca dende os 3 ós 6 anos.

A importancia da Educación Infantil na nosa sociedade, avaliana dous tipos de razóns: unhas de carácter persoal referentes ós nenos/as que fan relación á transcendencia que as aprendizaxes temporais teñen no desenrolo da personalidade infantil; outras razóns son de orde social e refírense ós cambios habidos na nosa sociedade, sobor de todo aquilo que está en relación co acceso da muller ó mundo laboral e co cambio das condicións de vida actual que demandan un novo contexto educativo para esta idade que, tradicionalmente, era atendido no medio familiar e segundo os procesos habituais de socialización.

Dúas finalidades se lle asignan a este período educativo:

- O desenrolo das potencialidades físicas, psíquicas e sociais dos nenos/as.
- A adquisición de hábitos, destrezas e actitudes que faciliten a súa posterior adaptación á escolarización primaria.

Esta dobre finalidade poderíase materializar a través de obxectivos máis específicos nos ámbitos do:

- Desenrolo motor.
- Desenrolo cognitivo e lingüístico.
- Desenrolo das relacións interpersoais.
- Desenrolo do equilibrio persoal.

Todo isto nun contexto de experiencias persoais significativas e de relación afectivas, máis ca no das aprendizaxes formais.

Por iso, o eixe didáctico da Educación Infantil reside na acción, na experimentación, no xogo, no intercambio social cos seus compañeiros e cos adultos.

Neste senso toda a educación é unha preparación para a vida e a Educación Infantil é a través da vida mesma.

O progreso na Educación Infantil será o resultado da propia maduración biolóxica das experiencias vividas e da estimulación educativa recibida.

1.2.- METODOLOXÍA

Responde a ¿Cómo vamos a ensinar?.

Neste apartado, seguiremo-los principios didácticos da “Escola Nova”.

ACTIVIDADE: A aprendizaxe lograrase a través do traballo activo do neno. Este principio tamén vai dirixido ó profesor, o cal disporá situacións idóneas para a observación, experimentación e acción do neno.

INTUICIÓN: Todo o obxecto do coñecemento presentaráselle a través de cantos sentidos nos sexa posible e con moitos exemplos xa que é a partires dos sentidos como se adquiren os coñecementos. Este principio marca unha liña didáctica, do sensible ó intelixible do particular ó concreto e do empírico ó racional.

INDIVIDUALIZACIÓN: O ensino débese realizar tendo en conta as necesidades peculiares de cada neno, coma o seu ritmo de aprendizaxe, a idade, características psicoevolutivas, o que implica unha Pedagogía Diferencial.

GLOBALIZACIÓN: Este principio ten unha gran base psicolóxica, e necesario e imprescindible nas primeiras etapas do ensino pois está baseada no carácter global das percepcións. Presentaremos-los coñecementos relacionados entre sí, pois partindo da área do medio físico e social programaremos-las outras áreas.

SOCIALIZACIÓN: Este principio educativo responde á necesidade que ten o neno de estar integrado nos grupos sociais de evolucionar neles, de sentirse aceptados, polo tanto programaremos, obxetivos, feitos, procedementos, valores e actitudes, coas respectivas actividades relacionadas co desenvolvemento do neno na sociedade.

TIPO DE APRENDIZAXE: Tendo en conta os anteriores principios que versaban acerca de que o traballo debe ser activo, ha de estar baseado nas necesidades do neno, débelle chegar por cantos sentidos sexa posible, propoñemos un tipo de aprendizaxe que será: “A aprendizaxe por descubrimento”.

A aprendizaxe por descubrimento definímola como a adquisición de conceptos, principios ou contidos a través dunha búsqueda activa do suxeito.

Esta aprendizaxe é vital para o:

- Desenvolvemento das destrezas de investigación no escolar.
- Desenvolvemento da creatividade fundamental no mundo en que vivimos.

A escola ha de ensinar ó neno a indagar e para logralo pódense segui-los pasos de método científico:

- 1.- Fase preparatoria ou de orientación: Aquí búscase delimitar o problema.
- 2.- Fase de preparación: Recollida de material, información datos...
- 3.- Fase de incubación: Intento de mirar novas ideas, explicar, solucionar interrogantes, unir, sintetiza-los coñecementos do tema.

E importante na metodoloxía, falar de MOTIVACIÓN:

MOTIVACIÓN: Con relación a ela seguiremo-la teoría da Doble Motivación, que dí que para dirixir esta hacia as tarefas da aprendizaxe sería convinte que foran motivantes tanto para o profesor como para o alumno.

- Para o profesor tratando de chegar á consecución dun valor que evidentemente non é consciente para o neno.
- Para o alumno serán motivadora-las tarefas escolares si parten dos seus intereses e necesidades.

Ademais teremos en conta que a motivación será:

- Real - Emerxente - Manteñedora.
- Que se poida avaliar.

1.3.- CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS dos nenos no 2º ciclo da Educación Infantil

- Chegada ista etapa os rapaces acadan a representación, e decir, un conxunto de conductas que implican a evocación representativa dun obxeto ou acontecemento ausentes.
- Hai a imitación diferida, que se fai en ausencia do modelo coa imaxe mental a imitación xa non é só diferida, senon interiorizada, e esta representación está moi próxima a converterse en pensamento. Esta representación facilitaría a comprensión da realidade, a intervención no medio, as relacións cos demais, e a concienciación de sí mesmo.
- E o momento do xogo simbólico que é o apoxeo do xogo infantil a través de asimilalo mundo dos maiores, as súas normas, sen coaccións nin sancións.

- O longo de esta etapa preoperatoria, a función simbólica logra a súa máxima expresión na vida do neno e da nena. O xogo gaña en variedade e riqueza simbólica, así como en nivel de participación.
- O debuxo é nos seus comezos un intermediario entre o xogo e a imaxe mental, é unha imitación interiorizada.
- Nesta idade os rapaces xa teñen adquirida a linguaxe, é unha linguaxe egocéntrica. É o momento do monólogo colectivo. Hai unha ampliación no vocabulario e un avance na sintaxe e na gramática. Emplean a linguaxe como medio de expresión da súa frustración, e para actuar sobor do mundo exterior orientado á súa acción.

As características mais peculiares do pensamento son:

- Centración. Só percibe un graso chamativo dos obxectos.
- Irreversibilidade. O seu pensamento vai do particular ó particular, é incapaz de volver ó punto de partida.
- Egocentrismo. Incapacidade de poñerse no punto de vista dos outros. Só satisface as súas necesidades.
- Artificialismo.
- Animismo.
- Pensamento trasductivo.
- Heteronomía moral. Obedece as normas dos adultos só si el está presente xa que no nas ten interiorizadas. Non domina os rasgos afectivos e de emotividade.

COMPORTAMENTO AFECTIVO - SOCIAL

O neno ata os dous anos ten unha grande dependencia do adulto. A partires dese momento e cando menos o esperamos, sorprendéranos coas súas reaccións teimudas. Dirá a todo que non. Estará a medi-la súa forza e independencia fronte ós adultos.

Ata os catro anos prefere ó adulto como compañeiro de xogos. A partires dese momento os outros nenos pasan a ser rivales con quen compartir, atencións, cariños e xogos. Entre os 5 e os 6 anos o adulto deixa de se-lo compañeiro ideal de xogos. Non renuncia a él pero prefere ós outros nenos.

En canto ás preferencias e necesidades lúdicas obsérvase que:

- O pequeno ata os 2 - 3 anos necesita unha actividade muscular intensa.
- Os catro anos xoga en paralelo con outros nenos compartindo a actividade, pero ailladamente, cada un vai ó seu.
- Os cinco anos, aínda que brevemente, xa é quen de manter un xogo socializado de sinxelas regras. Non prescinde do movemento, pero pode involucrase nun xogo que requira axilidade, coordinación, precisión manual... Disfruta tamén co xogo simbólico.

Todos estos aspectos resumímolos no seguinte:

O desenvolto persoal é un proceso dinámico no que a interacción entre os nenos e as súas condicións ambientais determinan as características da súa evolución.

Desde unha perspectiva global, o proceso evolutivo concrétese en procesos de individualización e de socialización, estreitamente interrelacionados nunha continua interacción que pode ser modificada durante a escolaridade.

Durante o Segundo Ciclo de Educación Infantil, o desenvolto evolutivo dos nenos e nenas ven orientado polas seguintes características:

- 1.- Adquiren un maior coñecemento e control do seu propio corpo, o que favorece o aumento da súa seguridade persoal.
- 2.- Obsérvase un progresivo control postural en diversas situacións estáticas e dinámicas e unha maior regulación da motricidade fina.
- 3.- O considerable avance na coordinación perceptivo motora favorece a observación mais detallada do entorno.
- 4.- Progresan na súa capacidade perceptiva, o que lle permite diferenciar, identificar e asociar datos relacionados co medio.
- 5.- O proceso madurativo psicomotriz e os progresos perceptivos favorecen a estruturación do espazo e do tempo.
- 6.- Adquiren maior autonomía respecto do adulto, aínda que precisan da intervención deste para consolidar a súa propia identidade.
- 7.- Progresan nas relacións cos seus compañeiros e adquiren maior conciencia de grupo. As relacións cos demais, axúdanos no proceso de auto-afirmación.
- 8.- Progresivamente aumenta a súa capacidade de comunicación a través das distintas linguaxes.

9.- A produción e comprensión de mensaxes orais adquiren máis riqueza e precisión, manifestando un grande progreso no uso das estruturas lingüísticas.

10.- Progresan nos ámbitos do razonamento. Pouco a pouco establecen relacións entre fenómenos o obxectos.

11.- Progresan na conquista de hábitos de traballo, conducta e hixiene.

1.4.- MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a consecución dos obxetivos, elaboraremos materiais cunhas características específicas que teñan en conta distintas formas de realiza-las actividades que se propón.

As tarefas propostas nos cuadernos de traballo son actividades para que os nenos teñan a oportunidade de plasmar gráficamente as actividades que realizaron previamente a nivel manipulativo, corporal, oral, etc.

Vamos a utilizar en todo momento o material que os nenos poidan traer do seu contorno natural ou familiar.

Tamén os pequenos elaborarán materiais con produtos de desfeito, que poidan ser útiles para levar a cabo unha construción ou calquera outra iniciativa, e de paso lles ensina ós nenos a seleccionar e gardar todo aquilo que lles parece que vai ter posibilidades de ser utilizado.

Contamos tamén cos materiais que elabore a profesora ou profesor, e tamén cos de tipo comercial de que dispomos.

Vamos acudir ó Centro de Recursos de Bande, para traer material ó Colexio sempre que nos sexa necesario e dispoñan del para levar a cabo o noso traballo diario, e por suposto que utilizaremos todo o que hai no noso Colexio.

1.5.- TEMPORIZACIÓN

A distribución do tempo escolar nestas idades resulta un pouco difícil, xa que debe ser axeitada ás características do grupo en concreto de alumnos, á súa capacidade de concentración, ó marco que envolve á escola e ós recursos cos que ésta conta.

Hai que ter en conta, polo tanto, que a planificación do tempo, ha de ser flexible, estar suxeita ós cambios que poidan aparecer en calquera momento e adaptarse ó ritmo de traballo individual de cada neno, que nesta idade é moi variable.

O enfoque globalizado, necesario nesta etapa, no que as áreas quedan interrelacionadas, complican a delimitación dun horario específico. Existen algúns elementos que se han de ter sempre presentes:

- A presenza dun núcleo de interés próximo ó neno (chove, neva, un novo irmanciño, un novo compañeiro, etc), que se debe atender no momento se se considera importante.
- O tempo calculado para cada actividade débese programar cunha marxe suficiente para que tódolos alumnos a poidan levar a cabo satisfactoriamente.
- O cambio dunha actividade programada anteriormente polo mestre a de ser posíbel se se observa algún comportamento do grupo, (nerviosismo, cansancio, etc), que o fagan necesario.
- A duración e variación das actividades presentadas, segundo se realicen pola mañá ou pola tarde.

Se se teñen en conta os conceptos anteriores, é posible presentar unha distribución do horario escolar que se pode e debe variar segundo as necesidades de cada grupo.

Hai que ter moi en conta dous aspectos:

- 1.- Inicia-las sesións dun ciclo repetitivo, axuda ós alumnos a acostumarse a seguir un ritmo, ó entrar na clase, os alumnos penduran as chaquetas, poñen a bata e ocupan os asientos mentras falan entre eles. Este espazo de tempo adícase a axudar ós alumnos que non se saben vestir e a falar individualmente con algúns nenos. Cando todos están sentados, empézase cada mañá nomeando ós nenos que faltan, observando o calendario dos días da semana e o do tempo meteorolóxico. Despois de esto pasaremos a realizar o traballo ó longo da xornada.
- 2.- O tempo de recreo é fundamental neste período, xa que potencia o xogo espontáneo e a interrelación cos outros compañeiros da escola. Aquí a función do mestre é observar esta convivencia e axudar a integrarse.

A continuación vamos a facer unha distribución dunha xornada de traballo escolar un día calquera:

Horario de Mañán, (10 a 13 h)

Entrada ordenada Calendario do tempo. Expresión de vivencias e diálogos sobre o centro de interés
Traballo persoal ou colectivo sobre o tema. Comentario do tema tratado.
Xogos Precálculo - Xogos Linguaxe - Xogos libres, contos
RECREO OU XOGOS O AIRE LIBRE
PRElectura - PREescritura - PREcálculo
Psicomotricidade

Horario de Tarde, (14,30 a 16,30)

Entrada ordenada. Minutos de relax. Manualidades, dibuxo libre ou suxerido. Poesía, teatro.
Exercicios lingua galega. Contos. Normas, respecto e convivencia.
Xogos ó aire libre
Expresión musical. Xogos de observación e manipulación. Lecturas de imaxes.
Recollida de material e ordenar a clase

1.6.- OBXECTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Formación de hábitos de hixiene, traballo, autonomía e convivencia.
- Desenvolvemento da expresión oral nos seus aspectos básicos e comunicativos: correcta respiración, vocabulario, pronunciación, formación de frases e expresión de ideas e sentimentos.
- Comenzo das aprendizaxes preparatorias para a lecto-escritura.
- Desenvolvemento dos aspectos fundamentais da psicomotricidade como base de tódolos demais aprendizaxes.
- Coñecemento do entorno e de si mesmo, mediante a exploración e a diversificación de experiencias en torno á natureza, á sociedade e ó propio corpo.
- Comprensión da realidade a través dos conceptos e vivencias lóxico-matemáticas.
- Maduración da afectividade e afianzamento do equilibrio emocional e da sociabilidade do neno.

1.6.1.- AREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL

- Que o neno-a se identifique como un ser humano diferente ós demais e que recoñeza as principais partes do seu corpo.
- Que o neno-a recoñeza ás persoas que forman parte do seu grupo familiar e escolar.
- Que faga desprazamentos polo espazo de maneira autónoma.
- Que teña unha actitude positiva cara a realización de tarefas habituais demandando axuda en aquelas que non poida desenvolver só.
- Que atribua algunha significación ó que vai descubrindo no seu contorno, coñecendo os espazos onde se desenvolve a súa actividade.
- Que xogue coas mans e con materiais manipulativos para conseguir un afinamento que lle permita a realización de sinxelas tarefas.

1.6.2.- AREA DO MEDIO FÍSICO E SOCIAL

- Que identifique os lugares onde se desenvolve (casa, escola) os obxectos e persoas con quen comparte a súa vida.
- Que coñeza e respete as normas mínimas de relación na vida familiar e escolar.
- Que coñeza o seu contorno próximo identificando os elementos básicos que o compoñen (auga, terra, sol).
- Que recoñeza e valore a correcta realización das tarefas que se lle encomendan.
- Que identifique as variacións climáticas (chuvia, sol, frío, calor...).
- Que recoñeza as necesidades e coidados básicos que precisan os animais e as plantas do seu entorno.
- Que participe na limpeza, conservación e ornamentación dos espazos e materiais que usan habitualmente.
- Que verbalicen as súas accións e experiencias mediante mensaxes cada vez mais comprensibles.

1.6.3.- AREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Que empreguen a palabra para pedir, expresar, saúdar, nomear...
- Que comprenda e preste atención ás mensaxes orais dos outros.
- Que amose unha actitude de escoita ás mensaxes que recibe dos outros.
- Que exprese de forma corporal e oral as emocións das súas experiencias vividas.
- Que acompañe co xesto manifestacións orais (ledicia, tristura...).
- Que descubra as propias posibilidades de expresión a través da expresión oral, corporal e plástica.
- Que amose interese pola aprendizaxe de cantigas e poesías sinxelas.
- Que preste atención á narración de sinxelos relatos.
- Que estableza relacións gratificantes cos adultos e cos seus iguais.
- Que recoñeza algunha cualidade dos obxectos relacionada co tamaño e coa cor.

1.7.- OBXECTIVOS XERAIS DAS ÁREAS EXPRESADOS EN CAPACIDADES NOS BLOQUES DE CONTIDOS.

1.7.1.- ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL.

Bloque 1: Concienciación de sí mesmo.

Obxectivos:

1.1.- Descubrir e acepta-las características persoais para a adquisición dunha autoimaxe positiva, a valoración persoal e o progresivo desenvolvemento das propias capacidades.

2.2.- Posuir unha actitude de respecto para as características e cualidades doutras persoas, sen actitudes de discriminación en relación co sexo ou calquera outra diferenza.

Bloque 2: Coordenadas espacio-temporais.

Obxectivos:

2.1.- Avanzar no dominio da motricidade xeral de implicacións rítmicas, tónicas e de equilibrio estático e dinámico que lle permitan unha conducta espacial autónoma, así como a execución de tarefas da vida cotiá e de actividades de xogo.

2.2.- Iniciar o recoñecemento do seu propio espazo a fin de organizalos seus propios movementos para xogar e crear grupalmente en espazos compartidos.

2.3.- Progresar na motricidade fina e a coordinación viso-manual para o manexo de obxectos, a realización de actividades e de tarefas relacionadas coas distintas formas de representación.

Bloque 3: Hixiene e saúde corporal e mental.

Obxectivos:

3.1.- Adquirir actitudes e hábitos relacionados co benestar e a seguridade persoais, a hixiene e o fortalecemento da saúde; así como a adquisición de hábitos de orde, constancia e organización referidos á realización de diversas tarefas.

1.7.2.- ÁREA DO MEDIO FÍSICO E SOCIAL.

Bloque 1: Contorno social.

Obxectivos:

1.1.- Descubrir, coñecer e comprender paulatinamente o contorno físico e as entidades sociais onde se desenvolve a vida cotiá.

1.2.- Coñecer e utilizar adecuadamente as regras de convivencia usuais nos distintos grupos de relación, adecuando o seu rol ás persoas de referencia, lugares e situacións, evitando a adopción de actitudes de sumisión ou de dominio e desenvolvendo actitudes e hábitos de axuda, colaboración e cooperación.

Bloque 2: Contorno natural.

Obxectivos:

2.1.- Coñecer activamente o contorno natural e cultural territoriais e progresar no desenvolvemento de actitudes positivas relacionadas coa curiosidade, respecto e conservación do mesmo.

Bloque 3: Os seres vivos.

Obxectivos:

3.1.- Diferenciar e descubrir de forma discriminada sobre as necesidades de coidados de plantas, animais e contornos naturais e decatarse da súa beleza intrínseca como seres vivos.

Bloque 4: Contornos artificiais.

Obxectivos:

4.1.- Facer uso adecuado de xogos, instrumentos, ferramentas e pequenas máquinas.

1.7.3.- ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Bloque 1: Expresión corporal.

Obxectivos:

1.1.- Incorporar progresivamente a palabra ó xogo da comunicación, expresando de forma oral sentimentos, desexos e ideas.

1.2.- Expresarse de maneira axustada á mensaxe que se quere emitir, ós receptores e ó concepto.

1.3.- Asocia-lo xesto á palabra, tentando que haxa coherencia entre ámbalas dúas formas de expresión.

1.4.- Descubrir formas de representación non verbal e utilízalas para reforza-lo significado das súas emisións non orais.

Bloque 2: Expresión oral.

Obxectivos:

2.1.- Comprende-las mensaxes orais e verbais dos outros nenos e dos adultos, valorando a linguaxe oral como medio de relación cos demais.

2.2.- Interesarse e apreciar-las producións propias en relación á comunicación consigo mesmo e cos demais.

Bloque 3: Aproximación á lecto-escritura.

Obxectivos:

3.1.- Comprender, reproducir e recrear algúns textos da tradición cultural, amosando actitudes de valoración, desfrute e interese cara eles.

3.2.- Interesarse pola linguaxe escrita e valorala como instrumento de información e desfrute e como medio de comunicación de desexos, emocións e informacións.

3.3.- Interpretar e producir imaxes como forma de información e desfrute, descubriendo e identificando os elementos básicos da súa linguaxe.

Bloque 4: Expresión plástica.

Obxectivos:

4.1.- Avanzar no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.

4.2.- Avanzar na diferenciación do mundo real e do mundo imaxinario.

4.3.- Comprender e valora-las obras artísticas do seu contorno para a súa aproximación ó mundo cultural ó que pertencen.

Bloque 5: Expresión rítmico-musical.

Obxectivos:

5.1.- Evocar e representar a través do xogo simbólico situacións coñecidas ou imaxinadas.

5.2.- Utiliza-los distintos recursos que conforman o aspecto de código das linguaxes expresivas coa finalidade de aumenta-las propias posibilidades de expresión.

Bloque 6: Expresión matemática.

Obxectivos:

6.1.- Utilizar un nivel moi elemental nas posibilidades da forma de representación matemática para describir algúns obxectos e situacións do contorno, as súas características e propiedades e algunhas accións que poden realizarse sobre eles, prestando atención ós resultados obtidos, como cuantificación, medición, clasificación, ordenación, correspondencias...

1.8.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

1.8.1.- ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL.

Bloque 1: Concienciación de sí mesmo.

Feitos e conceptos:

1.1.- O Corpo.

O corpo, medio de relación co mundo que o rodea. As súas accións do corpo cos obxectos e cos demais. O seu corpo e o dos demais.

Segmentos Corporais. Partes e elementos corporais.

Cabeza: pelo (cor do pelo, tamaño, características: rizo, liso...), Cara (fronte, meixelas, ollos, cellas, nariz, boca, labios, dentes, lingua, queixo, orellas, etc.), pescozo, peito, costas, barriga, brazos (ombreiros, cóbado, pulso, mans, pés, dedos, uñas), nádegas, pene, vulva, pernas (xeonllos, nortellos, pés, dedos, uñas).

Representación mental do corpo na súa globalidade.

A senso percepción. Os sentidos.

Necesidades básicas do corpo: fame, sede, sono, hixiene...

Concienciación das propias reaccións: patalexas, alegría...

Autoimaxe.

1.2.- Características diferenciais dos individuos: sexo, cor da pel, do pelo, altura...

Procedementos:

1.1.- Identificación do propio corpo a partir de accións espaciais.

- Recoñecemento da dificultade postural en situacións de equilibrio.
- Percepción da musculatura en situacións de tensión-distensión.
- Debuxo do corpo coas súas partes fundamentais: cabeza, tronco, brazos e pernas.
- Recoñecemento dos segmentos corporais a partir da súa acción cos espazos, cos obxectos e cos demais.

- Recoñecemento dos diferentes segmentos corporais, a través dos desprazamentos, mediante a utilización de estratexias para atrapar e transportar obxectos por medio de diferentes partes do corpo.
- Tensión-distensión de cada un dos segmentos en situacións lúdico-corporais cos espazos, cos obxectos e cos demais.
- Diferenciación de cada un dos segmentos e partes corporais a partir do seu contacto e acción cos demais.
- Identificación de percepcións visuais, auditivas e gustativas.
- Percepcións dos cambios que se producen co paso do tempo.
- Percepcións olfativas e tactís.
- Control progresivo dos sentimentos, emocións e preferencias, (control de manifestacións emocionais violentas e control de sentimentos inhibidores como a envexa, celos...).

1.2.- Recoñecemento das súas características persoais e das dos demais.

Actitudes, valores e normas:

1.1.- Aceptación e valoración da propia identidade física, sexual, dos seus propios logros...

- Interese por conseguir novos logros e esforzo por vence-las dificultades, evitando a frustración.

1.2.- Recoñecemento das características persoais e das dos demais.

- Actitude non discriminatoria cara o outro sexo, variedade lingüística, cultural ou racial, maneira de ser, expresar ou sentir, etc.

Bloque 2: Hixiene e saúde corporal e mental.

Feitos e conceptos:

2.1.- Benestar persoal, de saúde e de limpeza dun mesmo e do contorno.

2.2.- Os sentidos e os seus coidados necesarios.

2.3.- Alimentación e saúde e as súas normas básicas.

2.4.- Hixiene persoal, aseo.

2.5.- Benestar persoal derivado do equilibrio entre a emisión e a percepción mental.

Procedementos:

2.1.- Coidado do contorno inmediato como escola, rúas, prazas...

- Uso de obxectos que contribúan a manter limpos eses lugares.

2.2.- Uso de prendas froxas e axeitadas.

- Diferenciar entre o aire puro e os ambientes viciados.
- Gusto pola luz natural.

2.3.- Elección dos alimentos con hábitos hixiénicos, identificalos, recoñemento da súa necesidade...

- Hábitos hixiénico-alimentarios relacionados co acto de comer.

2.4.- Uso moderado na elección de actividades de ocio.

Actitudes, valores e normas:

2.1.- Agrado ante a orde e a limpeza, valorando a estética. Aceptación das normas cívicas de convivencia e de respecto á natureza.

2.2.- Gusto polos sons, diferenciándoos e disfrutando coa audición.

- Gusto pola respiración profunda.
- Interese polo descubrimento de variadas sensacións tactís.

2.3.- Gusto polos alimentos sans e naturais e aprecia-las súas cualidades.

2.4.- Valora-la limpeza persoal.

- Gusto por adquiri-los hábitos de aseo persoal.
- Gusto pola limpeza e orde da súa roupa.

2.5.- Interese polas informacións e xogos que lle aportan os medios de comunicación.

1.8.2.- ÁREA DO MEDIO FÍSICO E SOCIAL.

1.- Contorno Social.

Feitos e conceptos:

1.1.- Relacións de parentesco: pai, nai, irmáns, fillos, avós, tíos, curmáns...

- Elementos e obxectos de uso cotián presentes na vivenda.

1.2.- Ubicación e funcionalidade dos mobles e obxectos da vivenda.

1.3.- Persoas do contorno escolar: profesores/as, nenos/as...

1.4.- A clase.

1.5.- Obxectos de uso exclusivo da escola.

1.6.- Contorno físico onde viven: barrio, veciños...

Procedementos:

1.1.- Participación activa na vida escolar.

1.2.- Observación de obxectos e mobles na casa e na escola e a súa localización.

1.3.- Utilización de obxectos de uso cotián nos ámbitos escolar e familiar.

1.4.- Situación temporal das accións que desenvolve ó longo da xornada.

1.5.- Colaboración co adulto na preparación de actividades.

Actitudes, valores e normas:

1.1.- Actitude de respecto polos adultos que os atenden.

1.2.- Actitude de respecto, escoita e diálogo.

1.3.- Interese cara o cumprimento das normas.

1.4.- Actitude de compañeirismo, xenerosidade e de compartimento de xogos e materiais.

1.5.- Satisfacción pola ornamentación, coidado e conservación dos obxectos comúns e do contorno escolar.

1.6.- Valoración da súa familia.

1.7.- Aceptación de pequenas responsabilidades familiares e escolares.

2.- Contorno Natural.

Feitos e conceptos:

2.1.- Elementos e forzas da natureza: luz, cor, escuridade, sol, auga, mar, ríos, fontes, aire, terra, lume...

2.2.- Variacións climatolóxicas.

Procedementos:

2.1.- A necesidade de adecua-la actividade e as prendas de vestir ás circunstancias de cada estación.

2.2.- Discriminación da cor dos obxectos.

2.3.- Identificación das sensacións que producen os contactos coa auga, co aire e coa terra.

2.4.- Observación das fontes de auga naturais: doce, salgada.

2.5.- Discriminación entre a utilidade do lume e os seus perigos.

2.6.- Observación da forza do vento e os seus efectos.

2.7.- Identificación das variacións climatolóxicas a través da observación.

Actitudes, valores e normas:

2.1.- Gusto e disfrute da luz e calor do sol e do lume.

2.2.- Disfrute das posibilidades lúdicas que ofrece a auga, o vento e o chan.

2.3.- Gusto polos paseos e actividades ó aire libre.

2.4.- Gusto polas sensacións que produce a paisaxe.

2.5.- Valoración da necesidade de tomar precaucións ante as fontes de perigo.

2.6.- Valoración dos elementos como medios nos que se desenvolve a vida e a necesidade de mantelos limpos.

3.- Os Seres Vivos.

Feitos e conceptos:

3.1.- Características e necesidades comúns a todos os seres vivos.

3.2.- Os animais: de qué se alimentan convivencia cos outros animais, cómo se reproducen, cómo se desprazan, relacións co ser humano...

3.3.- Os vexetais: plantas e árbores ornamentais, silvestres, cultivadas...

Procedementos:

- 3.1.- Observación de animais do seu contorno.
- 3.2.- Imita-los desprazamentos dos animais.
- 3.3.- Identifica-los animais polas súas semellanzas.
- 3.4.- Observación dos animais do seu contorno.
- 3.5.- Observación da cría dalgún animal na escola.
- 3.6.- Observación das modificacións que se producen na paisaxe vexetal ó longo do ano.
- 3.7.- Observación directa dunha granxa e un invernadeiro.
- 3.8.- Observación do ciclo vital dunha planta mediante a sementeira feita na escola.

Actitudes, valores e normas:

- 3.1.- Actitude de coidado e limpeza de animais e plantas.
- 3.2.- Disfrute coa elaboración na escola de sinxelas receitas de cociña a partir de ingredientes de orixe vexetal e animal.
- 3.3.- Curiosidade por coñece-la orixe dos alimentos que él consume.
- 3.4.- Gusto por explora-lo contorno.
- 3.5.- Interese por adquirir responsabilidades relacionadas co coidado das plantas e dos animais.

4.- Contornos artificiais.

Feitos e conceptos:

- 4.1.- Variantes das construcións: rural, urbano, casa, piso...
- 4.2.- Medios de locomoción e transporte.
- 4.3.- Medios de comunicación: carteis, periódicos, revistas, radio, televisión...

Procedementos:

- 4.1.- Utilización dos medios de comunicación para captar información recomendada á idade dos pequenos.
- 4.2.- Identificación das principais características dos obxectos.

4.3.- Localización dos obxectos na clase.

4.4.- Observación da aldea onde vive.

4.5.- Identificación dos medios de locomoción máis próximos.

4.6.- Diferenciación dos medios de transporte públicos e os utilizados pola familia para uso privado.

4.7.- Recoñecemento do significado das moedas no mercado e a utilización para pequenas compras.

Actitudes, valores e normas:

4.1.- Interese pola elaboración de obxectos feitos por él mesmo.

4.2.- Actitude crítica ante determinados comportamentos humanos que poñen en perigo a vida vexetal e animal.

4.3.- Respeto ás normas de comportamento nos transportes públicos.

4.4.- Interese polo coñecemento das principais señais de tráfico.

4.5.- Curiosidade ante as novas que se lle achegan e interese por coñecer tódolos detalles.

1.8.3.- ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Expresión oral.

Feitos e conceptos:

1.1.- A linguaxe oral como medio de expresión e comunicación.

1.2.- Estructura e normas lingüísticas.

1.3.- A palabra para expresar e comunicar ideas, desexos e sentimentos.

1.4.- Cultura oral do grupo social: cancións, poesías, lendas, contos...

Procedementos:

1.1.- Comprensión e interpretación das mensaxes e sinais comunicativos dos adultos e dos outros nenos.

1.2.- Articulación correcta de sons e palabras.

1.3.- Dominio progresivo da linguaxe oral, comprensión de sinxelas ordes e comunicación con persoas da comunidade escolar e extraescolar.

1.4.- Participación en conversas colectivas.

1.5.- Utilización axeitada de xestos, entoación e expresión facial.

1.6.- Expresión e narración de feitos ou situacións vividas ou imaxinadas con certa coherencia.

1.7.- Utilización axeitada de diversas frases: enunciativas, interrogativas, exclamativas...

1.8.- Producción de textos sinxelos: pareados, adiviñas, cancións.

Actitudes, valores e normas:

1.1.- Valoración da lingua falada nas relacións cos demais.

1.2.- Interese pola comprensión das mensaxes dos outros e valoración da información que lle brindan.

1.3.- Interese pola comprensión de novas palabras.

1.4.- Interese pola escoita e comprensión de contos.

1.5.- Actitude de escoita e respecto ós demais nos momentos comunicativos.

1.6.- Interese por producir mensaxes polo simple pracer de producilos ou destinados a transmitir información.

1.7.- Disfrute coa reprodución de manifestacións orais de carácter popular.

Bloque 2: Aproximación á Lecto-escritura.

Feitos e conceptos:

2.1.- Representación do propio esquema coa imaxe interiorizada do propio corpo.

2.2.- Ton muscular (músculos, tensar ou afroxar), eixe corporal (esquerda, dereita, diante, detrás), coordenadas espacio temporais (rápido, lento).

2.3.- Coordinación óculo-manual, a man ten que reproducir o que o ollo ve.

2.4.- Ritmo.

2.5.- A lingua escrita como medio de disfrute. O libro (portada, contraportada, follas, imaxes, frases...). A lingua escrita como medio de expresión e comunicación (garabatos, grafismos, pictogramas...).

2.6.- Significado de signos e palabras (palabras escritas moi concretas, que establezan a normativa da clase e signos establecidos polo grupo a través de pictogramas.

Procedementos:

2.1.- Destreza das mans e dos dedos para a utilización de obxectos que existen certa precisión para a súa utilización.

2.2.- Uso correcto de lápices, rotuladores, etc. Pola súa postura.

2.3.- Direccionalidade esquerda-dereita na lectura e na escritura de frases que fai o adulto.

2.4.- Identificación visual de formas, cores, espacios e distancias.

2.5.- Identificación e reprodución da liña recta e curva en diferentes planos.

2.6.- Escoita, comprensión e lectura das diferentes imaxes de contos e narracións lidas polo adulto.

2.7.- Decodificación de mensaxes e expresión do seu significado.

Actitudes, valores e normas:

2.1.- Interese polas mensaxes dos contos, ben sexan de imaxes ou combinacións de imaxes e textos curtos.

2.2.- Interese pola interpretación de símbolos presentes na escola que lle faciliten información sobre normas e ordes.

2.3.- Gusto polo manexo autónomo de libros e actitude de coidado e conservación dos libros.

2.4.- Interese polo recoñecemento e lectura de imaxes que lle ofrecen os medios de comunicación e de aquelas frases que acompañan ós carteis publicitarios.

Bloque 3: Expresión plástica.

Feitos e conceptos:

3.1.- A luz e a cor, cores, formas.

3.2.- As producións plásticas: barro, plastilina, pinturas, debuxos, collages...

3.3.- Materiais específicos e inespecíficos de uso plástico: barro, plastilina, ceras, pinturas, papeis, pinceis, caixas, tubos, botellas, cintas, palillos, cordas, lá, chapas, alimentos...

3.4.- Vocabulario plástico: modelar, pintar, debuxar, mesturar, remexer, gotear, soprar...

3.5.- As obras de arte: esculturas, pinturas...

Procedementos:

3.1.- Identificación de sensacións:

Visuais: - Imaxes visuais relacionadas con obxectos coñecidos.

- Cambios de tonalidade dos obxectos.

Tactís: - Texturas, temperaturas.

- Forma, elasticidade.

Olfativas: - Olores de pinturas, materiais específicos.

Auditivas: - Creacións plásticas a partir de audicións.

- Creacións plásticas simultáneas á audición de sons e melodías.

Gustativas: - Incorporación de alimentos ás súas creacións plásticas.

3.2.- Discriminación sensorio-perceptiva de cores, formas, imaxes e contrastes.

3.3.- Percepción de tonalidades e matices: fabricación de novas cores.

3.4.- Discriminación viso-táctil de formas.

3.5.- Discriminación visual de cores.

3.6.- Producións plásticas espontáneas ou expresivas e comunicación nas producións.

3.7.- Emprego de utensilios plásticos e afinamento do movemento preciso nas producións.

3.8.- Exploración e utilización de materias e materiais específicos e inespecíficos para as realizacións plásticas.

3.9.- Utilización do vocabulario plástico básico.

3.10.- Percepción das obras de arte do entorno.

Actitudes, valores e normas:

3.1.- Gusto pola observación e descubrimento do mundo que se presenta ante os nenos.

3.2.- Decisión e confianza cara a expresión creativa, sincera e espontánea da realidade interior.

Disfrute coa expresión creativa.

Valoración das propias produccions.

3.3.- Gusto pola expresión de vivencias a través de creacións plásticas.

3.4.- Interese e respecto ante as creacións dos demais.

3.5.- Hábitos de limpeza e orde.

3.6.- Valoración das obras de arte da zona.

Bloque 4: Expresión rítmico musical

Feitos e conceptos:

4.1.- Sons que se poden escoitar no corpo (respiración, latexos do corazón...).

4.2.- Sons que se poden emitir co corpo (palmexadas, xeonllos, pés, pitos...).

4.3.- Instrumentos musicais (pandeiro, xilófono, tambor, maracas, triángulo...).

4.4.- Cancións e rimas.

Procedementos:

4.1.- Producción de ritmos libres mediante movementos (camiñar, saltar...).

4.2.- Escoita da propia respiración (intensa, tranquila...).

4.3.- Escoita dos latexos do corazón (intensos, tranquilos...).

4.4.- Escoita dos sons da natureza (río, paxaros...).

4.5.- Interpretación de rimas e cancións.

4.6.- Producción de ritmos, combinando golpes coas mans en diferentes superficies.

4.7.- Producción de sinxelos ritmos en instrumentos musicais.

Actitudes, valores e normas:

4.1.- Interese cara a captación dos sons corporais.

4.2.- Interese pola escoita dos sons que lle ofrece o contorno.

4.3.- Interese polo descubrimento da capacidade que ten o corpo para producir sons.

4.4.- Disfrute coas actividades de canto colectivo.

4.5.- Aprecio polas propias producións en instrumentos.

Bloque 5: Expresión matemática.

Feitos e conceptos:

5.1.- Atributos, relacións, semellanza, diferenza, pertenza ou non pertenza dos obxectos.

5.2.- Orientación, direccionalidade e distancias no espazo (arriba, abaixo, sobre, dentro...).

5.3.- Unidades de medida naturais: man, pé, pasos... e arbitrarias.

5.4.- Cuantificadores: todo, nada, pouco, moito, uns, varios...

5.5.- Unidade, cardinais e ordinais, os primeiros números.

5.6.- Formas e figuras xeométricas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo.

Procedementos:

5.1.- Clasificación dos obxectos atendendo a tamaño, forma e cor.

5.2.- Ordenación dos obxectos atendendo ó tamaño, á forma e á intensidade dunha cor.

5.3.- Interpretación e continuación de series combinando tamaño, forma e cor.

5.4.- Observación do lugar que ocupa nas diferentes situacións habituais.

5.5.- Medición de espazos mediante pasos e pes e de obxectos mediante palmos.

5.6.- Situación temporal das súas experiencias.

5.7.- Recoñecemento das regrestas e asociación temario-cor.

5.8.- Recoñecemento e construción de liñas, superficies e figuras xeométricas básicas.

5.9.- Uso de series numéricas para ordenar coleccións de obxectos.

Actividades, valores e normas:

5.1.- Curiosidade ante os obxectos e interese pola súa manipulación.

5.2.- Interese por saber nomea-los atributos dos obxectos: grande-pequeno, cuadrado-redondo, cerca-lonxe, moito-pouco...

5.3.- Interese por atopar respostas axeitadas e orixinais os problemas prácticos da vida escolar.

5.4.- Interese pola ordenación de materiais: tamaño, ubicación no espacio...

É importante conseguir que ó longo desta etapa os nenos vaian coñecendo global e segmentariamente o seu corpo e as súas posibilidades perceptivas, motrices e expresivas, ó tempo que deben ir adquirindo unha coordinación e un control dinámico sobre este. Na construción da propia identidade interveñen a imaxe de sí mesmo e os sentimentos de autoestima.

Así pois, o neno de 3 a 6 anos primeiro recoñecerá a súa imaxe diante dun espello e situará a nivel táctil e verbal: a cabeza, a man, a barriga, o pé, etc.

Posteriormente, localizará as partes máis esenciais: na cabeza (o cabelo, a cara, os ollos, o nariz, a boca, as orellas), no tronco (a barriga, o cu, as partes xenitais), e nas extremidades (as mans, os brazos, os pés e as pernas).

Do mesmo xeito, toma conciencia das posturas corporais (de pé, sentado, deitado...) e iníciase tamén o autocontrol de movementos.

Bloque 6: Psicomotricidade.

A psicomotricidade nestas idades debe basearse nas actividades psicomotoras e no xogo do neno-a xa que neste íntre está estruturando o seu esquema corporal, e coñecéndose a sí mesmo e ós demais en relación cos obxectos, no espacio e no tempo. Neste íntre de desenvolvemento do alumno-a, está a lograr unha estruturación do seu esquema corporal, e é necesario coñecer en que nivel se encontra, tanto polo que se refire o seu desenvolvemento físico coma ás súas competencias motrices.

O coñecemento que o neno adquire acerca do seu corpo e da configuración da súa propia imaxe débese non só ó proceso madurativo, senón tamén a propia actividade do neno, a interacción social e á estimulación e apoio que recibe.

As actividades propostas nas fichas de traballo non se deben tomar ailladamente, como traballo único nun momento dado, senón que se terán en conta a globalización e a interrelación coas outras áreas.

- papel do mestre será básico en todo momento para favorecer a autoestima e a autoconfianza do neno.

Obxetivos da Area.

- Lograr o dominio do equilibrio.
- Lograr o control e máis tarde a eficacia das diversas coordinacións globais e segmentarias.
- Lograr o control da inhibición voluntaria e da respiración.
- Mellorar a organización do esquema corporal e a orientación no espacio.
- Lograr unha correcta estruturación espacio-temporal.
- Mellorar as posibilidades de adaptación ó mundo exterior.

Obxetivos Didácticos.

Responden a un concepto global refiridos a cada un dos bloques de Contidos é que está avalado polos aspectos comúns que manteñen coas outras Areas.

1.- Imaxen e percepción corporal:

Identificar en sí toda-las partes do corpo.

Interiorizar as dimensións corporais.

Recoñecer e utilizar a simetría corporal.

Interiorizar movementos dos membros.

Utilizar unha acción en múltiples situacións.

2.- Coñecemento da actitude e postura:

Coñecer a diferenza entre equilibrio e postura.

Coñecer a diferenza entre equilibrarse un mesmo e equilibrar obxectos.

Interiorizar a postura do corpo en equilibrio.

Utilizar a imaxen corporal para manter posturas.

Utilizar a postura corporal para garantir o equilibrio.

Coñecer as posturas ou posicións máis correntes.

3.- Percepción, organización e representación espacial:

Distinguir algúns matices de distancia e orientación respecto a referencias que están de determinados sitios.

4.- Percepción, organización e representación temporal:

Distinguir determinados matices de velocidade e duración respecto de referencias que se poden ver.

Recoñecer e tomar conciencia da utilización de intervalos para a realización de accións.

Identificar e reproducir ritmos de percusións.

5.- Coordinación óculo-motriz:

Coñecer as posibilidades de usar as mans.

6.- Coordinación locomotriz:

Coñecer as posibilidades de usar as pernas.

Bloques de Contidos.

Os contidos de aprendizaxe, así como as actividades ou experiencias deben interpretarse como medios para conseguir os obxetivos educativos finais.

A este respecto inclúense dentro do bloque de contidos de cada área, os procedementos e actitudes que lle sirven durante o aprendizaxe.

Procedementos:

Actitudes:

1.- Imaxen e percepción corporal

Mover e utilizar partes e elementos do corpo.
Medir espazos co corpo.
Desplazarse de diferentes maneiras.

Confianza no compañeiro.
Aceptación de normas establecidas para o comportamento.
Actitude de colaboración.

2.- Coñecemento de Actitud e Postura

Equilibrarse de diferentes formas e sobre diferentes obxectos.
Manter obxectos en equilibrio.

Actitude de tranquilidade e colaboración.
Aceptación de normas.

3.- Percepción, organización e representación espacial.

Observarse distancias entre un mesmo e referencias, así como recorrer os espazos observados.
Situarse e desplazarse con relación a

Gusto polo orden e a limpeza dos espazos e zonas.
Gusto por levar a cabo actividades útiles.

varios obxectos.

4.- Percepción, organización e representación temporal.

Producir sons; facer recorridos pisando en zoas establecidas previamente.	Aceptación das normas establecidas.
Lanzar ó aire obxectos de diferente peso e forma.	Gusto por desenrolar actividades útiles.
Saltar desde distintas alturas.	Actitude de tranquilidade e colaboración.

5.- Coordinación óculo-motriz

Tocar e golpear obxectos, elementos, aparellos.	Gusto por desenrolar actividades útiles.
Tocar e golpear móbiles que se desplazan.	Aceptación das normas establecidas.
Lanzar obxectos de diferentes tamaños a blancos de certo tamaño.	

6.- Coordinación locomotriz

Correr de diferentes maneiras sobre terreos lisos ou de obstáculos.	Apreciación e valoración das axudas e colaboracións.
Saltar combinando movementos e a diferentes alturas.	Aceptación das normas establecidas.

As Actividades.

Tanto as actividades como as experiencias educativas considerámolas como o procedemento mediante o cal se poden alcanzar os aprendizaxes e obxetivos educativos.

Unha actividade física será tanto máis pedagóxica canto mellor responda a unha necesidade real do alumno e polo tanto máis lle axude a resolver os seus problemas motrices.

Serán preferibles aquelas actividades que poidan ser realizadas por alumnos de distinto nivel de execución e dependan da súa capacidade de interese.

O deseño de actividades motrices debe facerse tendo en conta non soio o estado das estruturas biolóxicas do alumno-a senón tamén o das estruturas cognitivas e o das estruturas afectivas.

Non se debe propoñer ó alumno outras actividades motrices máis complexas ca aquelas que sexa capaz de comprender, según o desenrolo das súas estruturas mentais, xa que, do contrario, realizaríanas soio de forma mimétrica e non se conseguiría a integración real dos movementos.

Relación coas outras Areas.

Os movementos corporales son unha manifestación da globalidade da conducta humana e neles están implicados aspectos profundos da personalidade.

Tamén, os aprendizaxes das nocións básicas de matemáticas, natureza e as estruturas do linguaxe vense favorecidas polas experiencias que obtén cando manipula obxectos e cando se relaciona con eles e cos demais a través dos ensaios permanentes.

A través de diferentes movementos posibilitáselle ó neno, no ximnasio e no patio, que experimente a súa capacidade para asimilar o mundo que o rodea.

1.9.- A AVALIACIÓN

1.9.1.- INTRODUCCIÓN.

Pretendemos levar a cabo unha avaliación de tódolos aspectos relacionados coa educación dos nosos nenos-as.

Por elo, en primeiro lugar avaliaremos as relacións existentes entre a familia do neno-a con nós, as cales terán que ser respetuosas e afectivas.

Neste senso, daremoslle importancia sobre todo á participación da familia na escola. Tamén avaliaremos as relacións entre os nenos-as, fixándonos nas preferencias de amizade de cada neno-na e tentando solventar as diferencias.

Outro apartado será o da relación neno-a/educador-a.

Por outra banda, avaliaremos todo iste traballo que estamos realizando, o proxecto curricular, a secuenciación dos obxectivos, a metodoloxía, o material, e tódolos aspectos para de esta forma cambiar e á vez mellorar todo aquilo que estando sobre o papel non funcione.

Pero, o que debemos resaltar é a avaliación das programacións e das características dos nenos-as a cal se fará da seguinte maneira:

Mediante: Unha avaliación inicial.

 Unha avaliación continua.

 Unha avaliación sumativa.

Avaliación Inicial.

Ó comenzo de curso, teremos a primeira información que virá dada polos familiares do neno-a pero recoñecemos que esta avaliación pode non ser certa completamente.

Seguiremos a avaliación inicial mediante a observación dos primeiros días de curso, que vai acompañada do período de adaptación.

Para realizar esta observación, primeiro terémola planificada, intentando observar o que de verdade nos interesa:

- diseñaremos actividades para que o neno-a pida algo...
- diseñaremos actividades para que sexa autónomo, para que exprese os seus sentimentos.

Avaliación Continua.

Para levala a cabo, utilizaremos diversas técnicas:

Observación: fichas de observación acompañando a cada unidade didáctica.

Entrevistas cos pais: serán preparadas, darlle información do neno-a á vez que se recolle.

Observación diaria.

Avaliación Sumativa.

É a avaliación resultante das observacións e técnicas de avaliación feitas dende o comenzo do curso.


Por último, rexerémonos para avaliar polas seguintes normas:

- Avaliaremos en todo momento (tanto de actividade como de tranquilidade).
- Avaliación individualizada (para axudar a cada neno-a en concreto).
- Avaliaremos as unidades didácticas de maneira coherente cos obxetivos do P.C.C.
- Utilizaremos tódolos recursos de avaliación.

Informarase ós pais trimestralmente dos logros dos seus fillos mediante o seguinte “boletín de notas”:

1.10.- OS PAIS NA ESCOLA: INDICACIÓNS CARA O PROCESO DE ADAPTACIÓN

a miña escola



C. P. de Lobios

VOU Á ESCOLA.

A escola soe ser para os nenos unha primeira experiencia de vida en común.

Supón un enfrentamento có descoñecido e cada neno reacciona diferente ante ésta situación.

A familia debe colaborar co fin de que esa adaptación se produza de forma suave e natural.

Axúdenme a conseguir que ese “vou á escola”, sexa dito con ilusión de quen espera vivir nela, momentos alegres e felices.

INDICACIÓNS PARA O VERÁN; ÓS PAIS:

CONSELLOS:

A continuación dóulles unha serie de suxerencias que deben ter en conta para facilitarlle o comezo desta etapa escolar.

- Deben falarlle ó neno de que van ir á escola, do ben que o van pasar, dos amigos que van ter, e do moito que poderán xogar.
 - Se adoptase unha postura negativa intenten convencelo con paciencia e cariño. Deixénno que expoña as súas ideas e pouco a pouco, vaialle explicando as súas.
 - O primeiro día de escola procuren non andar con presas. Deiten ó seu fillo cedo e levánteno con tempo suficiente para vestilo e darlle de almorzar con calma.
 - Se chora e non quere entrar, deixo ata ó fin. Non o engane dicíndolle que se quedan alí esperando. E, por favor, non se achegen ás portas nin ás ventás, nin permanezan na aula máis tempo de que é preciso.
 - Cando leven os traballos á casa mostren interés, pregunten, expresen a súa satisfacción e anímenlle a melloralos. A súa actitude e comentarios axudarán a reforzar a tarefa educadora.
- As carpetas nas que se envían os traballos á casa, deben entregarse LIMPAS e VALEIRAS ó día seguinte.
- Os nenos teñen que acostumarse a usar os servicios soios.
 - Os mandilóns teñen que abrochalos por diante, deben levar o seu nome e apelidos en sitio visible.
 - Os nenos teñen que aprender a por e quitar o mandilón eles soios, e tamén a abrochar e desabrochar os botóns dos pantalóns, chaquetas, etc.

- Procuren ensinalos a atar os cordóns dos zapatos.
- Recorde a importancia que teñen os hábitos de LIMPEZA E HIXIENE nos seus fillos.
- Non se esqueza de que os nenos teñen que dormir máis horas que os adultos. Déiteos cedo.
- Deixe que o neno participe na preparación do ingreso á escola e que viva con ilusión: ir facer as fotos, mercar a mochila ou material e preparar as súas cousas.

OS PAIS TEÑEN QUE SENTIRSE RESPONSABLES DA EDUCACIÓN DOS SEUS FILLOS.

E RECORDE:

ENVIAR Ó SEU FILLO Á ESCOLA NON DEBE SUPOÑER UNHA LIBERACIÓN SENON UN COMPROMISO.

P.C.C.

EDUCACIÓN PRIMARIA

2.- EDUCACIÓN PRIMARIA:

2.1.- OBXECTIVOS XERAIS.

2.2.- ÁREAS:

2.2.1.- COÑECEMENTO DO MEDIO:

- Introducción.
- Obxectivos xerais de área e de ciclos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.2.- LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.3.- MATEMÁTICAS:

- Obxectivos xerais de área e de ciclos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.4.- LINGUA EXTRANXEIRA: (INGLÉS)

- Metodoloxía.
- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.5.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.2.6.- EDUCACIÓN FÍSICA:

- Introducción.
- Obxectivos xerais.
- Metodoloxía: Criterios de avaliación.

2.2.7.- FORMACIÓN RELIXIOSA:

- Obxectivos xerais.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

2.3.- METODOLOXÍA:

- Orientacións didácticas xerais.
- Orientacións didácticas: Area de Lingua Galega.
- Orientacións didácticas: Area de Lingua Castelá.
- Orientacións didácticas: Area de Educación Artística.
- Orientacións didácticas: Area de Educación Física.
- Orientacións didácticas: Area de Matemáticas.
- Orientacións didácticas: Area de Coñecemento do Medio.
- Orientacións didácticas: Area de Formación Relixiosa.

2.4.- AVALIACIÓN:

- Introducción.
- Criterios xerais sobre a repetición do curso.
- Obxectivos mínimos ou básicos en cada ciclo.

2.1.- OBXETIVOS XERAIS DE PRIMARIA

Os obxetivos xerais expresan as capacidades que ó remate da etapa de Educación Primaria deberán haber conquirido os nosos alumnos.

- 1.- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuir ó seu desenvolvemento mediante o exercicio físico e a práctica de hábitos saudables e de calidade de vida.
- 2.- Actuar e desenvolverse con autonomía na vida cotidián, establecendo relacións equilibradas e constructivas coas demais persoas e sendo consciente das súas propias posibilidades e limitacións.
- 3.- Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptando normas e asumindo responsabilidades.
- 4.- Coñecer as características fundamentais do medio natural e social as súas interrelacións, e contribuir á conservación e mellora do medio ambiente.
- 5.- Coñecer o patrimonio cultural, participar na súa conservación e mellora, e respetar as diversas linguas e culturas.
- 6.- Comprender e producir mensaxes orais e escritos nas linguas galega e castelán, comunicar opinións e sentimentos e ser receptivos ás dos demais, utilizando creativamente os distintos lingoaxes.
- 7.- Identificar e plantexar interrogantes e problemas a partir da súa experiencia, manifestando curiosidade por comprender o mundo que lle rodea.
- 8.- Utilizar na resolución de problemas sinxelos os coñecementos adquiridos, os recursos ó seu alcance e, si fora preciso, a axuda de outras persoas.
- 9.- Manifestar unha actitude favorable hacia o traballo reflexivo e ben feito, valorando a súa utilidade práctica e as súas potencialidades lúdicas e formativas.

2.2.- ÁREAS.

2.2.1.- ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO.

A) INTRODUCCIÓN.

A Área do Medio concíbese como un ámbito de aprendizaxe dende o que se incide na comprensión da realidade que vive o alumno, dende a que se promove o desenvolvemento de actitudes críticas, a potenciación do realismo fronte ó dogmatismo, da flexibilidade e aceptación do distinto, utilizando como recurso o acercamento á realidade diferente no tempo e no espazo.

Trátase de formar persoas que desenvolven a capacidade de coñecer e actuar dende unha perspectiva científica e de interactuar dende un sistema de valores, un espírito responsable e cooperativo.

Estos aspectos determinan a inclusión de materias que proveñen das ciencias sociais e experimentais, e tamén de aportacións relevantes que se presentan hoxe como conxuntos organizados, aínda que o seu rango disciplinar tales como: Educación para o consumo, a Paz, o lecer, Educación ambiental e para a saúde, etc.

Sen embargo, é necesaria una adaptación dos coñecementos ós alumnos desta etapa, que, como ben se sabe, teñen unha visión sincrétizada feitos socio-naturais.

Esta é a razón de que funcione un principio globalizador que organize a área diluindo os perfís das disciplinas que nutren o deseño da mesma.

Entendemos por globalización a búsqueda de conxuntos organizados de coñecementos considerados idóneos para o desenvolvemento cognitivo do alumno favorecedores de actitudes positivas de socialización e que inclúen certa interdisciplinariedade.

Así que a globalización está estreitamente relacionada cunha específica forma metodolóxica de organiza-lo ensino, para facilita-la aprendizaxe e o desenvolvemento do alumno.

B) OBXETIVOS XERAIS DA ÁREA.

- 1.-Comportaránse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal derivados do coñecemento do corpo humano, das súas posibilidades, mostrando unha actitude de aceptación e respecto polas diferencias individuais (idade, sexo, físico, personalidade, etc).
- 2.- Participarán en actividades grupais tendo un comportamento constructivo, responsable e solidario, valorando as aportacións propias e alleas en función dun obxectivo común e respetando os principios básicos do funcionamento democrático. Asimesmo colaborarán na planificación e realización de actividades de grupo, aceptando regras e mantendo actitudes tolerantes e solidarias.
- 3.- Recoñecerán a súa pertenza a grupos sociais con características e rasgos propios, respetando a outros grupos e rexeitando a discriminación. Asimesmo promoverán un sentimento positivo de pertenza a unha nación -a galega, cun patrimonio propio e singular que necesita defensa e conservación-, a un estado e a unha cultura universal.
- 4.- Analizarán e reflexionarán sobre feitos da vida diaria tendo unha actitude crítica diante dos medios de información, así como sobre algunhas intervencións humanas no medio social e cultural (ex. A lingua galega) adoptando posturas de defensa e recuperación de ditos medios.
- 5.- Recoñecerán no medio socio/natural os cambios relacionados co paso do tempo, indagando as relacións de simultaneidade e sucesión, aplicando os conceptos a outros tempos históricos.
- 6.- Comprenderán o presente descubrindo a importancia do pasado, interpretando feitos, establecendo relacións e entendendo os cambios.
- 7.- Comprenderán a situación actual galega a partir dos coñecementos adquiridos analisando a realidade.
- 8.- Identificarán os principais elementos do medio socio/natural, analizarán as súas características, a súa organización, establecerán relacións entendendo os cambios.
- 9.- Identificarán, formularán e resolverán problemas relacionándoos cos elementos significativos do seu entorno, explorando, formulando hipóteses e comprobándoas.
- 10.- Construirán aparatos cunha finalidade previamente establecida, tendo en conta as propiedades elementais dalgúns problemas.
- 11.- Identificarán algúns recursos tecnolóxicos no medio e valorarán que contribúen a satisfacer necesidades humanas.

Obxetivos do Primeiro Ciclo.

- 1.- Comenzarán a recoñecer a necesidade do coidado corporal e aceptar a necesidade dalgúns hábitos de saúde e hixiene.
- 2.- Desenvolverán a súa autonomía persoal e daránse de conta das súas posibilidades e limitacións.
- 3.- Recoñecerán e aprenderán a aceptar as diferencias entre as persoas (idade, sexo e características físicas).
- 4.- Aprenderán a participar en actividades grupais respetando normas sinxelas, facendo as tarefas concretas dunha maneira responsable, aceptando as aportacións dos demais.
- 5.- Recoñecerán a súa pertenza a grupos sociais próximos a el (familia, escola, amigos, barrio) e que teñen unhas características propias.
- 6.- Coñecerán e respetarán as súas normas e formas de organizarse como maneira de desenvolver a súa capacidade de participación e colaboración.
- 7.- Daránse de conta dos impactos positivos e negativos no seu medio próximo a través da observación directa do mesmo.
- 8.- Desenvolverán actitudes relacionadas coa conservación e mellora do seu medio a partir da observación e análise do mesmo.
- 9.- Recoñecerán en si mesmo, na súa familia e na escola os cambios producidos polo paso do tempo para adquirir nocións temporais básicas e aspectos elementais do tempo histórico (duración, sucesión e simultaneidade) referidos ao presente.
- 10.- Identificarán os principais elementos do seu entorno máis próximo que sexan directamente observables, as súas características, modos sinxelos de organización e relacións máis evidentes entre eles.
- 11.- Expresarán estes feitos observados por medio de técnicas sinxelas (medios de expresión que vaian aprendendo, inicio de gráficas, contabilizar frecuencias, etc).
- 12.- Buscarán resposta a problemas sinxelos relacionados con elementos significativos do entorno, recollendo datos, analizándoos e sacando conclusións.
- 13.- Iniciaránse no contacto coa tecnoloxía montando e desmontando aparatos sinxelos, observándoos e analisando para que serven os seus elementos. Asimesmo construírán dispositivos sinxelos empregando ferramentas pouco perigosas.

14.- Identificarán no seu entorno próximo obxectos tecnolóxicos de emprego frecuente.

Obxetivos do Segundo Ciclo.

1.- Seguirán profundizando no coñecemento do seu corpo, identificando e localizando os principais órganos relacionados coas súas funcións; recoñecerán as diferencias individuais entre as persoas; adoptarán hábitos autónomos de saúde e hixiene así como o coñecer a necesidade dunha alimentación equilibrada.

2.- Serán capaces de participar en actividades grupais sabendo que tarefas hai que realizar para conseguir o fin proposto, sabendo asumir responsabilidades.

3.- Ampliarán o coñecemento dos grupos sociais que se manifestan.

4.- Saberán analizar as repercusións da actividade humana no medio a partir de feitos cotiáns.

5.- Avanzarán na comprensión do paso do tempo a través de feitos ligados á súa historia persoal e familiar.

6.- Recoñecerán os principais elementos que configuran o seu entorno socio/natural: comarca. Iniciarán o estudo dos cambios físicos e das relacións existentes entre uns elementos e outros.

7.- Empregarán técnicas relacionadas con todas as áreas para interpretar e expresar distintos aspectos do medio socio/natural.

8.- Empregarán técnicas de recollida sistemática, análise, clasificación de datos e elaboración de conclusións dirixidas polo profesor/a para identificar problemas do seu entorno máis próximo.

9.- Avanzarán no coñecemento dos recursos tecnolóxicos observando e manipulando xoguetes e máquinas sinxelas e saberán empregar ferramentas, asimesmo, para a construción de máquinas semellantes.

Obxetivos Xerais do Terceiro Ciclo.

Serán os mesmos que os propostos nos obxetivos xerais da área.

C) CONTIDOS.

Bloque 1: O ser humano e á saúde.

Primeiro Ciclo:

Conceptos:

- O home e a muller como seres vivos: Semellanzas e diferencias.

- Funcións vitais:

Crecemento: peso, talla e dentición.

Desprazamento.

Relación

Nutrición

- Identificación e localización dos principais órganos e aparatos:

Partes do corpo

Músculos e esqueleto

Órganos dos sentidos

- A saúde:

Hixiene corporal e necesidades:

Aseo

Alimentación

Descanso

Xogo

Posturas adecuadas

- A relación afectiva e sexual entre:

homes-mulleres

nenos-nenas

adultos-nenas

semellanzas e diferencias

observar os propios comportamentos

Procedementos:

- Coñecerse fisicamente a sí mesmo mediante exercicios de exploración a través dos sentidos. Exploración espacial.

- Empregar o espello.

- Explorar o seu corpo fronte aos outros: comparación.
(Ver actividades psicomotrices ou de Educación Física)

- Realizar traballos relativos ao corpo: puzzles, murais, etc.
- Observar alimentos.
- Clasificalos en primarios e elaborados.
- Adquirir usos propios de coidado persoal.
- Realizar actividades relacionadas co coidado das súas propias cousas e as dos demais:

Encargados de material
Encargados da biblioteca
Encargados de lápices
...

Actitudes:

- Adquirir hábitos de limpeza e coidado corporal.
- Ser consciente das diferentes condicións de vida das persoas do entorno.
- Practicar actividades que favorezan a igualdade entre os sexos.
- Aceptar as posibilidades e limitacións propias e as dos demais.

Segundo Ciclo:

Conceptos:

- O home e a muller como seres vivos:
 - Diferencias morfolóxicas entre os sexos.
- Funcións vitais:
 - Crecedemento:
 - Peso
 - Talla
 - Dentición
 - Desprazamento e sentidos: relación co medio.
 - Nutrición
 - Reproducción
- Identificación e localización dos principais órganos e aparatos:
 - Aparato dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
 - Localización dos órganos reprodutores.
- A saúde:

Hixiene e as súas necesidades:

aseo
alimentación
descanso
exercicio físico
xogo
posturas adecuadas

- A relación afectiva e sexual entre as persoas de diferente sexo.

A relación sexual.

Roles sexuais observables no entorno.

Procedementos:

- Pesarse, medirse, facer gráficos cos resultados.
- Empregar técnicas de consulta para localizar os principais órganos.
- Realizar cuestionarios sobre hábitos de hixiene e alimentación. Sacar conclusións.
- Recoñecer os bos hábitos alimenticios na saúde.
- Observar roles sexuais no seu entorno: papel do home, papel da muller.
- Analisar e criticar eses papeis.

Actitudes:

- Adquirir hábitos de limpeza e coidado corporal.
- Ser consciente das diferentes condicións de vida das persoas do entorno.
- Practicar actividades que favorezan a igualdade entre os sexos.
- Aceptar as posibilidades e limitacións propias e as dos demais.
- Darse de conta dos roles sociais da sexualidade que inflúen no propio comportamento e nos das persoas do seu entorno.
- Valorar as actitudes non sexistas.

Terceiro Ciclo:

Conceptos:

- O home e a muller como seres vivos:

Cambios puberais.

- Funcións vitais:

Relación.
Reproducción.
Nutrición:
 dixestión
 circulación
 respiración
 excreción

- Identificación e localización dos principais órganos e aparatos:

Aparato reproductor.
Órganos de relación.

- A saúde:

Os alimentos e as súas características nutritivas.
Prácticas sociais que favorecen e perturban a saúde.

- A relación afectiva e sexual entre as persoas.

- Os roles sexuais observables no entorno.

Procedementos:

- Recollida de información sobre usos e costumes do coidado corporal en épocas e espazos diferentes.
- Analisar distintas prácticas sociais e a súa repercusión sobre a saúde humana (ruidos, presa, etc.).
- Empregar técnicas de consulta para identificar órganos e aparatos.
- Observar roles sexuais: no entorno, nos medios de comunicación.
- Analisar eses roles.

Actitudes:

- Adoptar hábitos de limpeza, de saúde, etc.
- Ser consciente ante a influencia das condicións de vida nas limitacións e carencias físicas.
- Valorar criticamente os factores que favorecen ou entorpecen o desenvolvemento san do corpo.
- Valorar criticamente os aspectos sociais e culturais da sociedade que inflúen na sexualidade.
- Aceptar as limitacións e posibilidades do propio corpo e o dos demais.

Bloque 2: O Medio físico e os Seres Vivos

Primeiro ciclo:

Conceptos:

- Aire e auga: principais características:

A auga: estados.

Iniciar o ciclo da auga experimentalmente.

Utilización polo ser humano.

- O universo:

Os días e as noites.

As estacións.

- Características básicas das principais plantas e animais do entorno:

Características do mundo animal:

nutrición

reproducción

desprazamento

...

Características das plantas e árbores do entorno máis próximo.

- Relación entre os seres vivos:

Relación do ser humano cos animais e co mundo vexetal.

- Factores e actividades humanas que degradan o medio físico:

Perigo que supoñen algúns actos humanos para os seres vivos.

Procedementos:

- Observar e clasificar, segundo diversos atributos, as rochas e minerais do seu entorno máis próximo.

- Observar diariamente o tempo tendo en conta a variable de estado do ceo.

- Facer resumes estadísticos ao cabo do mes. Gardalos para a final de curso poder facer un estudio de todos os meses.

- Observacións a longo prazo do ciclo vital de determinadas plantas: bulbos, xudías, etc.

- Observación a longo prazo das árbores do patio da escola.

- Observacións puntuais de distintos animais que poden aportar os nenos.
- Comparar os animais segundo diversos criterios, despois de feitas as observacións.
- Observar mediante distintos experimentos os estados da auga.

Ex: Observar como un cubo de xelo se derrete.

Como se evapora a auga deixándoa durante varios días sobre o radiador ou na clase.

- Experimentar co aire:

Cazar aire nunha bolsa de plástico.

Encher e vaciar globos.

Sentir que o aire sae por unha xeringa cando movemos o émbolo.

- Conversar ante láminas, fotografías, gravados sobre as accións humanas nocivas para os seres vivos.

Actitudes:

- Valorar a conservación do medio físico máis próximo.
- Interesarse pola observación de elementos do medio físico.
- Apreciar a precisión na expresión dos mesmos.
- Valorar a importancia da auga.
- Interesarse pola observación a través de todos os sentidos dos cambios que se producen.

Segundo Ciclo:

Conceptos:

- Rochas e minerais presentes en Galicia:

Observar rochas e minerais do seu entorno:

granito

pizarra

cuarcitas

- Aire e auga: principais características:

Comprobar a presenza do aire.

O tempo atmosférico.

Estados e ciclo da auga.

A auga na natureza.

- O universo:

O sol, a lúa, a terra.
Orientación e puntos cardinais.

- Características básicas das principais plantas e animais do entorno:

Diferencias entre animais e plantas.
Formas de reprodución e alimentación.

- Relación entre os seres vivos:

Importancia dos animais e plantas para o ser humano.

- Factores e actividades humanas que degradan o medio físico:

Actos humanos que alteran o equilibrio da natureza.

Procedementos:

- Recollida de plantas sen alterar o medio.
- Observacións puntuais desas plantas e clasificación segundo diversos criterios.
- Observación a longo prazo da vida dunha planta. Anotar para ter unha visión global.
- Observar animais do entorno, analizar semellanzas e diferencias e clasificar segundo diversos criterios.
- Recollida de datos climáticos e iniciarse na elaboración de gráficas de temperatura.
- Iniciarse no manexo de instrumentos sinxelos para a observación da medida do tempo atmosférico (temperatura, precipitacións).
- Realizar algunhas experiencias para estudar algunhas propiedades do aire, da auga.
- Empregar técnicas de recollida de rochas (etiquetado...).
- Iniciarse a comprender o plano e o medio físico a partir da elaboración de maquetas, mapas en relevo.
- Orientación no espazo en relación a elementos fixos nel.
- Observar a traxectoria do sol e desprazamento da sombra dos obxectos.

- Manexo de aparatos sinxelos para observar o ceo (prismáticos, etc.).

Actitudes:

- Valorar a conservación do medio físico.
- Mostrar interese polas observacións sistemáticas dos elementos do medio físico.
- Valorar a precisión na expresión desas observacións.
- Manifestarse sensible ante os cambios que se producen no medio.

Terceiro Ciclo:

Conceptos:

- Rochas e minerais presentes en Galicia:
 - Tipos de rochas.
 - Introducción das propiedades (brillo, cor...).
 - O solo, características observables.
- Aire e auga: principais características:
 - Peso do aire.
 - Fenómenos atmosféricos.
 - A auga nos seres vivos.
 - A auga, principais características e usos.
- O universo:
 - Movementos da terra e da lúa e as súas consecuencias.
- Características básicas das principais plantas e animais do entorno:
 - Diferencias entre animais e plantas.
 - Morfoloxía e funcións das plantas.
- Relación entre os seres vivos:
 - Relacións entre os seres vivos.
 - Importancia dos animais e das plantas para as persoas.
- Factores e actividades humanas que degradan o medio físico:
 - Actos humanos que alteran o medio físico.

Procedementos:

- Inferir o comportamento de determinados cambios no ecosistema (plantas, animais). Desequilibrios no mesmo.
- Elaborar e interpretar gráficas de temperatura e datos climáticos.
- Manexo de instrumentos para observar a medida do tempo atmosférico.
- Emprego de técnicas de recollida e clasificación de rochas e minerais.
- Emprego de técnicas de interpretación e consulta de mapas físicos.
- Empregar técnicas para orientarse mediante a observación dos elementos do medio físico e brúxula.
- Manexar aparatos sinxelos para observar o ceo (prismáticos).
- Recollida de flores: observación.
- Relacionar animais co que lles reportan ás persoas.

Actitudes:

- Valorar e respetar a conservación do medio físico en xeral.
- Manifestar gusto pola precisión e o rigor na observación sistemática e na comunicación correspondente.
- Manifestar sensibilidade ante os cambios que se producen nese medio.

Bloque 3: Os materiais e as suas propiedades

Primeiro Ciclo.

Conceptos:

- Materiais máis habituais na vida cotián (sólidos, líquidos, gases).
Características percibidas: cor, textura, peso, etc.
Semellanzas e diferencias.
- Mezclas heteroxéneas e homoxéneas de substancias de uso cotián.
- Cambios que se producen nos obxectos de forma natural ou no emprego cotián.
- Comportamento observable dos materiais ante a luz, o sonido, a calor.
- Propiedades observables e uso dos materiais máis frecuentes (papel, madeira, plástico, metal...).
- Ferramentas habituais para traballar con eses materiais.

Procedementos:

- Identificar e clasificar materiais polo uso que se lles da.
- Observar semellanzas e diferencias e o seu comportamento ante a luz, o son e a calor.
- Empregar ferramentas sinxelas adecuadas ao seu desenvolvemento para manipularlos:

Ex: Facer serrín con lixa e unha madeira.
Facer virutas con coitelo e madeira.
Comparar.
Queimar serrín, ¿Qué queda?
Culleriña de plástico, de madeira, de metal, ¿Cal flota? ¿Cal non?
Azucres que se dissolve na auga.
Líquidos que se mezclan e que non se mezclan.

- Ver a necesidade de empregar os materiais adecuados para facer os distintos obxectos.

Actitudes:

- Darse de conta do coidado necesario no uso dos materiais tendo en conta a conservación e a seguridade.
- Interesarse por descubrir as posibilidades dos materiais.

- Ser conscientes dos dereitos dos nenos e nenas para facer de maneira igualitaria calquera tipo de actividade.

Segundo Ciclo.

Conceptos:

- Materiais de uso máis frecuente no seu entorno máis próximo.
- Mezclas homoxéneas e heteroxéneas.
- Cambios nos materiais e as substancias:
 - Fusión, solidificación, evaporación, condensación, ebullición.
- Comportamento destes materiais ante a luz, o son, a calor.
- Empregos deses materiais:
 - Propiedades e usos que posibilitan.
 - Ferramentas adecuadas.
 - Reciclaxe deses materiais.

Procedementos:

- Identificar e clasificar materiais de uso común polas súas propiedades observables.
- Observar o seu comportamento ante a luz, o son, a calor e a humidade.
- Empregar ferramentas sinxelas para manipular os materiais: recortado, pregado, pegado, moldeado, cravado, lixado, pintado, serrado, limado, parafusado.
- Elexir os materiais adecuados para os diferentes traballos.
- Realizar experimentos de mezclas.

Actitudes:

- Actuar con coidado no uso dos materiais tanto para conservalos como por seguridade.
- Interesarse por descubrir as posibilidades dos materiais que se empregan na clase.
- Ser consciente do dereito dos nenos e nenas para realizar de maneira igualitaria calquera tipo de actividade.

Terceiro Ciclo.

Conceptos:

- Materiais: orixe e propiedades.
Sólidos, líquidos, gases: forma, volume, masa.
Idem: textura, cor, dureza, elasticidade, flotabilidade.
- Mezclas homoxéneas e heteroxéneas:
Técnicas de separación, decantación, filtración.
- Cambios nos materiais:
Cambios físicos: fusión, solidificación, evaporación, condensación, ebullición.
Cambios químicos: as combustións.
- Comportamento destes materiais ante a luz, o son e a electricidade.
- Empregos deses materiais:
Propiedades e usos que posibilitan.
Ferramentas adecuadas.
Reciclaxe deses materiais.

Procedementos:

- Explorar e clasificar distintos materiais de emprego común pola súa orixe, propiedades e aplicacións.
- Planificar e realizar experiencias sinxelas para estudio dos materiais e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.
- Empregar ferramentas sinxelas para manipular os materiais.
- Seleccionar os materiais adecuados tendo en conta as súas propiedades para construír algún aparato.
- Realizar experimentos de mezclas.

Actitudes:

- Actuar con coidado no uso dos materiais tanto para conservalos como por seguridade.

- Manifestar curiosidade por descubrir as posibilidades de uso dos materiais e substancias presentes no entorno.
- Rexeitar a división do traballo en función do sexo.

Bloque 4: As paisaxes do mundo

Primeiro Ciclo.

Conceptos:

- Orientación espacial:

Localización no espazo (planos, itinerarios, croquis) do seu entorno máis próximo: clase, entorno da escola.

Distinta organización dos espazos na casa, no colexio, na rúa, no campo.

- Elementos que configuran a paisaxe natural máis próxima:

Aire (tempo que vai: ver tema 2).

Auga.

Terra (plantas que nos rodean, animais que viven connosco, ...).
Ver tema 2.

- Paisaxe rural e urbana.
- Paisaxes galegas: marítimas e interiores.

Procedementos:

- Observar a paisaxe e os elementos que a constitúen.
- Realizar debuxos e apuntes a partir da observación directa da paisaxe.
- Facer estas observacións desde distintos ángulos e comparalos, tanto os seus como os dos seus compañeiros.
- Establecer normas para o respecto do seu espazo natural habitual.
- Coleccionar imaxes das súas aldeas e da cidade.
- Facer comparacións entre ambas imaxes: rural e urbana.
- Coleccionar imaxes de paisaxes marítimas e interiores de Galicia.
- Facer comparacións entre ambas paisaxes.
- Inventariar actividades que se poden realizar para a conservación e mellora do noso entorno natural.

Actitudes:

- Aprender a apreciar a paisaxe e a respetala.

- Sentir interese e curiosidade por coñecer os elementos do entorno máis próximo.
- Adquirir sensibilidade e gusto pola precisión e sentido estético na recollida, elaboración e presentación das informacións relativas á paisaxe.

Segundo Ciclo.

Conceptos:

- Orientación espacial: plano, itinerarios, tendo en conta o barrio e o concello.
- Elementos que configuran a paisaxe natural:
 - O relevo.
 - Os elementos directamente observables do clima
 - Especies máis características da vexetación e da fauna.
 - A auga na configuración da paisaxe.
- Modificacións da paisaxe debido aos asentamentos humanos e ás vías de comunicación.
- A organización do espacio:
 - Criterios administrativos (barrio, vila, cidade, provincia).
 - Criterios físico/naturais (comarca).
- Diversidade de paisaxes dentro da comarca:
 - campo/cidade
 - montaña/chairra
 - zona húmida/zona seca

Procedementos:

- Preparar e realizar observacións da paisaxe e dos elementos que a configuran.
- Confeccionar croquis sinxelos, debuxos e maquetas aproximadas a partir da observación directa da paisaxe.
- Iniciarse na elaboración de planos e mapas.
- Interpretar planos e mapas sinxelos de espazos coñecidos.

- Realizar planos sinxelos de espacios acotados (clase, patio de recreo).
- Iniciarse nas técnicas de recollida de imaxes, sonidos, etc.
- Utilizar técnicas de recollido de imaxes, etc.
- Observar paisaxes desde lugares altos que permitan visións panorámicas.

Actitudes:

- Aprender a coñecer e respetar a paisaxe analisando a acción, tanto individual como colectiva, do home sobre ela.
- Valorar a diversidade de paisaxes de Galicia.
- Adquirir sensibilidade e gusto pola precisión e sentido estético na recollida, elaboración e presentación das informacións relativas á paisaxe.

Terceiro Ciclo.

- Percepción espacial: elementos que configuran a paisaxe natural:

Principais accidentes que configuran o relevo de Galicia e de España.

Diversidade de climas no territorio español.

A auga na paisaxe: ríos, mares e lagos.

Especies máis características da vexetación e da fauna de Galicia e de España.

- Asentamentos humanos e redes de comunicación:

Adaptación e modificación da paisaxe polas persoas.

Principales vías de comunicación da comarca, de Galicia e de España.

Principais poboacións das mesmas.

- Organización do territorio:

Paisaxe rural e urbana.

Comarcas e rexión.

Municipio, provincia, nacionalidade, Estado Español.

- Diversidade de paisaxes de Galicia e de España:

montaña - chaira

rural - urbana

húmda - seca

costa - interior

Procedementos:

- Preparar, realizar e sistematizar observacións da paisaxe e dos elementos que a configuran.
- Confeccionar croquis, maquetas a partir da observación directa da paisaxe.
- Elaborar e interpretar mapas e planos sinxelos empregando signos convencionais e aplicar nocións básicas da escala.
- Empregar planos para orientarse e desprazarse no espacio.
- Empregar técnicas de recollida, arquivo e consulta de imaxes, etc.
- Ler e interpretar fotos aéreas correspondentes a espazos coñecidos.

Actitudes:

- Valorar e respetar a conservación da paisaxe vendo as causas e consecuencias do seu posible deterioro.
- Manifestar interese e curiosidade por coñecer os elementos característicos das diferentes paisaxes do territorio español.
- Apreciar a diversidade e riqueza das paisaxes das distintas nacionalidades do territorio español.
- Apreciar a precisión e sentido estético en todos os procesos do traballo.

Bloque 5: A poboación e as actividades humanas.

Primeiro Ciclo.

Conceptos:

- Persoas que viven na casa, no colexio, na rúa do colexio: sexo, idade.
- Profesións máis habituais: na casa, no colexio, na rúa do colexio.
- Traballos das persoas do entorno: de recolección, de transformación, de comercialización.
- Traballos que prestan servicios.
- O traballo doméstico.
- Tempo libre individual, familiar, escolar:
 - Alternativas para o tempo libre.
 - As afeccións persoais.
- Publicidade e consumo.

Procedementos:

- Recoller datos sobre as persoas do seu entorno.
- Posta en común dos datos.
- Clasificar e ordenar os datos, expresando datos de forma numérica e gráfica.
- Reconstruír o proceso seguido por produtos pouco elaborados (leite, froita, pan) desde a súa orixe ata o consumidor.
- Analisar un traballo artesanal: ex. O panadeiro.
- Inventar mensaxes publicitarias.
- Análise dalgún cartel publicitario.
- Participación de todos na preparación das festas do colexio e na planificación do tempo libre (xogo) da aula.

Actitudes:

- Adquirir naturalidade no trato e aceptación das diferencias entre compañeiros.

- Concienciarse do valor do propio traballo e das persoas máis próximas.
- Comprobar a situación de marxinación dalgunhas persoas do entorno inmediato.
- Rexeitamento ante calquera tipo de inxusticia.
- Constatación do emprego familiar e cotián que facemos dos aparatos tecnolóxicos.
- Diferenciar entre consumo necesario e superfluo (papel da publicidade).
- Sentir gusto polas actividades lúdicas do colexio.

Segundo Ciclo.

Conceptos:

- A poboación do barrio ou das familias dos alumnos.
 - Nº de habitantes.
 - Grupos de poboación por sexos.
 - Idade.
 - Profesións.
 - Variacións da poboación: natalidade, mortalidade, migracións.
- Traballos que se realizan:
 - Características e relación co medio físico.
 - Relacións laborais: organización do traballo, salarios, paro.
 - O traballo da muller.
 - O traballo doméstico.

Procedementos:

- Elaborar cuestionarios sinxelos para recoller datos sobre a poboación.
- Construír gráficos de barras a partir dos datos que teñan.
- Recoller titulares de prensa sobre a situación laboral próxima e clasificalos.
- Analisar procesos sinxelos de elaboración dun produto.

- Analisar mensaxes publicitarias producidas por distintos medios e técnicas.
- Participar na planificación das actividades do tempo libre da aula.

Actitudes:

- Aceptar e respetar os diferentes costumes das persoas do noso entorno.
- Valorar a función complementaria dos distintos traballos e profesións.
- Recoñecer as situacións de marxinação.
- Verificar a influencia da tecnoloxía nas condicións de vida familiar.
- Darse de conta da influencia da publicidade nos hábitos de consumo da xente e ser consciente da imaxe que ofrece da muller e do home.
- Valorar o ocio como actividade creativa e de satisfacción persoal.

Terceiro Ciclo.

Conceptos:

- A poboación local: rasgos demográficos.
 - Nº de habitantes, densidade, profesións, etc.
 - Evolución da poboación nos últimos cen anos.
 - Variacións da poboación: natalidade, mortalidade, migracións.
- Traballos e profesións de Galicia:
 - Características e relación co medio físico.
 - Profesións segundo o sexo, idade, ...
 - Relacións laborais: emprego, salario, sindicatos, organización do traballo.
 - A muller no mundo do traballo.
 - Traballos non remunerados: o traballo doméstico.
 - Tecnoloxía no fogar.
 - Atención á infancia e aos anciáns.
- Sectores de produción en Galicia:

Actividades económicas do sector primario, secundario e terciario.

Proceso dalgún produto básico ata que chega ao consumidor.

A publicidade e o consumo dos produtos: Imaxe da muller e do home na publicidade.

Os costes de produción e o precio dos produtos.

- As actividades de ocio como necesidade das persoas.

Procedementos:

- Elaborar e realizar cuestionarios sobre datos da poboación.
- Construír e interpretar gráficas de poboación.
- Localizar no mapa agrupamentos de poboación.
- Recoller sistematicamente e interpretar informacións de diversas fontes.
- Analisar a elaboración dun produto desde que se extrae ata a súa comercialización.
- Analisar mensaxes publicitarias producidas por distintos medios.
- Planificar actividades de ocio.

Actitudes:

- Aceptar e respetar os diferentes costumes das persoas do noso entorno.
- Valorar a función complementaria dos distintos traballos e profesións.
- Recoñecer as situacións de marxinação.
- Verificar a influencia da tecnoloxía nas condicións de vida familiar.
- Darse de conta da influencia da publicidade nos hábitos de consumo da xente e ser consciente da imaxe que ofrece da muller e do home.
- Valorar o ocio como actividade creativa e de satisfacción persoal.

Bloque 6: A organización da sociedade.

Primeiro Ciclo.

Conceptos:

- A vida social:

Organización dos grupos onde vive: casa, escola, rúa.

Intereses individuais e colectivos.

O diálogo.

- Organizacións sociais nas que participa:

A familia: membros, relacións de parentesco, tarefas e responsabilidades de cada membro.

O grupo de iguais: os amigos, os xogos, e as regras.

A escola: membros, tarefas, responsabilidades, dereitos e deberes de alumnos e profesores, as asembleas de clase, etc.

- Dramatizar e simular conflitos que xurden nos grupos sociais nos que participa o neno.

Procedementos:

- Realizar conversacións para poñer en común a forma de organizarse e constitución de cada familia.

- Descubrir quen nos da os nosos apelidos. Que os dos nosos irmáns son iguais que os nosos.

- Analisar por que cada membro da familia realiza tarefas determinadas. Se ten que ser así forzosamente. Papel das mulleres e dos homes.

- Preparar unha enquisa na clase para coñecer a función que fai cada profesor/a da escola. Poñer en común os datos e recollelos nalgún gráfico.

- Facer asembleas:

Cando xurde un problema para resolvelo.

Tomar decisións colectivas ante calquer situación ou traballo de clase.

Para coñecer e analizar as normas de clase e do colexio.

Para facer proxectos que impliquen a toda a clase.

- Participar na organización da clase por grupos de responsables.

Actitudes:

- Actuar responsablemente ante as tarefas que teña encomendadas.
- Aprender a participar na toma de decisións.
- Respetar as decisións tomadas polo grupo.
- Aprender a compartir as cousas cos demais.
- Aprender a ser tolerante cos outros.
- Aprender a valorar o diálogo como medio para entenderse.
- Darse de conta da existencia de dereitos e deberes de cada un e dos demais.

Segundo Ciclo.

Conceptos:

- A vida na sociedade:

A organización social e convivencia no Concello.

Harmonización de intereses individuais e colectivos no Concello.

Cauces de participación e solución de conflitos.

- Organizacións sociais nas que participa o neno:

A casa: forma de organizar o traballo en razón da igualdade de sexos, etc.

Os grupos de iguais.

A escola.

- Organización social:

Organizacións cidadáns.

Organización política e cultural da zona.

Formas de participación democrática.

A administración local e os servizos públicos. Os impostos municipais.

Procedementos:

- Planificar e realizar enquisas para obter información sobre o funcionamento de grupos sociais de ámbito local.
- Realizar asambleas para resolver conflitos e tomar decisións de grupo.
- Participar na planificación de actividades da clase.
- Analisar as diferencias en función do sexo na asignación de tarefas e criticalas.
- Dramatizar e simular conflitos entre grupos sociais.

Actitudes:

- Aprender a participar responsablemente na realización de tarefas en grupo.
- Actuar responsablemente na toma de decisións de grupo.
- Respetar as decisións tomadas a través do diálogo.
- Ser consciente dos seus dereitos e deberes.
- Aprender a ser solidario e tolerante.
- Valorar o diálogo como medio para solucionar problemas.
- Recoñecer o valor e función colectiva do traballo doméstico.

Terceiro Ciclo.

Conceptos:

- 2.7.- Emprego de recursos expresivos: xestos, movementos corporais.

2.8.- Expresión ordeada dos feitos.

3.2.- Lectura de textos sinxelos apoiados na imaxe e nos que apareza unha secuencia lóxica (historietas con retratos e debuxos, a partir de diapositivas).

4.2.- Comprensión de pequenos textos escritos.

5.6.- Produción de unidades con significado (frases, pequenos textos...) con claridade e orde e que satisfagan necesidades de comunicación concretas, vinculadas á actividade cotiá, (anotar para lembrar, deixar recados, notas...).

5.7.- Utilización dalgunhas regras sinxelas de ortografía.

6.4.- Articulación correcta de sons da lingua e as súas agrupacións.

6.5.- Acentuación, pausa, entoación e ritmo na lectura de textos.

6.6.- Anticipación e comprobación das expectativas a partir de elementos coma: título, imaxes e rótulos...

7.2.- Interrelación entre os códigos oral e escrito (correspondencia fonema-grafía e as súas agrupacións, diminución visual das letras do código escrito, relación entre as distintas letras que corresponden a un mesmo fonema, etc.).

ACTITUDES DO PRIMEIRO CICLO.

1. Valoración da lingua oral coma medio para satisfacer as propias necesidades de comunicación.
2. Respeto polas normas do intercambio comunicativo (turno de palabra, escoita...).
3. Curiosidade e interese por comprender e expresarse por escrito.
4. Respeto polas normas máis elementais da escritura (linealidade, separación de palabras...).
5. Tendencia á orde e á limpeza na expresión escrita.
6. Gusto pola lectura.
7. Coidado cos materiais de lectura.
8. Valoración da aprendizaxe da lingua escrita coma medio para comunicarse.
9. Aprecio e gusto por utilizar outros recursos de comunicación (xestos, movemento corporal...) que realzan a linguaxe oral.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.

Conceptos:

- 1.1.- Elementos lingüísticos e non lingüísticos da comunicación oral.
- 1.2.- Textos literarios e non literarios.
- 1.3.- Recoñecemento de textos non literarios sinxelos: pequenas noticias, anuncios, etc.

Procedementos:

- 1.4.- Comprensión dos elementos máis importantes dun texto oral e da relación que existe entre eles.
- 1.5.- Recoñecemento dos elementos absurdos ou cambiados nunha narración.

Conceptos:

- 2.1.- Formas básicas axeitadas ás diversas intencións comunicativas (describir, narrar, pedir e dar información...).
- 2.2.- Variantes da lingua oral no contorno.

Procedementos:

- 2.3.- Expresión ordenada de feitos respetando a secuencia temporal.
- 2.4.- Producción de poemas e contos a partir da análise de textos modelo, atendendo á forma de organización e ó vocabulario específico.
- 2.5.- Utilización da linguaxe oral como instrumento para recoller, organizar e transmitir información.

Conceptos:

- 3.1.- Elementos de comunicación non verbal (imaxe, son, xesto, movemento corporal...).
- 3.2.- Textos que utilizan de forma integrada, sistemas de comunicación non verbal.

Procedementos:

- 3.3.- Comprensión de textos que utilizan articuladamente sistemas de comunicación verbal e non verbal.
- 3.4.- Lectura de textos sinxelos nos que se utilice a linguaxe verbal e outros sistemas de comunicación non verbal (carteis, cómics, programas de radio...).

Conceptos:

- 4.1.- Necesidade e situacións da comunicación escrita no medio habitual.

4.2.- Elementos lingüísticos e non lingüísticos da comunicación escrita: ilustracións, fotos...

Procedementos:

4.3.- Comprensión de textos escritos.

4.4.- Exploración das posibilidades expresivas da lingua escrita a partir da análise e observación de textos modelo.

Conceptos:

5.1.- Formas básicas axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas: narrar, describir, informar, expresar sentimentos.

Procedementos:

5.2.- Narracións breves (apoiadas ou non en imaxes) incidindo na secuencia lóxica narrativa.

5.3.- Resumo de textos escritos.

5.4.- Utilización de textos de apoio no proceso de produción dun texto escrito (diccionario, fichas de consulta, etc...).

5.5.- Producción de textos escritos a partir de modelos e revisión e mellora dos textos producidos.

Conceptos:

6.1.- O texto escrito como fonte de pracer, de información e de aprendizaxe.

6.2.- Textos literarios e non literarios.

6.3.- A biblioteca: funcionamento e uso.

6.4.- Lectura de textos coa axeitada entoación, pronunciación e ritmo.

6.5.- Anticipación e comprobación das expectativas formuladas ó longo do proceso lector a partir de diferentes elementos do texto. (Título, imaxes, rótulos.).

Procedementos:

6.6.- Utilización de distintas fontes de información escrita (biblioteca, folletos...) para satisfacer necesidades concretas de información.

6.7.- Utilización de biblioteca.

Conceptos:

7.1.- Estructuras básicas da lingua (do texto, da oración, da palabra).

7.2.- Palabras e clases de palabras.

7.3.- Familias léxicas e campos semánticos.

7.4.- Sinonimia, antonimia, polisemia.

7.5.- Ortografía da palabra (algunha regra sinxela do b/v, do h, do g/j).

7.6.- Ortografía do discurso e da oración.

Procedementos:

7.7.- Observación das regularidades sintácticas, morfolóxicas e ortográficas nas producións verbais.

7.8.- Construír palabras compostas e derivadas.

7.9.- Busca de palabras distintas cun mesmo significado e contrarias a palabras dadas (sinónimos e contrarios).

7.10.- Comprensión e expresión de prefixos e sufixos usuais.

7.11.- Uso axeitado das formas verbais.

7.12.- Uso do dicionario para a comprensión e expresión de textos orais e escritos.

ACTITUDES DO SEGUNDO CICLO.

1. Valoración da lingua oral coma instrumento para satisfacer as propias necesidades de comunicación e para planificar e organizar tarefas concretas.
2. Respeto polas normas de interacción verbal, nas situacións de comunicación oral.
3. Sensibilidade para captar aqueles elementos creativos e imaxinativos que dan maior expresividade á linguaxe oral.
4. Valoración do texto escrito coma medio de información, de aprendizaxe e coma instrumento para planificar a actividade.
5. Valoración da lectura coma fonte de diversión e aprendizaxe.
6. Interese polo uso da biblioteca e respeto polas normas de utilización.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CICLO.

Conceptos:

- 1.1.- Diálogo, descripción, narración, exposición.
- 1.2.- O texto oral como produto dunha situación social e cultural concreta.
- 1.3.- Textos literarios e non literarios.
- 1.4.- Estructuras propias dos distintos textos.
- 1.5.- Recursos expresivos da linguaxe.

Procedementos:

- 1.6.- Análise e interpretación das ideas en textos orais; elementos esenciais e accesorios, datos obxectivos e opinións, intención do falante, dobre sentido e sentido humorístico.
- 1.7.- Análise, comentario e xuízo persoal de textos orais.

Conceptos:

- 2.1.- Características da comunicación: número de interlocutores, lugar e momento da comunicación, intencións comunicativas e formas axeitadas.
- 2.2.- Estructura do discurso e da oración, entoación e vocabulario axeitado.
- 2.3.- A lingua como instrumento vivo e cambiante da comunicación.
- 2.4.- Variantes da lingua oral. Diversidade lingüística no contorno, no Estado español e no mundo.

Procedementos:

- 2.5.- Uso das normas, recursos e estratexias no intercambio comunicativo.
- 2.6.- Uso do texto oral como medio para planificar experiencias, organiza-la información e comunicar resultados.
- 2.7.- Resumo das ideas máis importantes dun texto, establecendo relacións lóxicas entre elas e respetando a secuencia narrativa.
- 2.8.- Recitación de textos orais con pronunciación, entoación e ritmo axeitados (poemas, romances...).
- 2.9.- Producción de textos orais (narracións, descripcións e explicacións) de forma organizada e expresando as ideas fundamentais.

Conceptos:

- 3.1.- Mensaxes con soporte verbal e non verbal.
- 3.2.- Diferentes medios e formas de comunicación (prensa, radio, televisión, cine...).

3.3.- Relación texto e imaxe.

3.4.- Comprensión de mensaxes que utilizan a linguaxe verbal e outros sistemas de comunicación non verbal.

3.5.- Análise dalgúns elementos formais da linguaxe non verbal (imaxe, cor...).

3.6.- Análise de textos ou carteis, cómicsf, publicidade, etc...

3.7.- Lectura de mensaxes con diferentes finalidades comunicativas e nos que se usan de forma integrada sistemas de comunicación verbal e non verbal: cómics, programas de radio, anuncios publicitarios, carteis...

Conceptos:

4.1.- Relacións entre o código oral e o código escrito.

4.2.- Necesidades de comunicación escrita en diversas situacións (cartas, telegramas...).

4.3.- Elementos de apoio ó texto escrito (ilustracións, fotografías, gráficos...).

Procedementos:

4.4.- Comprensión dos contidos do texto e das relacións entre os diferentes elementos do texto.

4.5.- Análise dos aspectos propios de diferentes textos escritos (contido e forma).

Conceptos:

5.1.- Características da comunicación, intencións comunicativas e formas básicas.

Procedementos:

5.2.- Expresión de ideas, sentimentos, opinións, con claridade e orde.

5.3.- Utilización das regras de ortografía da palabra, a oración e o texto.

5.4.- Adecuación da forma ó significado que se desexa expresar.

5.5.- Narración de acordo á estrutura, de presentación, nó e desenlace e respetando o tempo verbal.

5.6.- Descripción de situacións, persoas, obxectos.

5.7.- Resumo das ideas fundamentais de textos escritos, establecendo relacións entre elas e respetando a secuencia narrativa.

5.8.- Comentario de textos escritos, lidos.

5.9.- Producción de textos escritos (resumos, guións, esquemas, fichas de recollida de información, cuestionarios...) para organiza-la información, planificar experiencias, elaborar alternativas...

5.10.- Producción de textos escritos empregando formas axeitadas a distintas situacións e intencións comunicativas, estruturando as súas partes e utilizando formas elementais que den cohesión ó texto.

5.11.- Utilización do dicionario como instrumento de consulta.

5.12.- Búsqueda de información complementaria que axude á comprensión dun texto.

Conceptos:

6.1.- O texto escrito como fonte de información, de expresión de valores sociais e culturais, de enriquecemento da lectura e como fonte de entretemento.

6.2.- Textos literarios e non literarios.

6.3.- A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

Procedementos:

6.4.- Anticipación e comprobación das expectativas formuladas ó longo do proceso lector a partir de diferentes elementos do texto: título, imaxes, rótulo...

6.5.- Interpretación das ideas explícitas e de mensaxes implícitos e formación dunha opinión persoal sobre o lido.

6.6.- Lectura expresiva (entoación, pausas e ritmo) e lectura silenciosa de textos.

6.7.- Utilización da biblioteca: seccións, ficheiros, regras do préstamo.

Conceptos:

7.1.- A oración gramatical como unidade de significado.

7.2.- Oración simple. Elementos básicos e a súa concordancia.

7.3.- Estructura dos textos.

7.4.- Palabras e clases de palabras.

7.5.- Familias léxicas e campos semánticos.

7.6.- Sinonimia, antonimia, polisemia...

7.7.- Arcaísmos, neoloxismos, extranxeirismos.

7.8.- Ortografía da palabra (til, b/v, h, g/j, gü...).

7.9.- Ortografía da oración (: .).

Procedementos:

7.10.- Identificación de normas sintácticas, morfosntácticas e ortográficas nas produccions escritas.

- 7.11.- Búsqueda de palabras: compostas e derivadas.
- 7.12.- Comprensión e expresión de prefixos e sufixos usuais.
- 7.13.- Relación dos elementos básicos da oración simple.
- 7.14.- Uso axeitado das formas verbais.
- 7.15.- Utilización do diccionario para a produción e comprensión dos textos orais e escritos.

ACTITUDES DO TERCEIRO CICLO.

1. Valoración da diversidade lingüística coma manifestación cultural enriquecedora.
2. Respeto polas normas máis elementais da lingua (ortográficas, expresivas...).
3. Respeto cara as opinións dos outros.
4. Valoración da claridade de mensaxes verbais propias e alleas para asegurar unha comunicación fluída e clara.
5. Interese e gusto pola utilización dos diferentes recursos expresivos que brinda a linguaxe oral e escrita.
6. Interese pola lectura de textos literarios coma fonte de pracer.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO CICLO.

- Participar en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar (escoitar, formular preguntas, dar opinións...) respetando as normas fundamentais que fan posible a comunicación.
- Comprende-lo sentido de textos orais sinxelos referentes á súa vida cotiá: instrucións, informacións breves, contos, grabacións...
- Expresar oralmente feitos e experiencias próximos: relatos, descripcións, explicacións sinxelas...
- Ler textos breves, sinxelos e de frases directas.
- Mostrar interese e curiosidade por comprendelo senso global de textos escritos de uso habitual: notas, carteis, etiquetas, letreiros.
- Elaborar textos escritos breves e sinxelos empregando oracións con sentido completo, comenzando a organiza-los elementos do texto de forma coherente e incorporando as normas elementais da escritura: separación de palabras, correspondencia fonema-grafía, signos de puntuación básicos.
- Iniciarse na localización e utilización dalgúns dos recursos e fontes de información habituais na actividade escolar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO.

- Participar en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar (escoitar, facer preguntas, dar opinións, propoñer temas...) respetando as normas fundamentais de comunicación.
- Comprende-lo sentido de textos orais de vida cotiá e disingui-las ideas principais e secundarias.
- Ler textos máis complexos que os lidos no primeiro ciclo e resolve-las dúbidas de comprensión empregando procedementos diversos (coma consulta do dicionario).
- Comprende-lo sentido global de textos escritos de uso habitual e resumi-las ideas principais.
- Valorar positivamente o texto escrito coma instrumento de comunicación e coma fonte de pracer e información. Mostrar preferencias na selección de lecturas.
- Localizar e utilizar diferentes recursos e fontes de información de uso habitual na actividade escolar: biblioteca, libros de consulta...
- Elaborar textos escritos de diferente tipo, atendendo a diversas intencións comunicativas (escribir unha carta, anotar observacións, informar, narrar, describir...) utilizando os procedementos básicos que den cohesión ó texto (nexos, adecuación dos tempos verbais, puntuar correctamente...).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CICLO.

- Participar de forma constructiva (escoitar, pedi-la palabra, respeta-las opinións alleas, chegar a acordos, aportar opinións razoadas...) en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar, respetando as normas que fan posible o intercambio comunicativo.
- Comprende-lo sentido de textos orais da súa vida cotiá (relatos, grabacións, cancións...).
- Producir textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas) nos que se presenten de forma organizada os feitos, as ideas e as vivencias.
- Ler textos, utilizando estratexias axeitadas para resolve-las dúbidas que se presenten (consulta do dicionario, buscar información complementaria...).
- Ler textos de diverso tipo en voz alta con fluidez, empregando a pronunciación, entoación e ritmo axeitados ó contido.
- Comprende-lo sentido global de textos escritos de uso habitual e resumi-las principais ideas.
- Valorar positivamente o texto escrito coma instrumento de comunicación e coma fonte de pracer e información. Mostrar preferencias na selección de lecturas e expresa-las propias opinións e gustos persoais sobre os textos lidos.
- Localizar e utilizar diferentes recursos e fontes de información de uso habitual na actividade escolar (biblioteca, libros de consulta, medios de comunicación...) para satisfacer necesidades de información e aprendizaxe.
- Elaborar textos escritos de diferente tipo (narracións, descripcións, informes...) empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dan cohesión ó texto (nexos, tempos verbais axeitados, puntuación...).
- Incorpora-las normas ortográficas ás producións propias e empregar apoios que permitan resolver dúbidas ortográficas (dicionarios, fichas...).
- Identificar nos textos de uso cotián os elementos básicos que constitúen a oración simple (suxeito e predicado), coñece-las principais clases de palabras e a súa formación, e empregar estes coñecementos na produción e revisión dos propios textos.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS XERAIS DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos sobre desprazamentos propios ou de obxectos, utilizando o vocabulario axeitado.
- Recoñecer no contorno obxectos con formas rectangulares triangulares, cuadrangulares, circulares, cúbicas e esféricas.
- Recoñece-la posición de calquera obxecto no espacio usando como referencia a posición propia e empregando o vocabulario esquerda / dereita, adiante / detrás, encima/debaixo...
- Empregar habitualmente o sistema decimal de numeración ata o número 100 e utilizar adecuadamente as operacións de sumar e restar para resolver problemas sinxelos.
- Utiliza-lo cálculo mental para realizar operacións de suma e resta con números sinxelos.
- Utiliza-lo vocabulario habitual para establecer relacións da orde de magnitude (alto/baixo, grande/pequeno, ancho/estreito, pesado/lixeiro,...) e distinguir nocións temporais (ante/entre, despois/onte/hoxe/maña,...).
- Medir obxectos e espacios con medidas non convencionais empregando os instrumentos o seu alcance.
- Comparar masas e capacidades contando, estimando e usando a balanza e recipientes adecuados, describindo os resultados da comparación.
- Conseguir unha actitude aberta e crítica, adquirir confianza nas propias capacidades para afronta-los problemas, tenacidade e perseverancia na busca de solucións, apreciando a parte positiva dos erros cometidos.
- Sénsibilidade e gusto polo rigor e precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordeada e clara do proceso seguido e dos resultados obtidos.

CONTIDOS DO PRIMEIRO CICLO.

Conceptos:

- Aspectos topolóxicos:

Posicións relativas: dereita, esquerda, dentro, fora, enriba, debaixo, diante, detrás, cerca e lonxe.

Pechado, aberto.

Orientación , direccionalidade, distancias.

- O plano:

Liña, punto, as liñas rectas e non rectas.

Polígonos e figuras xeométricas: triángulo, cadrado, reetángulo, circunferencia.

Rectas paralelas e rectas que se cortan.

- O espacio:

Poliedros e corpos redondos: cubo, pirámide, prisma recto, esfera, cono, cilindro.

- Representación de figuras planas.

Procedementos:

- Orientación e situación do propio alumno en relación cos demais, en relación cos obxectos e en relación cos puntos estratéxicos do contorno.
- Utilización do vocabulario de uso normal para describir situacións dos obxectos: encima, debaixo, atrás, diante, dentro, fora, esquerda e dereita...
- Desprazarse nun espacio determinado de forma libre ou seguindo regras, e representa-lo itinerario seguido de diferentes formas no propio chan, nun papel, nun papel cadriculado...
- Recoñecemento de figuras planas e corpos xeométricos en diversas posicións.
- Manipulación de formas xeométricas.

- Recoñecemento de rectas paralelas e de rectas que se cortan.
- Xogo co tangram, mosaicos, rompecabezas, xeoplano...
- Recoñecemento de poliedros e corpos redondos en diversas posicións.
- Bordeado de figuras, dobrado, recortado. Utilización dos bloques lóxicos e outros materiais.
- Descrición da forma e obxectos usuais empregando o vocabulario xeométrico básico.

Os Números.

Conceptos:

- Atributos dos obxectos: cor, tamaño, figura,...
- Contar, agrupar de dous en dous, de tres en tres...
- Números naturais ata cen.
- Unidades e decenas.
- Suma e Resta.
- Alogaritmos e símbolos.

Procedementos:

- Clasificación de obxectos atendendo os seus atributos.
- Xogos coas regretas, ábaco,...
- Enumeración nunha situación probemática sinxela, de tódalas posibles combinacións de obxectos e atributos.
- Ordenación de conxuntos segundo o número de elementos: crecente e decrecente.
- Uso da serie numérica en diferentes situacións.
- Construción da serie numérica que resulta partindo dunha unidade ó ir engadindo obxectos un a un, ou mediante outras regras sinxelas.
- Poñer e quitar obxectos dunha colección.
- Emprego do sistema de numeración decimal.

- Aplicación de diferentes estratexias para resolver problemas numéricos e operativos.
- Automatización dos algoritmos das operacións.
- Recoñecemento dos aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando os diferentes números.
- Explicación verbal do proceso seguido na resolución dos problemas.
- Práctica de sumas e restas con números sinxelos.
- Cálculo mental.

A Medida.

Conceptos:

- Magnitudes: lonxitude, masa, capacidade, tempo, diñeiro.
- Necesidades e funcións da medición.
- Medidas do tempo: ano, mes, semana, día. hora.
- Medidas de lonxitude con unidades non convencionais para chegar á necesidade da unidade patrón.
- Medidas de masa.
- Medidas de capacidade.

Procedementos:

- Utilización do vocabulario habitual para establecer relacións da orden de magnitude: alto-baixo, grande-pequeno, ancho-estreito, pesado-lixeiro,...
- Estimación de medidas en situacións naturais. Explicación verbal do proceso seguido.
- Utilización axeitada dos instrumentos de medida.
- Establecer relacións entre feitos para distinguir nocións temporais: antes-entre, despois, onte-hoxe, mañan,...
- Medida de obxectos e espazos con unidades corporais (pasos, palmas..) ou por outras unidades (cintas, regretas,...).
- Comparación de masas, usos da balanza.

- Comparación de capacidades, uso de recipientes.
- Medida de obxectos e espazos con unidades corporais (pasos..palmas etc).
- Comparación de masas. Uso da balanza.
- Comparación de capacidades. Uso de recipientes.
- Recoñecemento do valor das moedas nas situacións propias destas idades.

Gráficas. Iniciación a estatística.

Conceptos:

- Frecuencias.
- Gráficas.

Procedementos:

- Recollida e recuento de datos pouco numerosos obtidos a partir de xogos ou situacións do seu contorno.
- Representación de datos. Non é necesario que sexan estandarizados.
- Explicación da súa representación ós compañeiros.
- Observación de fenómenos e de feitos da vida real e descripción dos mesmos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS DO PRIMEIRO CICLO

- Curiosidade e interese polo significado dos códigos e pola exploración de materiais e obxectos diversos.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais.
- Recoñecemento e valoración da presentación ordeada e clara dos cálculos e resultados.
- Curiosidade e interese por identificar formas xeométricas no seu medio.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas inciciativas.
- Respeto e colaboración cos compañeiros do seu grupo.

OBXECTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos sobre os elementos dunha figura e dun corpo xeométrico, así como sobre a forma dos obxectos usuais.
- Recoñecer, distinguir e describir formas e corpos xeométricos da realidade: polígonos, círculos, cubos, prismas, pirámides, cilindros e esferas.
- Recoñece-la posición de calquera obxecto no espacio usando como referencia a posición doutro, e describi-la empregando as medicións e o vocabulario oportunos.
- Empregar habitualmente o sistema de numeración decimal ata o millón e utilizar adecuadamente as operacións de suma, resta, multiplicación e división enteira para resolver problemas sinxelos.
- Utiliza-lo cálculo mental, empregando a composición e descomposición dos números.
- Realizar medidas elixindo as unidades e os instrumentos máis axeitados a cada caso segundo o obxecto a medir.
- Recoller, ordenar e representa-los datos obtidos a partir de xogos ou situacións do seu contorno.
- Conseguir unha actitude aberta e crítica, adquirir confianza nas propias capacidades para afrontar-los problemas, tenacidade e perseverancia na busca de solucións, apreciando a parte positiva dos erros cometidos.
- Sensibilidade e gusto polo rigor e precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordeada e clara do proceso seguido e dos resultados obtidos.

CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.

Estudio e representación do espacio.

Conceptos:

- O plano:
 - Elementos xeométricos: lado, vértice, ángulo.
 - Elementos dos polígonos: triángulo, cadrado, rectángulo, paralelogramo.
 - Medida de polígonos: perímetro.
 - Elementos da circunferencia e do círculo: centro, radio, diámetro.
 - Rectas paralelas e rectas perpendiculares.
 - Triángulos. Elementos notables: lado, ángulo, altura e vértice.
 - Clasificación polos lados e mailos ángulos.
- O espacio:
 - Elementos dos corpos xeométricos: vértice, aresta, cara, base e altura, radio, centro, diámetro.
 - Elementos do cubo, da pirámide, do prisma recto, da esfera, do cono e do cilindro.
- Representación de figuras planas.

Procedementos:

- Recoñecemento e contrucción de figuras planas e corpos xeométricos en diversas posicións.
- Manipulación de formas xeométricas.
- Recoñecemento de rectas paralelas e rectas perpendiculares.
- Xogo co tangram, cos mosaicos, cos quebracabezas, cos xeoplanos, con espellos...
- Composición e descomposición dunhas figuras noutras.
- Clasificación de figuras e corpos xeométricos empregando diversos criterios.
- Recoñecemento e construcción de poliedros e corpos redondos en diversas posicións.
- Descrición e enumeración dos elementos dunha figura e dun corpo xeométrico.
- Bordeado de figuras, dobrado, recortado. Utilización dos bloques lóxicos e doutros materiais.
- Utilización dos instrumentos de debuxo para as representacións gráficas.
- Descrición da forma de obxectos usuais empregando o vocabulario xeométrico básico.

Números.

Conceptos:

- Escritura posicional no sistema decimal.
- Números naturais ata o millón.
 - Regras para nomear os números.
 - Suma e resta levando. Algoritmos.
 - Múltiplos e divisores.
 - Multipliación e división enteira.
 - Multipliación e división polas unidades seguida de ceros.
 - Números cardinais e ordinais.
 - Cadrados.
 - Ordeación e representación de números sobre a recta.
 - Propiedades das operacións: conmutativa, asociativa, distributiva.
- A fracción como reparto.

Procedementos:

- Xogos coas regretas, co ábaco...
- Emprego do sistema de numeración decimal.
- Aplicación de diferentes estratexias para resolver problemas numéricos e operatorios.
- Uso da serie numérica en diferentes situacións.
- Comparación e ordenación dos números utilizando os símbolos =, <, >.
- Automatizacións dos algoritmos das operacións.
- Emprego dos diferentes instrumentos de cálculo: ábaco, calculadora...
- Recoñecemento, distinción e representación dos números cardinais e ordinais.
- Asignación de números ós puntos dunha recta na que se definiu unha unidade.
- Recoñecemento dos aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando os diferentes números.
- Explicación verbal do proceso seguido na resolución de problemas.
- Construcción de táboas de dobre entrada para a suma, resta, multiplicación e división.
- Axilización do cálculo mental utilizando as oportunas estratexias de aproximación.
- Representación de fraccións a partir de particións de figuras xeométricas e viceversa.

A Medida.

Conceptos:

- Magnitudes: lonxitude, superficie, masa-peso, capacidade, tempo, diñeiro, amplitude.
- Necesidade e funcións da medición.
- Instrumentos de medida: regra milimetrada, reloxo, báscula.
- Medidas do tempo: século, minuto e segundo.
- Medidas de lonxitude: metro, decímetro, centímetro, milímetro.
- Medidas de masa-peso: kilogramo, “medio kilo”, “cuarto kilo”.
- Medidas de capacidade: litro, “medio litro”, “cuarto litro”.
- Medidas monetarias con moedas de uso cotiá.
- Medidas de amplitude.
- Medidas de superficie non convencionais.

Procedementos:

- Relacionar segundo, minuto, hora, día, semana, mes, ano e século.
- Estimación de medidas en situacións naturais. Explicacións verbais de proceso seguido.
- Utilización axeitada dos instrumentos de medida.
- Construción de reloxos: de sol, de area, de auga.
- Utilización das unidades de lonxitude, masa-peso e capacidade no sistema métrico decimal.
- Elección das unidades de medida máis axeitadas a cada caso atendendo ó obxecto da medición.
- Identificación de ángulos rectos, agudos, obtusos e planos.
- Utilización do sistema monetario.
- Cubrir superficies cunha unidade escollida previamente e determina-lo número de unidades precisas.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para a medición.

Gráficas. Iniciación á Estadística.

Conceptos:

- Correspondencias.
- Frecuencias.
- Gráficas.

- Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.

Procedementos:

- Identificación de magnitudes relacionadas, utilizando exemplos sinxelos da vida cotiá.
- Recollida, ordeación e reconto de datos obtidos a partir de xogos ou situacións do seu contorno.
- Representación de datos.
- Interpretación das gráficas elaboradas polos alumnos e doutras xa dadas.
- Observación de fenómenos e de feitos da vida real e descripción dos mesmos verbalmente e mediante gráficos.
- Emprego, en situación de xogo ou da vida real, de expresións de uso habitual para describir situacións incertas: é posible, é seguro, é imposible, non só...

CONTIDOS ACTITUDINAIS DO SEGUNDO CICLO.

- Confianza nas propias capacidades para a resolución de problemas usando estratexias persoais.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.
- Coidado no emprego dos instrumentos de cálculo, medida, debuxo... e disposición favorable para a busca de instrumentos alternativos.
- Costume de expresa-lo resultado dos problemas coas unidades de medida correspondentes.
- Tenacidade e perseverancia na busca de solucións dun problema.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Curiosidade e interese polo significado dos códigos e pola exploración dos materiais e obxectos diversos.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais.
- Recoñecemento e valoración da presentación ordeada e clara dos cálculos e resultados.
- Apreciación na natureza, na arte,... dos aspectos que se poden expresar matematicamente.
- Respeto e colaboración cos compañeiros do seu grupo.
- Responsabilizarse das iniciativas e tarefas encomendadas.

OBXETIVOS XERAIS DO TERCEIRO CICLO.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritas sobre os elementos dunha figura e dun corpo xeométrico, así como sobre a forma dos obxectos usuais.
- Recoñecer e distinguir aspectos xeométricos da realidade. Clasificalos dando razóns do criterio utilizado.
- Utiliza-lo sistema de coordenadas cartesianas para recoñecer e situa-la posición de calquera obxecto. Traslada-la situación a un papel realizando o plano correspondente.
- Empregar habitualmente o sistema decimal de numeración e utilizar adecuadamente as operacións elementais para resolver problemas da vida cotiá.
- Conseguir estratexias de cálculo mental para a resolución de problemas elementais, utiliza-lo cálculo elemental aproximado para pedi-lo resultado de problemas e a estimación de medidas.
- Valora-lo sistema métrico decimal, recoñecendo a súa importancia como sistema de medida utilizado internacionalmente, e aplicalo correctamente nas situacións e problemas do seu contorno.
- Utilizar técnicas elementais de recollida de datos para obter informacións sobre fenómenos e situacións do seu contorno, facer unha representación gráfica e numérica e formarse un xuízo sobre a mesma.
- Comprender, valorar e producir mensaxes orais e escritas con certa propiedade e autonomía empregando expresións de uso cotiá para describir situacións incertas: é posible, é seguro, é imposible, non só, son compatibles...
- Recoñecer e distinguir aspectos e relacións cuantitativos da realidade. Describilos verbalmente e mediante gráficos de correspondencias.
- Conseguir unha actitude aberta e crítica, adquirir confianza nas propias capacidades para afrontar-los problemas, tenacidade e perseverancia na busca de solucións, apreciando a parte positiva dos erros cometidos.
- Sensibilidade e gusto polo rigor e precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordeada e clara do proceso seguido e dos resultados obtidos.

CONTIDOS DO TERCEIRO CICLO.

Estudio e representación do espacio.

Conceptos:

- O plano:
 - Perímetro e área de figuras planas.
 - Regularidades e simetrías: simetría dunha figuraa e simetría de figuras respecto a un eixe.
- O espacio:
 - Corpos xeométricos. Elementos.
- Representación de figuras planas.
 - Sistemas de referencia.
 - Coordenadas cartesianas.
 - Escalas.

Procedementos:

- Recoñecemento e construción de figuras planas e corpos xeométricos en diversas posicións.
- Manipulación de formas xeométricas. Xogo co tangram, con mosaicos, con quebracabezas, co xeoplano, con espellos...
- Construción e interpretación de planos e maquetas.
- Uso do sistema de coordenadas cartesianas.
- Obtención da área de figuras planas empregando a composición e descomposición dunhas figuras noutras.
- Clasificación de figuras e corpos xeométricos empregando diversos criterios.
- Uso do dobrado, do recortado, do papel cuadriculado, dos espellos, do xeoplano... para a construción e a interpretación de figuras simétricas.
- Descrición e enumeración dos elementos dunha figura e dun corpo xeométrico.
- Busca de elementos de regularidade e simetría en figuras e corpos xeométricos.
- Obtención experimental das áreas do cadrado, do rectángulo, do paralelogramo e do triángulo.
- Obtención exacta ou aproximada da área de figuras planas debuxadas sobre un papel cadrado.

Os Números.

Conceptos:

- Números naturais:
 - Operacións. Algoritmos e símbolos.
 - Números primos e compostos.
 - Cubos.
- Números positivos e negativos.
- Números decimais. Operacións.
- Fraccións. Operacións.
- Ordeación e representación dos números sobre unha recta.
- Prioridade das operacións.
- Cálculo mental.
- Regras de uso da calculadora de catro operacións.
- Tanto por cento dunha cantidade.

Procedementos:

- Estimación do resultado dun cálculo e valoración de se o resultado da resolución dun problema é ou non razoable.
- Emprego do sistema de numeración decimal.
- Utilización da composición e da descomposición de números para elaborar estratexias persoais de cálculo mental.

A Medida.

Conceptos:

- Magnitudes: lonxitude, superficie, masa-peso, capacidade, tempo, diñeiro e amplitude.
- Necesidade e funcións da medición.
- Instrumentos de medida: regra milimetrada, cinta métrica, cronómetro, báscula, transportador.
- Medidas do tempo.
- Medidas de lonxitude.
- Medidas de masa-peso.
- Medidas de capacidade.
- Medidas monetarias con moedas de uso cotiá.
- Medidas de amplitude. O grao.

- Medidas de superficie.

Procedementos:

- Relacionar segundo, minuto, hora, día, semana, mes, ano e século.
- Estimación de medidas en situacións naturais. Explicación verbal do proceso seguido.
- Utilización axeitada dos instrumentos de medida.
- Construcción de instrumentos para efectuar medidas.
- Construcción de reloxios: de sol, de area e de auga.
- Utilización das unidades de lonxitude, de superficie, de masa-peso, e de capacidade no sistema métrico decimal.
- Elección das unidades de medida máis axeitadas a cada caso atendendo ó obxecto da medición.
- Identificación de ángulos rectos, agudos, obtusos e planos.
- Utilización do sistema monetario e das súas equivalencias.
- Encher un volume con obxectos de volumes iguais e determina-lo número de unidades precisas.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para a medición.
- Utilización do transportador para trazar e medir ángulos dunha amplitude dada.

Gráficas. Iniciación á Estadística.

Conceptos:

- Correspondencias.
- Recollida e ordeación de datos. Frecuencias.
- Gráficas. Representación e interpretación.
- Medidas de centralización: media e moda.
- Carácter aleatorio dalgúns experimentos.

Procedementos:

- Emprego, en situacións de xogo ou da vida real, de expresións de uso habitual para describir situacións incertas: é posible, é seguro, é imposible, non só...
- Recollida, ordeación, relato e representación de datos obtidos a partir de xogos ou situacións do seu contorno.
- Interpretación dos datos representados mediante diferentes tipos de gráficas: histogramas, sectores, pictogramas...
- Realización e interpretación de gráficas de correspondencias definidas mediante un enunciado ou por unha táboa do contorno habitual do alumno.
- Interpretación das fraccións como operadores, como cociente de dous números e como aproximación dunha medida, relacionando estes conceptos.
- Emprego dos paréntesis nos casos máis comúns.
- Comparación e ordeación dos números utilizando os símbolos $=$, $<$, $>$.
- Emprego racional de diferentes instrumentos de cálculo: ábaco, calculadora...
- automatización dos algoritmos das operacións.
- Asignación dos números ós puntos dunha recta na que se definiu unha unidade.
- Recoñecemento dos aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando diferentes números.
- Explicación verbal do proceso seguido na resolución de problemas.
- Construción de táboas de dobre entrada para a suma, a resta, a multiplicación e a división.
- Aplicación de diferentes estratexias para resolver problemas numéricos e operatorios.
- Observación de fenómenos e de feitos da vida real e descrición dos mesmos verbalmente e mediante gráficas.
- Estimación da probabilidade de sucesos ligados a experiencias sinxelas usando as representacións oportunas.
- Utilización da calculadora para efectuar cálculos repetitivos ou complicados.

CONTIDOS ACTITUDINAIS DO TERCEIRO CICLO.

- Confianza nas propias capacidades para a resolución de problemas usando estratexias persoais.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.
- Coidado no emprego dos instrumentos de cálculo, de medida, de debuxo... e disposición favorable para a busca de instrumentos alternativos.
- Costume de expresa-lo resultado dos problemas coas unidades de medida correspondentes.
- Tenacidade e perseverancia na busca de solucións dun problema.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Tendencia a explorar tódolos elementos significativos dunha representación gráfica, tentando evita-las interpretacións parciais ou precipitadas.
- Valoración da linguaxe matemática e interese pola precisión na súa utilización.
- Curiosidade e interese polo significado dos códigos e pola exploración de materiais e obxectos diversos.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais.
- Recoñecemento e valoración pola presentación ordeada e clara dos cálculos e resultados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO CICLO.

- Recoñecer no contorno obxectos e espazos con formas rectangulares, triangulares, circulares, cúbicas e esféricas.
- Saber orientarse e situarse, tomándose eles mesmos como referencia, en relación ós demais, en relación cos puntos estratéxicos do contorno, empregando as posicións relativas: dereita, esquerda, dentro, fora, enriba, debaixo, diante, detrás, cerca, lonxe...
- Contar, ler, escribir números naturais ata o 1.000, empregando o coñecemento sobre o valor que indica a posición das cifras e distinguindo as unidades e decenas.
- Resolver problemas sinxelos relacionados cos obxectos, feitos ou situacións da vida cotiá, seleccionando e empregando as operacións da suma e da resta.
- Comparar masas e capacidades, en cantidades pequenas, tanto estimando como contando, así como interpretar e expresa-los resultados da comparación.
- Medir obxectos e espazos con unidades de medida non convencionais (pasos, palmas, cintas, regretas...), tempos (ano, mes, semana, día, hora) e as medidas monetarias con moedas de uso cotiá, empregando os instrumentos máis axeitados a cada caso.
- Recoller datos, pouco numerosos, a partir de xogos ou situacións do seu contorno, contalos, ordenalos e expresa-los resultados de forma gráfica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO.

- Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos do espazo no que se move: polígonos, círculos, pirámide, cubo, prisma recto, esfera, cono e cilindro.
- Desprazarse nun espazo determinado e representalo itinerario seguido, tomando como referencia as posicións doutros elementos.
- Resolver problemas sinxelos relacionados co seu contorno aplicando as operacións de cálculo (suma, resta, multiplicación e división enteira), utilizando estratexias persoais de resolución.
- Ler e escribir correctamente números naturais ata o millón, interpretando o valor posicional de cada unha das cifras.
- Realizar cálculos mentalmente e por escrito con números naturais sinxelos, empregando a composición e descomposición aditiva dos números e utiliza-los instrumentos de cálculo axeitados para a súa comprobación.
- Expresar de forma ordenada e clara os datos e as operacións realizadas na resolución de problemas sinxelos.
- Realizar estimacións e medicións elixindo, entre as unidades e os instrumentos de medida, os que millor se axusten ó tamaño e natureza do obxecto a medir.
- Recoller datos sobre feitos e obxectos da vida cotiá, empregando técnicas sinxelas de reconto, ordenar estes datos atendendo a un criterio de clasificación e expresa-lo resultado de forma gráfica.
- Tenacidade e perseverancia na busca de solucións dun problema.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Tendencia a explorar tódolos elementos significativos dunha representación gráfica, tentando evita-las interpretacións parciais ou precipitadas.
- Valoración da linguaxe matemática e interese pola precisión na súa utilización.
- Curiosidade e interese polo significado dos códigos e pola exploración de materiais e obxectos diversos.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais.
- Recoñecemento e valoración pola presentación ordenada e clara dos cálculos e resultados.
- Apreciación na natureza, na arte,... dos aspectos que se poden expresar matematicamente.
- Respecto e colaboración cos compañeiros do seu grupo.
- Responsabilidade nas iniciativas e nas tarefas encomendadas.
- Valoración do sistema métrico decimal como sistema de medida universal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CICLO.

- Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos do seu medio, clasificalos e da-las razóns do modo de clasificación.
- Utiliza-las nocións xeométricas de simetría, paralelismo, perpendicularidade, perímetro e superficie para describir situacións da vida cotiá.
- Realizar e interpretar unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano, maqueta), tomando como referencia elementos familiares e establecendo relacións entre eles.
- Nun contexto de resolución de problemas sinxelos, anticipar unha solución razoable e busca-los procedementos matemáticos máis axeitados para aborda-lo proceso de resolución.
- Resolver problemas relativos ó seu contorno aplicando as catro operacións con números naturais e empregando estratexias persoais de resolución.
- Ler, escribir e ordenar números naturais e decimais, interpretando o valor de cada unha das súas cifras e realizar operacións sinxelas con estes números.
- Realizar cálculos numéricos mediante diferentes procedementos (algoritmos, uso da calculadora, cálculo mental e tanteo), empregando coñecemento do sistema de numeración decimal.
- Expresar de forma ordenada e clara os datos e as operacións realizadas na resolución de problemas sinxelos.
- Perseverar na busca de datos precisos para a formulación e resolución dun problema.
- Realizar estimacións e medicións elixindo entre as unidades e instrumentos de medida máis usuais ós que mellor se axusten ó tamaño e natureza do obxecto a medir.
- Expresar con precisión medidas de lonxitude, superficie, capacidade, masa e tempo, empregando os múltiplos e submúltiplos usuais e transformando unhas unidades noutras cando sexa necesario.
- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ó contorno inmediato.
- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado de xogos de azar sinxelos e comprobar dito resultado.

ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA:
INGLÉS

METODOLOXÍA.

O obxectivo fundamental é desenrola-la comprensión auditiva, aínda que tamén empregaráse o inglés en actividades comunicativas graduadas coidadosamente.

A lectura e a comprensión escrita só aparecerán cando se presentou a linguaxe e foi traballada oralmente.

Relacionaráse o inglés con outras áreas do curriculum: matemáticas, ciencias, manualidades, música e drama. De tal xeito que os nenos contarán, medirán, debuxarán, farán máscaras, tarxetas, reloxios, monicreques, representacións mímicas, actuar e cantar.

Empregaráse o inglés na aula de xeito natural, por exemplo: saudar, dar instrucións, recoñece-lo traballo realizado,... O xesto e a mímica serán necesarios sobre todo ó principio.

O papel fundamental do profesor será mante-lo interese que de forma natural senten os nenos hacia a aprendizaxe do novo idioma, así como motivalos á hora de realiza-las distintas actividades.

Será importante tamén que axude a crear un ambiente relaxado (aínda que disciplinado), acadando así a confianza dos nenos na súa participación na aula.

Tamén se intentará familiarizar ós nenos con distintas formas de traballo: parellas, grupos...

OBXECTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO.

- Comprender textos orais sinxelos relativos a situacións e obxectos coñecidos polos nenos, centrándose nos seus intereses.
- Utilizar de forma oral a lingua estranxeira coma lingua de comunicación co profesor e cos compañeiros perante o desenvolvemento da clase.
- Establecer relacións entre o significado, a pronuncia e a representación gráfica dalgunhas palabras e frases sinxelas.
- Atender ás normas básicas de convivencia, amosando respecto e interese por elas.

CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.

Conceptos:

- Identificarse: nome e identidade.
- Seguir instrucións orais.
- Números: 1 ó 1.000.
- Saúdos.
- Os cumpreanos.
- As cores.
- Partes do corpo.
- Prendas de vestir.
- Posición: right - left up - down.
- A familia.
- Obxectos da aula.
- Medios de transporte.
- A hora.
- Días da semana.
- A casa: habitacións e mobiliario.
- Animais domésticos.
- Alimentos e recetas.
- Tendas.
- Sinais de tráfico.
- O tempo: estacións do ano.
- Datas.
- Deportes.

Procedementos:

- Comprender e realizar instrucións de clase.
- Identificación de obxectos, debuxos, etc segundo correspondan ou non coa información dada oralmente.
- Representación de accións expresadas oralmente.
- Identificación da información global de mensaxes, relacionados cos centos de intereses traballados na clase.
- Apoio no contexto visual e gráfico para a interpretación das mensaxes orais.
- Participación en interaccións de grupo: xogos comunicativos, dramatizacións, role-plays...
- Reacción lingüística e non lingüística ás demandas do interlocutor.
- Transferencia de información oral a imaxes ou debuxos.
- Realización de fichas, pasatempos, etc, co vocabulario traballado na clase.
- Memorización comprensiva de palabras, frases, cancións.
- Percepción das correspondencias gráfico-fónicas.

Actitudes:

- Aceptación da lingua estranxeira coma vehículo de comunicación na clase de idioma.
- Curiosidade e interese por coñece-lo código oral da nova lingua.
- Confianza nas propias posibilidades de aprender unha lingua estranxeira e desinhibición para utiliza-la de forma creativa.
- Atención ás normas básicas de comunicación, amosando respecto e interese polas aportacións dos demais.
- Participación nas actividades (individuais ou de grupo).
- Interese por realiza-las tarefas axeitadamente.
- Participación adecuada nos xogos.
- Desenrolo dunha actitude crítica ante o comportamento bo - malo.

- Intercambio de información cos compañeiros.
- Pedir cousas con cortesía así coma prestar cousas propias ós compañeiros.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO.

1. Comprende-lo esencial da lingua que o profesor emprega para a realización das actividades da aula e segui-las instrucións dadas no desenvolvemento da clase.
2. Manexar un vocabulario básico relacionado con temas traballados.
3. Capta-lo sentido global de mensaxes orais breves.
4. Participar en situacións de comunicación cotiás interaccionando co profesor e cos compañeiros.
5. Presentar ordenadamente os traballos.
6. Participar con interese nas actividades de clase.
7. Manter unha relación correcta cos compañeiros, e cooperar nos traballos de grupo.

OBXECTIVOS XERAIS DO TERCEIRO CICLO.

- Comprender textos orais e escritos sinxelos relativos a situacións e obxectos coñecidos.
- Utiliza-la lingua estranxeira coma lingua de comunicación na clase.
- Producir textos escritos e orais breves e sinxelos acerca de temas familiares para os alumnos.
- Ler de forma comprensiva textos curtos e sinxelos.
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónomo.
- Respetar-las normas de convivencia.

CONTIDOS DO TERCEIRO CICLO.

Conceptos:

- Días da semana.
- Números: 1 ó 1.000.
- Países e nacionalidades: falar da procedencia.
- Obxectos da aula.
- O alfabeto: deletrear palabras.
- As cores.
- Os animais: descripcións.
- Partes do corpo.
- A aparencia física: descripción de persoas.
- Prendas de vestir.
- A familia.
- As horas.
- Materias escolares.
- Ordinales: do 1 ó 30.
- Meses do ano: preguntar é dici-la data.
- Deportes e habilidades.
- Lugares e aulas do colexio.
- Mobiliario.
- Palabras relativas ó tempo.
- Comidas e bebidas: o que nos gusta e o que non.
- Puntos cardinais.
- Estacións: falar do clima.
- Peticións na aula.
- As tendas e a moeda británica: como comprar.
- Medios de transporte.
- Accións rutinarias.
- Enfermidades.

- Profesións.
- Indicacións/direccións: dar e pedir direccións.

Procedementos:

- Recoñecemento das pautas de acento, ritmo e entoación.
- Dedución polo contexto do significado dalgúñas palabras.
- Identificación do vocabulario coñecido nun texto oral gravado.
- Transferencia de información oral ó código visual ou gráfico, seguir instrucións.
- Captación do sentido global de relatos curtos.
- Extracción de información específica requirida previamente.
- Emprego de palabras e expresións xa coñecidas en situacións similares.
- Invención e/ou escenificación de diálogos, conversas...
- Producción de pequenos textos relatando experiencias persoais, así coma de letreiros, invitacións, felicitacións...
- Discriminación das correspondencias gráfico-fónicas.
- Transferencia de información co código visual ó oral.
- Asociación de elementos novos con outros xa coñecidos, e co contexto.
- Emprego axeitado do material da consulta.

Actitudes:

- aceptación da lingua estranxeira coma vehículo de comunicación na clase de idioma.
- Interese por coñecer-lo código oral e escrito da lingua estranxeira para comprender e expresar necesidades básicas de comunicación.
- Confianza nas propias posibilidades de aprender unha lingua estranxeira e desinhibición para utiliza-la de forma creativa e eficaz.
- Gusto por expresarse oralmente nunha lingua estranxeira participando nas actividades de grupo na clase.
- Colaboración cos compañeiros nos traballos.
- Interese en realizar ben as actividades.
- Mostrar curiosidade por observar e buscar cousas en inglés.
- Atención ós mensaxes dos demais e ás audicións.
- Respeto polos turnos de palabra.
- Respeto ás regras dos xogos.

- Coida-la presentación dos traballos.
- Non facer ruído ó realiza-las actividades con toda a clase.
- Pedir axuda ós outros ou ó profesor cando sexa necesario.
- Respetar-las cousas dos demais e as propias.
- Coidar e usar correctamente os recursos existentes no colexio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CICLO.

1. Capta-lo sentido global de textos orais sinxelos.
2. Extraer informacións específicas de textos orais sinxelos sobre temas familiares.
3. Participar en intercambios orais breves relativos a actividades habituais de clase.
4. Extrae-lo sentido global e algunhas informacións específicas de textos escritos breves.
5. Ler textos sinxelos e libros para nenos con apoio visual.
6. Producir textos escritos moi breves nos que se reflexen contidos traballados na clase.
7. Participar activamente e con interese no desenrolo da clase, mantendo unha actitude correcta hacia ós demais, cooperando cos compañeiros cando sexa necesario.
8. Coida-la presentación e a correcta utilización dos traballos.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

OBXECTIVOS XERAIS.

- Realizar produccions artísticas persoais manipulando materiais e instrumentos diversos (plásticos, dramáticos...) con fins expresivos, comunicativos e lúdicos.
- Coñecer, utilizar e controla-la voz e o propio corpo coma instrumentos de representación e comunicación plástica e dramática, así coma para mellora-la comunicación cos outros.
- Confiar nas realizacións artísticas propias, disfrutando coa súa realización.

CONTIDOS DO PRIMEIRO CICLO.

Conceptos:

- A imaxen.
- Cores, texturas e medidas.
- Nocións espaciais.
- O esquema corporal.
- O xesto.
- O trazo.
- Diversas técnicas plásticas.
- O xogo.

Procedementos:

- Observación de imaxes do entorno.
- Iniciación á lectura de imaxes.
- Identificación de formas, cores, texturas e medidas.
- Consolidación do espazo topolóxico (nocións de proximidade - distancia, aberto - pechado, cheo - baleiro, dimensións, etc...).
- Iniciación ós aspectos proxectivos (dereita - esquerda, diante - detrás, encima - debaixo).
- Invencións de escenas da vida diaria.
- Interiorización do esquema corporal.
- Desprazamentos espaciais.
- Coordinación visomotriz do xesto e do trazo.
- Exploración sensorial.
- Debuxo, pintura, collage, modelado...
- Costumes de seguridade e limpeza no manexo de materiais e aparellos.
- Xogo expresivo.
- Títeres.
- Utilización da cassette e a radio.

Actitudes:

- curiosidade e inquietude por observar e experimentar.

- Disposición lúdica na actividade plástica.
- Valoración do propio corpo e das actividades corporais coma vehículo de expresión e comunicación.
- Aceptación da propia imaxe e actitudes de desinhibición.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO CICLO.

- Realizar composicións gráficas que permitan apreciar a coordinación visomotriz e un certo control do xesto gráfico.
- Representar secuencias curtas de imaxes relacionadas con personaxes vencellados á experiencia persoal.
- Utilizar formas de desprazamento como correr, saltar, andar para situarse e moverse en espazos coñecidos.
- Representar diferentes roles e escenas de vida cotiá, utilizando os recursos expresivos do corpo.

CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.

Conceptos:

- Elementos da composición plástica.
- Relacións proxectivas.
- Consolidación do esquema corporal.
- Lateralidade.
- Coordinación motriz.
- Técnicas audiovisuais.
- Representación.
- Títeres.

Procedementos:

- comprensión das mensaxes visuais.
- Lectura de imaxes.
- Organización dos elementos de composición.
- Estructuración da composición plástica.
- Estructuración das relacións proxectivas.
- Consolidación do esquema corporal.
- Afianzamento da lateralidade.
- Desenrolo da coordinación motriz.
- Profundización nas técnicas do primeiro ciclo e iniciación en técnicas audiovisuais.
- Representación de situacións e personaxes cotiás e imaxinarios.
- Teatro de títeres.
- Utilización da cassette, a radio, o proxector de diapositivas.

Actitudes:

- Manexo correcto dos aparellos.
- Utilización de procedementos de improvisación.
- Interese por mellora-la precisión rítmica do propio movemento.
- Valoración da rigurosidade, da claridade e do orde nas creacións plásticas.
- Actitude colaboradora e participativa nas actividades de grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO.

- Utilizar nas produccions plásticas e gráficas instrumentos de uso normal na aula coma tesoiras, pinceis, ceras, punzóns, etc para transformar materiais diversos: papel, teas, materiais de desfeito, etc.
- Realizar composicións plásticas nos que se represente a figura humana de forma completa en diferentes posicións e movementos, relacionándos con outros elementos do entorno.
- Utilizar recursos dramáticos e expresivos básicos: títeres, marionetas...
- Colaborar activamente na realización de actividades expresivas e de xogo colectivo, respetando as normas establecidas polo grupo.

CONTIDOS DO TERCEIRO CICLO.

Conceptos:

- A composición.
- Esquema corporal.
- Xogo doméstico.
- Diferentes técnicas plásticas.
- Medios audiovisuais.

Procedementos:

- Selección de situacións e de accións corporais susceptibles de representación.
- Profundización no esquema corporal.
- Elementos do xogo dramático: personaxes, conflito, trama, espacio, tempo.
- Precisión e expresividade do xesto gráfico: sentido espacial.
- Profundización nas técnicas anteriores.
- Uso de técnicas e aparellos de forma autónoma.
- Caracterización de personaxes. Desenvolvemento de conflitos.
- Elaboración de improvisacións individuais e colectivas.
- Utilización de medios audiovisuais.

Actitudes:

- Actitude crítica disnte da información visual.
- Sensibilidade de cara ós fenómenos estéticos.
- Valoración de organización no traballo.
- Apreciación da orixinalidade e da espontaneidade coma fundamento de conducta creativa.
- Espírito de superación no proceso individual.
- Respeto ás persoas e apreciación das súas obras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CICLO.

- Representar mediante imaxes secuenciales personaxes, obxectos e accións.
- Utiliza-los recursos expresivos do corpo, os obxectos, a luz, o son... para representar personaxes e situacións dramáticas sinxelas.
- Identifica-los elementos básicos do xogo dramático, e realizar improvisacións partindo deles.
- Comentar de xeito razoado algunha das manifestacións artísticas ás que ten acceso, relacionando os elementos presentes na obra coa experiencia e gustos persoais.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Introducción.

Obxetivos xerais.

Primeiro, segundo e terceiro ciclo.

- Secuenciación de obxetivos.
- Secuenciación de contidos.
- Criterios de avaliación.

Criterios metodolóxicos.

- Técnicas de ensino.

Organización na clase.

Instalacións deportivas.

Normas de seguridade.

O deporte.

Alumnos con necesidades educativas especiais.

A EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Introducción.

A área de Educación Física comprende aquelas experiencias educativas centradas no corpo e no movemento humano, non soio no ámbito da acción, sinón tamen no do coñecemento, nos hábitos e actitudes favorables o propio corpo e as actividades físicas en xeral que conteñan tanto os aspectos da eficiencia motriz ou instrumentais como os aspectos expresivos e de relación do movemento humano.

Serán obxecto educativo todas aquelas conductas motrices que tendan a:

- Millorar o funcionamento do corpo humano proporcionando un benestar psicofísico elevado o nivel da súa calidade de vida.
- Aumentar o caudal de habilidades corporais que permitan ó alumno millorar a súa capacidade de rendemento, a súa capacidade expresiva e recreativa elevando así o seu nivel de cultura física.

Como en toda educación deben, pois armonizarse as necesidades do alumno coas esixencias da sociedade. Polo tanto a área de Educación Física terá que conseguir que o alumno coñeza significativamente o seu propio corpo, e que dominen unha ampla gama de actividades físicas que lle permitan a incorporación chea os usos e costumes da nosa sociedade.

A educación física é en si mesma unha educación total incluída nun marco máis amplo, na educación integral do alumno.

Na etapa da Educación Primaria, a área de Educación Física deberá pois subordinarse ás finalidades e obxetivos propios desta etapa: autonomía, socialización e aprendizaxes básicos.

Por isto a Educación Física non debe considerarse como unha materia máis añadida no currículo dos escolares, sinón como unha área de obxetivos propios e específicos, perfectamente armonizados cos obxetivos xerais da educación, integrándose desta maneira, no proceso educativo.

Por esta razón, a ensinanza da educación física na Educación Primaria non é algo aillado, sinón que está condicionada e debe servir ó desenvolvemento corporal e motor do escolar, e tamén ó seu desenvolvemento cognitivo e afectivo.

OBXETIVOS DE ETAPA E ÁREA.

Obxetivos xerais.

Os obxetivos xerais corresponden ás finalidades da Educación Primaria na área de Educación Física que sinalan as capacidades que os alumnos deben alcanzar ó rematar a etapa.

Ó rematar a Educación Primaria e como resultado dos aprendizaxes feitos na área de Educación Física, os alumnos terán desenrolado a capacidade de:

1. Tomar conciencia do propio corpo e da necesidade da actividade física empregada ésta para organizar o tempo libre.
2. Utilizar as capacidades físicas e o coñecemento da estrutura e funcionamento do seu corpo, para resolver problemas.
3. Regular e dosificar o esforzo chegando a un nivel de autoesixencia dacordo coas súas posibilidades reais.
4. Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento para transmitir sensacións, ideas, e estados de ánimo.
5. Adoptar hábitos hixiénicos, posturais, de exercicio físico e de saúde manifestando unha actitude responsable hacia o seu propio corpo e relacionando estos hábitos cos seus efectos sobre a saúde.

Secuenciación de obxetivos do Primeiro Ciclo.

Conceptos:

- coñecer globalmente os elementos orgánico-funcionais do corpo.
- Apreciar a distancia e o sentido do desprazamento.
- Recoñecer a propia lateralidade.
- Adaptar ó xesto e ó movemento as circunstancias e condicións de cada actividade.
- Comprender a importancia da relaxación.
- Controlar o movemento nos espazos coñecidos.

Procedementos:

- Experimentación e explotación das capacidades perceptivas e motoras.
- Discriminar e representar o propio corpo.
- Explorar as posibilidades de movemento atendendo ós desprazamentos, saltos e xiros, así como á flexibilidade.
- Resolver problemas motores, variando algunha condición das que xa sabe resolver.
- Utilizar estratexias de cooperación nos xogos populares e tradicionais.
- Comprender a relaxación como un estado de quietude ou de falta de movemento.
- Orientarse espacialmente, situando os obxectos en relación co propio corpo.
- Utilizar o xesto e o movemento en situacións de xogo e de forma espontánea, respondendo a informacións visuais, sonoras e táctís do entorno.

Actitudes:

- Disfrutar co xogo con independencia do resultado.
- Superar inhibicións ante certos xogos.
- Desenvolgar co xogo estratexias de cooperación.
- Respetar as normas do xogo.
- Aceptar nun mesmo e nos demais a existencia de diferentes niveis de destreza.

Secuenciación de contidos do Primeiro Ciclo.

Suprimimos o bloque de saúde, por considerar que debe ir incluído en todos e cada un dos demais bloques para que estes poidan desenvolverse dunha forma axeitada.

Coñecemento do corpo:

- Exploración das posibilidades e limitacións do movemento propio.
- Discriminación e representación do propio corpo iniciadas nas etapas anteriores.
- Coñecemento global dos elementos orgánico-funcionais do corpo.
- Iniciación na toma de conciencia das diferentes partes do corpo implicadas no movemento.
- Vivencia da relaxación como un estado de quietude ou de falta de movemento.
- Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio con unha base de sustentación ampla, estable e cercana ó chan.
- Orientación espacial, situando os obxectos en relación ó propio corpo e apreciando as distancias e sentido dos desprazamentos propios.
- Sincronización do movemento corporal con estruturas rítmicas sinxelas, diferenciando nelas os sons pola súa duración e por a súa intensidade.

- Afirmación da lateralidade.
- Interiorización do esquema corporal.

Habilidades e destrezas:

- Desenrolo global das capacidades físicas e das habilidades motrices en situacións de xogo no entorno próximo.
- Exploración das posibilidades e limitacións do movemento, atendendo ós desprazamentos, saltos, xiros, así como á flexibilidade.
- Adaptación do movemento ás circunstancias e condicións de cada actividade:
 - controlando os movementos en espazos coñecidos
 - desprazándose de distintas formas
 - adequando os movementos ós estímulos externos
- Resolución de problemas motores, variando algunha condición das que xa sabe resolver.
- Elaboración de esquemas motores novos (golpear, tirar, reptar).
- Aplicación de esquemas xa coñecidos (gatear, correr, saltar).

O corpo e o movemento: medios de comunicación e de expresión.

- Exploración das posibilidades que ten o xesto e o movemento para a expresión, partindo de accións espontáneas e da imitación ou simulación motriz.
- Observación no entorno para poder recoller diferentes posicións, posturas, etc, tanto nun mesmo como nos demais.
- Utilización do xesto e o movemento en situacións de xogo e de forma espontánea, respondendo a informacións visuais, sonoras e táctis que proveñan do entorno próximo (non necesariamente con intención comunicativa).
- Comprensión de sinxelos mensaxes corporais e representacións ou descripcións de situacións simples.
- Realización de diferentes tipos de danza e bailes sinxelos para desenrolar a capacidade de asociar o movemento co ritmo.

Os xogos.

- Vivencia e recoñecemento do xogo como forma fundamental de facer a actividade física e como medio de disfrute, de relación e de emprego do tempo libre.
- Utilización de estratexias de cooperación en xogos populares e tradicionais.
- A relación a través do xogo:
 - entendendo as normas como algo externo e imposto ó grupo.
 - aceptando pouco a pouco a existencia de diferentes niveis de destreza, nun mesmo e nos demais.
 - Disfrutando co xogo, con independencia do resultado e superando as frustracións que a práctica poda producir.

Criterios de avaliación.

Por medio da avaliación, e non dunha maneira mecánica, sinón flexible, tendo en conta o ciclo educativo do alumno e as súas propias posibilidades e características, conoceráse o nivel de cumprimento dos obxetivos xerais.

Ademáis a avaliación cumpre unha formación formativa, indicando o mestre si todo marcha ben ou por o contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias do alumno ou para a súa propia metodoloxía.

- Orientarse, respecto a sí mesmo, no espacio coñecido coas relacións básicas.
- Sincronización do movemento corporal, a través das estruturas rítmicas sinxelas coñecidas e traballadas.
- Ter aumentado xeralmente as capacidades físicas básicas segundo o desenvolvemento motor normal.
- Valora-la naturalidade e espontaneidade de resposta corporal ante estímulos sensoriais.
- Comproba-las normas de hixiene persoal do alumno en relación coa actividade física.

Con independencia da avaliación, e co fin de explorar as diferentes dimensións da capacidade perceptivo-motriz dos alumnos, seguindo a varios autores e coa nosa propia experiencia, fixemos unha lista de probas que poden ser aplicadas ó final deste ciclo. Espérase que a gran maioría dos alumnos de 8 anos (80%) superen gran parte delas (80%).

<u>Imaxen e Percepción Corporal.</u>	SI	NON
1. Recoñecer a dereita e a esquerda sobre si mesmo.....		
2. Pode reproducir accións observadas noutros.....		
<u>Control da Actitude e Postura.</u>		
3. Manterse en equilibrio sobre un soio pé e sin moverse durante 15 segundos...		
4. É capaz de recorrer hacia adiante e hacia atrás un banco sueco.....		
<u>Percepción, Organización e Representación Espacial.</u>		
5. Pode dibuxar un rombo, tras observar o modelo.....		
<u>Percepción, Organización e Representación temporal.</u>		
6. Pode golpear coa man sobre unha superficie, seguindo o ritmo dun metrónomo.....		
<u>Coordinación Óculo-Motriz.</u>		
7. Pode opoñer o pulgar ó resto dos dedos en menos de 3 segundos.....		
8. Pode golpear unha pelota con diferentes partes do corpo.....		
<u>Coordinación Locomotriz.</u>		
9. Pode saltar rítmicamente alternando dereita-esquerda, sin precisar o número de apoios de cada pé.....		
10. Pode conducir á pata coxa unha caixa de mistos.....		
<u>Axilidade.</u>		
11. Controla ben a velocidade da carreira e os cambios de dirección nos xogos...		
<u>Potencia.</u>		
12. Pode lanzar unha pelota de tenis a máis de 10 m de distancia, si é neno, e a máis de 8, si é nena.....		
13. Pode saltar por enriba dunha goma colocada a unha altura de 40 cm, batendo cos pés xuntos.....		
<u>Resistencia.</u>		
14. Pode manter un ritmo moderado de carreira entre 3 e 5 minutos.....		
15. Pode correr 20 m en menos de 5 segundos, si é un neno, e 5 segundos e 5 décimas si é unha nena.....		

Secuenciación de obxetivos do Segundo Ciclo.

Conceptos:

- Aceptar as diferencias do propio corpo en relación ó dos demais.
- Desenrolar a autoestima.
- Interiorización da lateralidade.
- Desenrolar o sentido do equilibrio.
- Progresar na adaptación, control e adecuación do movemento ás circunstancias e condicións da actividade.
- Recoñecer a cantidade de recursos expresivos que ten o corpo.
- Recoñecer o xogo como medio de disfrute e emprego do tempo libre.

Procedementos:

- Tomar conciencia da mobilidade da columna e da independencia dos segmentos corporais.
- Recoñecer a esquerda e dereita dos demais.
- Experimentar situacións de equilibrio e desequilibrio diminuindo a base de sustentación, a súa estabilidade e elevando o centro de gravidade.
- Reproducir estruturas ritmicas coñecidas, corporalmente e con instrumentos.
- Utilizar formas de desprazamento non habituais.
- Adecuar os movementos a distancia, sentido e velocidade dos desprazamentos dos demais.
- Traballar novos esquemas motores (rodar, trepar, transportar).
- Explorar e experimentar os recursos expresivos do corpo.
- Coordinar o movemento propio co dos demais, danzas e bailes sinxelos por parellas.

Actitudes:

- Valorar e aceptar o propio corpo.
- Preocuparse de que as manifestacións corporais non resulten discriminatorias ou estereotipadas.
- Respetar as regras dos xogos.
- Aceptar ós outros compañeiros, con independencia das súas características persoais ou sociais.

Secuenciación de contidos do Segundo Ciclo.

Suprimimos o bloque de saúde, por considerar que debe ir incluído en todos e cada un dos demais bloques para que estes poidan desenrolarse dunha forma axeitada.

Coñecemento do Corpo:

- Toma de conciencia e valoración das posibilidades e limitacións do movemento propio.
- Aceptación das diferencias do propio corpo en relación ós demais.
- Desenrolo da autoestima, como consecuencia da súa valoración e aceptación.
- Progresiva interiorización do esquema corporal. Discriminando e representando o propio corpo e os dos demais.
- Coñecemento máis específico dos elementos orgánicos-funcionais, o ser consciente da mobilidade da columna e da independencia dos segmentos corporais.
- Experimentación de situacións de equilibrio e desequilibrio mais complexas, diminuindo a base de sustentación, a súa estabilidade e elevando o centro de gravidade.
- Orientación espacial con relación ós obxectos e ás persas.
- Reproducción de estruturas rítmicas coñecidas corporalmente ou con instrumentos.

Habilidades e destrezas:

- Continuación do desenrolo global das capacidades físicas e ampliación das habilidades motrices básicas en situacións de xogo e en espazos coñecidos.
- Progreso da adaptación do movemento ás circunstancias e condicións da actividade:
 - controlando os movementos en diferentes entornos cercanos e coñecidos;
 - utilizando formas de desprazamento non habituais,
 - adecuando os movementos á distancia, sentido e velocidade dos desprazamentos dos demais.

- Progreso na resolución de problemas motores, sendo os propios alumnos quen propoñan varias estratexias para resolver un mesmo problema.
- Elaboración de novos esquemas motores (rodar, trepar, etc.).

O corpo e o movemento: medios de comunicación e de expresión:

- Profundización na capacidade de utilizar os recursos expresivos do corpo mediante a exploración e experimentación das súas posibilidades.
- Exploración de algún elemento sinxelo das diferentes manifestacións expresivas asociadas ó movemento (algunha técnica sinxela de mímica, os primeiros pasos locomotores de danza, unha pequena escenificación en dramatización).
- Utilización do xesto e o movemento para representar obxectos, persoaxes, etc. en situacións de xogo.
- Valoración e recoñecemento das posibilidades comunicativas do corpo, así como a utilización na expresión de calidades básicas do movemento (pesado, liviano, forte, floxo, etc.).
- Continuación do traballo de asociar movemento e ritmo, mediante a práctica de danzas e bailes sinxelos, introducindo o baile por parellas e coordinando o movemento propio co dos demais.

Os Xogos:

- Continuación do emprego dos xogos como medio de disfrute, como relación e emprego do tempo libre e utilizando os xogos no ocio.
- A relación a través do xogo progresa:
 - respetando as regras do xogo;
 - aceptando ós outros, con independencia das súas características persoais ou sociais,
 - recoñecendo o feito de ganar ou perder e a oposición como elementos do propio xogo.

Criterios de Avaliacion.

Por medio da avaliación, e non dunha maneira mecánica sinon flexible, tendo en conta o ciclo educativo do alumno e as suas propias posibilidades e características, conoceráse o nivel de cumprimento dos obxetivos xerais.

Ademais a avaliación cumpre unha formación formativa, indicando o mestre si todo marcha ben ou por o contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias do alumno ou para a súa propia metodoloxia.

- Orientarse no espacio con relación ás posicións dos outros compañeiros e obxetos.
- Reproducir estruturas ritmicas coñecidas e traballadas, polo movemento corporal ou con instrumentos.
- Comproba-la coordinación do xesto.
- Ter aumentado, xeralmente, as capacidades físicas básicas segundo o desenvolvemento motor normal respecto a esas idades.
- Comproba-la capacidade de utiliza-los recursos expresivos do corpo.

Con independencia da avaliación, e co fin de explorar as diferentes dimensións da capacidade perceptivo-motriz dos alumnos, seguindo a varios autores e coa nosa propia experiencia, fixemos unha lista de probas que poden ser aplicadas ó final deste Ciclo. Espérase que a gran maioría dos alumnos de 10 anos (80 %) superen gran parte delas (80 %).

<u>Imaxen e Percepción Corporal.</u>	SI	NON
1. Recoñecer a dereita e a esquerda sobre si mesmo.....		
<u>Control da Actitude e Postura.</u>		
2. Manterse en equilibrio sobre un soio pé, cos ollos pechados máis de 8 segundos.....		
3. É capaz de camiñar hacia adiante sobre un banco en posición invertida.....		
<u>Percepción, Organización e Representación Espacial.</u>		
4. Pode reproducir coas mans figuras xeométricas tras observar o modelo.....		
<u>Percepción, Organización e Representación temporal.</u>		
5. É capaz de reproducir golpeando coa man sobre a superficie dunha mesa, unha secuencia rítmica sinxela.....		
<u>Coordinación Óculo-Motriz.</u>		
6. Pode pasarse o balón con outro compañeiro que está a 3 m de distancia.....		
7. É capaz de golpear e interceptar móbiles (pelota, volantes,etc.), axudándose dunha raqueta.....		
<u>Coordinación Locomotriz.</u>		
8. Pode saltar rítmicamente alternando os apoios dun e outro pé (dúas ou tres veces seguidas sobre cada pé e cambiar).....		
9. Pode saltar á comba de forma continuada.....		
10. Pode correr e saltar para caer encima dun plinto que está a 45 cm de altura.		
<u>Potencia.</u>		
11. Pode lanzar unha pelota de tenis a máis de 12 m de distancia, si é neno, e a máis de 10, si é nena.....		
12. Pode saltar verticalmente, cos dous pés xuntos e dende parado, unha altura superior a 20 cms. “detente”.....		
<u>Resistencia.</u>		
13. Pode manter un ritmo moderado de carreira de 5 minutos.....		
<u>Velocidade.</u>		
14. Pode correr 30 m en menos de 6 segundos, si é un neno, e menos de 7 segundos si é nena.....		

Secuenciación de obxetivos do 3º Cicio.

Conceptos:

- Valorar a propia realidade corporal (cambios puberales, corpo sexuado).
- Percibir o corpo como globalidade formada por un conxunto de partes independentes entre si, pero relacionadas en canto o seu funcionamento.
- Desenvolar as capacidades físicas e motrices con móbiles aumentando progresivamente a velocidade de reacción en situacións de xogo .
- Recoñecer os mensaxes que os demais nos queren transmitir, mediante a observación dos seus xestos e movementos.
- Empezar as actividades de iniciación deportiva adaptadas.

Procedementos:

- Discriminar e representar o corpo en movemento.
- Recoñecer a esquerda e a dereita dos demais estando en movemento.
- Profundizar na relexación e respiración muscular.
- Crear novas estruturas rítmicas.
- Desenvolar as habilidades motrices con todo tipo de móbiles.
- Resolver problemas motrices seleccionando estratexias de resolución.
- Utilizar o xesto e o movemento para expresar sensacións, vivencias e sentimentos e comprender mensaxes expresados a través do corpo.
- Crear coreografías, poñéndolle movementos a melodías e cancións coñecidas.

Actitudes:

- Aumentar a autoestima como consecuencia dun maior coñecemento do seu propio corpo.
- Valorar os aspectos expresivos do movemento de un mesmo e dos demais.
- Valorar o contido dos xogos.

- Aceptar de bon grado o papel que lle corresponda como xugador dentro dun equipo.
- Valorar o esforzo e as relacións persoais que supoñen as actividades lúdicas.

Secuenciación de Contidos do Terceiro Ciclo.

Suprimimos o bloque de saúde, por considerar que debe ir incluído en todos e cada un dos demais bloques para que estes poidan desenvolverse dunha forma axeitada.

Coñecemento do Corpo:

- Valoración da propia realidade corporal (cambios puberales, corpo sexuado) e as posibilidades e limitacións do movemento propio.
- Autoestima como consecuencia de un maior coñecemento do seu propio corpo.
- Estructuración maior do esquema corporal, discriminando e representando o corpo en movemento.
- Percepción do corpo como globalidade formada por un conxunto de partes independentes entre si, pero relacionadas en canto ó seu funcionamento.
-
- Recoñecemento da esquerda e dereita nos demais estando en movemento.
- Profundización da respiración e relaxación muscular, ó ter un mellor coñecemento dos elementos orgánico-funcionais.
- Experimentación de situacións e problemas de equilibrio e desequilibrio nos que deben utilizar posicións inestables, incluídos os equilibrios invertidos, que non plantexen risco algún.
- Orientación espacial en movemento, situando os obxectos con relación a outros obxectos e os demais.
- Creación de estruturas rítmicas mediante a combinación das que xa son coñecidas.

Habilidades e destrezas:

- Continuación do desenvolvemento global das capacidades físicas e ampliación das habilidades motrices (botes, desprazamentos, recepcións, lanzamentos, etc) con todo tipo de móbiles (balóns, pelotas, picas, discos voladores, etc.) e iniciando a velocidade de reacción en situacións de xogo.
- Adaptación do movemento ás circunstancias e condicións en distintos medios (acuático, montaña), empregando distintos materiais e adecuándose os estímulos externos.
- Resolución de problemas motrices, seleccionando estratexias de resolución en función de diferentes criterios (economía, orixinalidade, eficacia, etc.).

O corpo e o movemento, medios de comunicación e de expresión:

- Observación dos xestos e movementos dos demais para coñecer os mensaxes que nos queren transmitir.
- Identificación e diferenciación entre si das diversas manifestacións expresivas asociadas ó movemento (mímica, danza, dramatización), profundizando nos elementos xa traballados.
- Utilización do xesto e o movemento para expresar sensacións, vivencias, sentimentos e ideas e comprender mensaxes expresados a través do corpo.
- Improvisación de situacións de comunicación mediante o recordo de experiencias anteriores, a partir de imaxes, música, etc.
- Realización de danzas e bailes individuais, por parellas ou en grupos.
- Creación de coreografías, poñendo movementos a melodías e cancións xa coñecidas.

Os Xogos:

- Comenzo das actividades de iniciación deportiva adeptadas, tendo as mesmas un carácter máis multifuncional e de recreación que de aprendizaxe dunha disciplina deportiva concreta.
- Valoración dos contidos dos xogos.
- Organización e participación, no seu tempo libre, de diferentes tipos de xogos e actividades recreativo-deportivas.

- Coñecemento e utilización das estratexias básicas de cooperación oposición no xogo.
- A relación a través do xogo consolídase:
 - recoñecendo o carácter arbitrario das normas e a posibilidade de adaptación das mesmas por
 - arte do grupo,
 - aceptando o papel que lle corresponde como xogador dentro do equipo,
 - integrando ós demais, evitando a discriminación e controlando as súas condutas agresivas nos xogos de oposición;
 - valoración do seu esforzo e das relacións persoais que supoñen as actividades lúdicas.

Criterios de Avaliación.

Por medio da avaliación, e non dunha maneira mecánica sinón flexible, tendo en conta o ciclo educativo do alumno e as súas propias posibilidades e características, conoceráse o nivel de cumprimento dos obxetivos xerais.

Ademais a avaliación cumpre unha formación formativa, indicando o mestre si todo marcha ben ou por o contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias do alumno ou para a súa propia metodoloxía.

- Axusta-los movementos corporais ás relacións espaciais e temporais.
- Inventar e facer estruturas rítmicas sinxelas.
- Adiantarse a un móbil na súa traxectoria e velocidade para recibilo e golpealo.
- Ter aumentado, xeralmente, as capacidades físicas básicas.
- Comprobar si os alumnos son capaces de relaciona-la práctica de exercicio e o mantemento e mellora da saúde como ben individual e social.
- Ve-la utilización dos recursos de expresión do corpo para comunicar ideas e sentimentos, e representar personexes ou feitos

Con independencia da avaliación, e co fin de explorar as diferentes dimensións da capacidade perceptivo-motriz dos alumnos, seguindo a varios autores e coa nosa propia experiencia, fixemos unha lista de probas que poden ser aplicadas o final deste Ciclo. Espérase que a gran maioría dos alumnos de 12 anos (80 %) superen gran parte delas (80 %).

<u>Organización e representación corporal.</u>	SI	NON
1. Disimetría: con brazos estendidos lateralmente, tocar alternativamente e con certa rapidez co extremo do dedo índice o nariz, durante 15 segundos.....		
2. Disociación: dar unha palmada, golpear co pé dereito no chan, dar outra palmada e golpear co pé esquerdo. Continuar unhas 10 segundos, aproximadamente.....		
<u>Control da Actitude e Postura.</u>		
3. Equilibrio estático: permanecer sobre un solo apoio con brazos cruzados sobre o peito, e cos ollos pechados un mínimo de 5 segundos.....		
4. Equilibrio dinámico: andar sobre un banco sueco invertido (hacia adiante e atrás)...		
<u>Percepción, Organización e Representación Espacial.</u>		
5. Cos ollos pechados, camiñar e tratar de deterse dentro dun círculo de 1m de diámetro marcado no chan e posto a 4 metros.....		
<u>Percepción, Organización e Representación temporal.</u>		
6. Sobre unha mesa, repiqueteo alternativo das mans (4-5 veces con cada unha).....		
<u>Coordinación Óculo-Motriz.</u>		
7. Pasar e recibir, con un compañeiro, un balón de balonvolea con seguridade a unha distancia de 3m.....		
8. Botar, alternativamente, un balón de baloncesto (unha man, outra e as dúas).		
9. Lanzar unha pelota de tenis a un blanco de 1m de lado e a 50 cms do chan, colocado a 7 m. (Nº de acertos 2-3 para as rapazas e 3-4 para os rapaces sobre un total de 6 lanzamentos).....		
<u>Coordinación Locomotriz.</u>		
10. Conducir á pata coxa unha caixa de mistos ou taco de madeira entre 2-5 min.....		
11. Correr entre cordas situadas transversalmente e separadas 3,5 m e ó menos 14 m (4 tramos para alternar o inicio con cada perna dúas veces facendo 3 apoios cada vez).....		
<u>Axilidade.</u>		
12. Tumbado supino, levantarse rapidamente a un sinal.....		
13. Saltar no sitio, xirando ½ v. ¾ e 1 completa.....		
<u>Potencia.</u>		
14. Lanzar coas dúas mans un balón medicinal de 2Kg. (Lograr entre 3 e 3,5 mts as rapazas e 3,5 e 4 mts os rapaces).....		
15. Salto horizontal, cos dous pés xuntos e desde parado. As rapazas deben pasar de 1,25 m e os nenos de 1,40 m.....		
<u>Resistencia.</u>		
16. Pode manter un ritmo moderado de carreira de 9 minutos.....		
<u>Velocidade.</u>		
17. Recorrer 30 m en 6,5 seg as rapazas e 6 os rapaces.....		

CRITERIOS METODOLOXICOS.

Dentro do curriculum, as orientacións metodolóxicas van ser nunha ampla medida responsabilidade do mestre, tendo en conta que orientarase o desenrolo xeral do alumno, integrando as súas distintas experiencias e aprendizaxes. O ensino terá un carácter persoal e adaptarase ós distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno.

Pensamos que o alumno non debe ser un mero realizador das tarefas propostas, sinon que debe coñecer, ó menos, o por qué e o para qué das tarefas, de maneira que asimile dunha forma práctica os coñecementos sobre o seu corpo e seu funcionamento, así como as súas posibilidades motrices e experimente con elas.

O mestre ten que cumprir unha misión dinamizadora e informadora. Información, entendida en sentido positivo de ánimo e guía hacia o descubrimento de novas opcións e posibilidades. Esta información basarase no desenrolo da actividade motriz máis que no resultado da mesma.

Esta metodoloxía ten que ter un enfoque globalizador, pois plantearánselle ós alumnos situacións de aprendizaxe encadrados dentro dun contexto, facilitando así o aprendizaxe significativo.

Hai que ter en conta tamen a actividade constructiva do alumno xa que é un factor decisivo na realización dos aprendizaxes escolares. É o alumno quen no último caso modifica e reelabora os esquemas do coñecemento, construindo o seu propio aprendizaxe. Neste proceso o mestre actuará como un guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativos que permiten establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previos e os novos contidos.

A metodoloxía na área de Educación Física debe ter en conta os seguintes principios:

- Flexible: permitindo axustar as propostas o ritmo de ca alumno.
- Activa: o alumno é o protagonista da súa propia acción.
- Participativa: favorecerá o traballo en equipo.
- Inductiva: debe favorecer o autoaprendizaxe.
- Integradora: non hay unha resposta motriz única, senon unha mellora da actividade motriz en relación ó punto de partida.
- Lúdica: aplicar os aprendizaxes motrices os distintos xogos.
- Creativa: as novas propostas estimularán a creatividade.

Técnicas de Ensino:

- Mando directo: o alumno xoga un papel pasivo. O mestre proporciona a información sobre a solución dun problema plantexado, concretando cómo debe ser a súa execución.
- Reproducción de modelos: o alumno trata de imitar un modelo concreto de actividade motriz con xestos ou exercicios determinados.
- Resolución de problemas: o alumno debe encontrar a resposta por si solo. Despois de analizar os resultados a nivel de grupo.
- Ensino recíproco: propónse o traballo por parellas, na que o compañeiro encargase da observación da tarefa e suministra a información a quen a executa.
- Asignación de tarefas: o mestre indica as tarefas a realizar.
- Ensino individualizado: o mestre actúa con cada alumno en función das súas necesidades.
- Búsqueda: o alumno presenta un problema motriz e el mesmo trata de encontrar a solución.

ORGANIZACIÓN DA CLASE.

A organización da clase de Educación Física, é moito máis complexa que calquera outra que se imparta nunha aula, unha boa organización axudarános a conseguir os obxetivos propostos e, a partir desta, desenrolar unha boa educación.

Para todo isto temos en conta catro factores que son de gran operatividade.

- 1.- Participación do maior número de alumnos co material de que dispoñemos.
- 2.- Utilización do material e instalacións coas que traballamos.
- 3.- Que nos aforre tempo para dedicarnos a observación e reforzo daqueles alumnos que o necesiten.
- 4.- Que incida nas responsabilidades do alumno.

Ademais desto para unha boa estruturación e desenrolo do proceso educativo teremos en conta:

- Coñecer ben a estrutura social do grupo.
- As características físicas do alumno.
- O ter a precaución de non xuntar líderes fortes ou alumnos que se rechacen pero sin alterar o equilibrio físico.

Partindo deste análise e tendo en conta os tres puntos anteriores, dotamos á clase da seguinte estruturación, heteroxenia e equilibrada.

- 1.- Dous ou tres equipos, según o número de alumnos.
- 2.- Dentro de cada equipo formanse grupos de traballo.
- 3.- Para o traballo individual organizanse parellas dentro do grupo.

O noso obxectivo na estruturación proposta anteriormente é a de conseguir estabilidade, equilibrio, participación, responsabilidade, motivación, cooperación e evitar tensións e rechazos dentro do grupo.

Á hora de plantexarnos esta estruturación pensamos nas ventaxas que nos proporcionaría:

- a).- Traballar en forma de equipo, sendo os alumnos os que se organizan e controlan o seu propio traballo en función das propostas plantexadas, mantendo desta forma o principio de participación e actividade.
- b).- Cooperación entre os mais desenrolados cos menos, potenciando así o principio de flexibilidade.
- c).- Integrar e valorar os mais débiles, considerando desta forma unha metodoloxía integradora, situando os alumnos en función das súas posibilidades.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Frentes frios, precipitacións, elementos climatolóxicos que nos acompañan durante 4 ou 5 meses do curso escolar, xunto coa expresión corporal, actividades relacionadas co ritmo, actividades de relaxación e deportivas, etc. non cabe duda que son razóns suficientes que xustifican a necesidade de que os centros de primaria dispoñan de unha instalación cuberta adecuada para poder desenrolar con continuidade e un mínimo de garantías o programa de Educación Física, para chegar a conseguir unha eficacia mínima no desenrolo do noso proxecto.

NORMAS DE SEGURIDADE.

Dende o punto de vista do ensino, o mestre téñ que ter en conta os dous tipos de risco: o real e mailo suxectivo, e poñerá unhas situacións de prácticas primeiras que sexan o suficientemente acouga para o alumno sen que intente queimar periodos.

O risco redúcese grandemente, polo demais, pola progresión da aprendizaxe, co que atoparemos, que o que nun principio era perigoso, agora pola práctica chega a ser habitual.

As premisas didácticas a ter en conta son:

- Avalia-las causas do perigo real e o suxectivo.
- Familiarización do alumno coas sensacións fundamentais das que depende a seguridade.
- Poñer situacións de práctica progresivas nas que o risco sexa aminorado.
- Darlle ó alumno pautas precisas de actuación sen risco, ó mesmo tempo que se enfrenta á situacións de execución global.

Asemade, nas situacións de risco real grande, non fai falta soamente unha boa condición física, senón que hai que estar ben preparado psicolóxicamente.

O DEPORTE.

O deporte escolar hoxe en día, non cumpre función educativa; e a medida que pasa o tempo vai dexenerando o seu fin educativo.

A práctica prioritariamente deportiva téñen uns métodos analíticos e conductistas, e ó perseguir un rendemento e competición fai ás veces que por mais farase pouco atractivo.

Pola outra banda, o excesivo tecnicismo e carga exhaustiva sobre un deporte facera moitas veces un labor contraproducente, creando atrofas orgánicas no caso dunha especialización precoz, e reduce a dispoñibilidade motriz xeral.

Nos xogos infantís espontáneos e máis nos tradicionais, de todos coñecidos, xurde de xeito espontáneo o aspecto lúdico-competitivo, pois é inherente no proceso de interacción social.

Con todo iso, o deporte non sairá dun proceso educativo axeitado mais para que sexa educativo terá que acadar: que sexa dun xeito aberto a todos sen marxinacións e que os seus fins sexan educativos e non só ganar/perder.

ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Referímonos neste apartado ós alumnos nos que os problemas no desenvolvemento motor e dificultades no aprendizaxe, son significativamente maiores que no resto dos compañeiros.

O factor fundamental a ter en conta, é a detección das deficiencias, problemas ou necesidades.

Consideramos que as necesidades educativas relacionadas co ámbito perceptivo-motor forman un dos aspectos de acción prioritaria nos educadores.

Conven recordar que estémonos referindo, fundamentalmente, a adquisición de hábitos básicos. Básicos para o seu dominio do entorno físico que o rodea, para a súa relación co medio social e para a adquisición doutros aprendizaxes máis complexos. Estes hábitos, difíciles de categorizar, comprenden desde a actitude postural á destreza manipulativa. Ambas, imprescindibles no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Si noutras áreas manifestase unha ampla gama de diferenzas individuais, na Educación Física estas diferenzas manifestanse de forma clara; ben pola tipoloxía corporal e a influencia que ten sobre o rendemento motor ou ben na forma de moverse e de interactuar nas actividades da clase.

Os problemas de movemento e de coordinación manifestanse polas dificultades do alumno para comprender, organizar e controlar os seus movementos e adaptarse os requirimentos do medio ambiente e do mestre.

O mestre debe estar atento ás dificultades cos seus alumnos poden presentar ó correr, lanzar, saltar, equilibrarse, recibir obxectos, etc para detectar si é:

- Un déficit, debido principalmente nunha falta de experiencias motrices.
- Unha disfunción, na que se manifesta un problema neuromuscular.
- Un retraso, no que evidencia unha clara inmadurez nas súas condutas motrices.
- Unha dispraxia ou desorganización dos seus movementos.
- Unha desviación, onde se destaca unha clara alteración dos seus rendementos motores en relación os seus compañeiros.

Non cabe dúbida de que os últimos casos son os máis chamativos e, tras a súa primeira detección, deberán ser tratados. Son os primeiros os que poden pasar desapercibidos polo mestre, vivindo o alumno un constante fracaso motor o non ser motrizmente capaz de responder os requirimentos plantexados polo mestre e ou os seus compañeiros.

A determinación da acción docente e o deseño e desenvolvemento das actividades máis adecuadas, permitirá que, progresivamente, vivan o éxito, melloren o seu

autoconcepto, eliminen as dificultades nas súas relacións sociais, eleven a súa aptitude física e aumenten os seus aprendizaxes motrices e deportivos.

Por termo xeral, os problemas de movemento na escola manifestanse por unha pobreza nas súas conductas motrices.

O dominio e control destas habilidades básicas, facilitará o proceso de integración nas clases regulares.

É necesario recordar que, ó analizar e seleccionar axeitadamente as tarefas que deben ser feitas por estes alumnos, debemos ter en conta que eles son conscientes das súas propias capacidades.

CRITERIOS DA AVALIACIÓN PARA EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA

Primeiro Ciclo

- Orientarse, respecto a si mesmo, no espazo coñecido coas relacións básicas.
- Sincronización do movemento corporal, a través das estruturas rítmicas sinxelas coñecidas e traballadas.
- Ter aumentado xeralmente as capacidades físicas básicas segundo o desenvolvemento motor normal.
- Valora-la naturalidade e espontaneidade de resposta corporal ante estímulos sensoriais.
- Comproba-las normas de hixiene persoal do alumno en relación coa actividade física.

Segundo Ciclo

- Orientarse no espazo con relación ás posicións dos outros compañeiros e obxectos.
- Reproducir estruturas rítmicas coñecidas e traballadas, polo movemento corporal ou con instrumentos.
- Comproba-la coordinación de xesto.
- Ter aumentado, xeralmente, as capacidades físicas básicas segundo o desenvolvemento motor normal respecto a esas idades.
- Comproba-la capacidade de utiliza-los recursos expresivos do corpo.

Terceiro Ciclo

- Axusta-los movementos corporais ás relacións espaciais e temporais.
- Inventar e facer estruturas rítmicas sinxelas.
- Adiantarse a un móbil na súa traxectoria e velocidade para recibilo e golpealo.
- Ter aumentado, xeralmente, as capacidades físicas básicas.
- Comprobar se os alumnos son capaces de relaciona-la práctica de exercicio e o mantemento e mellora da saúde como ben individual e social.
- Ve-la utilización dos recursos de expresión do corpo para comunicar ideas e sentimentos, e representar personaxes ou feitos.

ÁREA DE FORMACIÓN RELIXIOSA

SECUENCIACIÓN OBXECTIVOS	1º CICLO
1.- Coñece-lo alcance e significado de determinados acontecementos, palabras, afirmacións, expresións e textos claves da fe católica e saber relacionalos para conseguir unha sinxela visión de síntese da devandita mensaxe.	- Coñecer, desde a fe católica, o que significa que Deus é Pai e Creador, a través dos acontecementos, palabras, expresións... do contorno no que vive o neno ou a nena.
2.- Manexa-los principais libros da fe cristián e iniciarse na utilización do N.T.; coñecer, así mesmo, os elementos fundamentais do ciclo litúrxico (Advento, Nadal...).	- Observar e coñece-los elementos fundamentais do Nadal, Semana Santa e Pascua, a través dos costumes relixiosos populares galegos, así como dos relatos evanxélicos.
3.- Coñecer e valora-los principais modelos de vida, propostos pola fe cristián a través dalgúns personaxes do A. e N.T., en especial, Xesucristo, e maila V. María, e de protagonistas sobranceiros da historia da Igrexa.	- Coñecer e valora-los rasgos máis importantes da vida de Xesús, de María e dos Apóstolos, referentes ás súas relacións cos demais.
4.- Mostra-la importancia da Igrexa Universal e das súas comunidades locais, para valora-la súa acción evangelizadora e caritativa, cultural e social, analizando casos actuais e mais algúns momentos cruciais da historia.	- Observa-los elementos visibles da Igrexa galega, e descubrir que, a comunidade cristián, é a familia de Deus.
5.- Utiliza-los recursos da linguaxe corporal e simbólica que permiten expresar experiencias relixiosas, con vista a adquirir unha visión elemental e estruturada dos sacramentos; e tamén unha visión elemental dalgunhas expresións artísticas do cristianismo.	- Recordar-los símbolos empregados nos sacramentos do Bautismo, Eucaristía e do Perdón, descubriendo neles, a presenza e a acción de Xesús.
6.- Acceder a unha primeira análise e interpretación de certos interrogantes profundos do ser humano (vida, morte, dor, liberdade) para valora-las respostas da fe cristián e sacar conclusións.	- Observar algunhas imaxes da Semana Santa galega (parroquial) e descubrir nelas o amor de Xesús e de María ós homes e mulleres.

7.- Recoñecer e valora-la dignidade do corpo e a importancia da natureza, analizando afirmacións fundamentais da mensaxe cristián (Creación por Deus, Encarnación de Cristo e Redención, o corpo templo do Espírito Santo, a resurrección da carne) para facer aplicacións á vida persoal e social.	- Valora-la natureza e ó propio corpo, como unha obra maravillosa de Deus, aprendendo a cuidalos.
8.- Observar e analizar certos usos e costumes da práctica cristián habitual en relación ó seu ámbito familiar e social (saúdos cristiáns, compostura nas celebracións) para darse conta do seu valor e poder comportarse en consecuencia.	- Valora-la natureza e ó propio corpo, como unha obra maravillosa de Deus, aprendendo a cuidalos.
9.- Descubri-lo sentido cristián de actitudes e accións de inserción e participación social (sinceridade, paz e alegría, comprensión e perdón, respecto e obediencia, colaboración e solidariedade, amor... e valoralas para comprende-lo que aportan na vida persoal, na convivencia e na pertenza á comunidade.	- Recoñecer actitudes básicas cristiáns para a convivencia e valoralas.
10.- Tomar conciencia de que a fe cristián convida sempre á acción para mellorar todo aquilo que ten que ver cun mesmo, cos demais, e co medio ambiente, aplicándoo a casos e actuacións concretas.	- Observar nalgúns vidas de santos episodios que manifestan como o maior de Deus levounos a amar ás persoas do seu entorno.
11.- Coñece-los datos máis relevantes do marco da súa experiencia situacional concreta (costumes da parroquia ou comarca, cultura, arte, historia...) que garda relación coa fe católica, para aprender a interpreta-las expresións relixiosas dos símbolos, imaxes e conductas.	- Identificar datos e elementos relixiosos do entorno do alumno e alumna, coa fe cristián.

2º CICLO	3º CICLO
1.- Coñece-lo significado dos acontecementos, afirmacións e expresións da fe católica referidos á persoa de Xesucristo e á maneira de facerse presente entre os cristiáns.	- Coñece-lo alcance e significado dos acontecementos e textos referentes á fe católica, e suliñar neles, a salvación ofrecida por Deus ó home.
2.- Manexa-os Evanxeos e algúns textos das cartas dos Apóstolos, relacionando o ciclo litúrxico coa vida de Xesús.	- Manexar e utiliza-os libros da Biblia descubrindo os momentos fundamentais da Hª da Salvación co protagonismo de Cristo e da súa Igrexa, así como a relación co C. Litúrxico.
3.- Coñecer e valora-os episodios principais da vida de Xesús, e de María e dos santos.	- Coñecer e valora-las grandes figuras da Hª da Salvación que prepararon a chegada de Xesús e algúns protagonistas destacados da vida humana.
4.- Analiza-os feitos e actividades da Igrexa e comproba-lo sentido de unidade do corpo de Cristo.	- Valora-la acción cultural e social da Igrexa, Pobo de Deus no momento presente e nas encrucillas da Hª humana.
5.- Coñecer e expresa-lo sentido dos sacramentos da vida cristián e descubri-lo paralelismo co proceso da vida do ser humano.	- Comprende-os sacramentos sociais do pobo cristián, e a súa función na Igrexa, utilizando os recursos da linguaxe corporal e simbólica.
6.- Valora-la vida e o amor ó proximo como elementos que Xesús proclama e que fan felices ás persoas.	- Interpretar sucesos e acontecementos, reais ou novelados sobre os interrogantes profundos do ser humano, a luz da fe católica.
7.- Valora-lo nos corpo á luz da Encarnación e Resurrección de Cristo, aprendendo a respecta-la súa dignidade.	- Recoñecer e valora-la dignidade do ser humano, xa que o seu corpo é templo do E.S. , chamado a resucitar para sempre en Xesús.
8.- Observar e valora-lo alcance de certos usos e costumes cristiáns do entorno dos alumnos e asumilos ou respetalos.	- Descubri-los rasgos fundamentais dun cristián, que actúa dacordo coa súa fe.

9.- Descubri-lo sentido cristián dalgunhas actitudes que favorecen a convivencia e a pertenza á comunidade eclesial.	- Comprender e valora-la aportación á vida persoal e comunitaria, das actitudes derivadas do amor cristián para a inserción social.
10.- Localizar na Igrexa e no mundo actual, persoas que coa súa vida e acción axudan a millora-la sociedade.	- Descubrir que as actividades da Igrexa forman parte da súa misión salvadora, e saber valoralas.
11.- Descubrir no entorno cultural do neno/a, expresións artísticas sobre Xesús e a V. María, valorándoas como manifestacións de fe.	- Interpreta-las expresións artístico-relixiosas, como un servizo da Igrexa á Cultura.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

I.- Contidos Conceptuais.
1º.- DEUS PAI E CREADOR. - Acontecementos con sentido relixioso que se desenvolven no ambiente, donde viven os nenos/nenas. - Ocasións, na vida dos nenos/as, en que se usan cousas da natureza, para accións relixiosas. - Imaxes relatos e parábolas evanxélicas que utiliza Xesús referíndose ó coidado que Deus ten do ser humano e da natureza. - Relatos evanxélicos nos que o home é chamado por Deus a coidar do próximo. - Narracións de Xesús sobre a creación. - Capacidade de decisión da persoa humana: dona e responsable dos seus actos.
2º.- XESUS E MARIA. - Relatos do N.T. nos que aparece a intervención de Deus na historia humana, a través de Xesús. - A vida e a predicación de Xesús no N.T. - Expresións e manifestacións públicas que conteñen unha referencia a XC. (Cruceiros, petos de ánimas, ermidas, nomes de rúas). - Manifestacións da fe da Igrexa, que pasaron a ser patrimonio da cultura. División da Hª, Domingo, obras de arte con Xesús (Encarnación, Nadal, Reis, Semana Santa...). - Oracións, cánticos e devocións que expresan a fe en Xesús: liturxia, festas, refráns... - Manifestacións da comunidade cristián, nas que ésta expresa a súa fe, respecto da V. María, Nai de Xesús. - Principais festas de como vai decorrendo a vida de Xesús nos Evanxeos. - Narracións do Evanxeo, nas que aparece a presenza de María. - Significado descriptivo elemental dos termos máis importantes, cos que a Igrexa da a V. Mª. na fe cristián. - Manifestacións folclóricas culturais ou artísticas, de donde viven, sobre a V. Mª: bailes típicos, exvotos, oracións... - Principais manifestacións da cultura e arte universal. - Composicións musicais de contido relixioso. - Obras da pintura e escultura relixiosa.
3º.- NADAL, SEMANA SANTA. - Conceptos que se aplican ós feitos principais da vida de Xesús: Encarnación, Evanxeo... Significado descriptivo elemental. - O tempo litúrxico e as festas cristiáns: Milagres, S. Bieito... - Narracións e imaxes do N.T. nas que se presentan modelos de conducta cristián cun mesmo, cos demais e con Deus. - Modelos e testemuñas históricas do comportamento cristián.
4º.- IGREXA, FAMILIA DE DEUS - Contacto co templo cristián e persoas representativas da Igrexa: Igrexa parroquial, catedral diocesana, bispo Ourense... - Manifestacións externas, tanto da estrutura visible da Igrexa e dos vínculos espirituais nos que se unen tódolos membros. - Significado descriptivo da Igrexa, e mais do rico vocabulario que ten para designar os seus membros e accións: Pobo de Deus.
5º.- SACRAMENTOS. - Accións sacramentais que dan continuidade á misión salvadora de Xesús. - Manifestacións do cumprimento do mandato do Señor e a acción mioneira da Igrexa. - Xesús manda ó Espírito a súa Igrexa e permanece nela ata o fin dos tempos. - Obxectos e accións da vida cotián semellantes ós signos litúrxicos: comida, auga, luz, cores...

- Celebracións sacramentais. - Narracións bíblicas de acontecementos que son arquetipo dos signos ou celebracións litúrxicas: Bautismo de Xesús, imposición... - Relatos do N.T. que están na orixe da celebración dos sacramentos. - Significado descriptivo dos termos litúrxicos máis importantes: templo, altar... - Partes principais da celebración dos sacramentos do Bautismo, Perdón, Eucaristía. - A Eucaristía, fonte emeta de toda celebración da vida cristián.
6º.- Cf. Obxect. 2 e 3. - Manifestacións da fe da Igrexa en Xesús, que pasaron a ser patrimonio da cultura: división da Hª, domingo, obras de arte... - As obras de arte expresan a fe.
7º.- Cf. Obxect. 1.
8º.- MORAL CRISTIAN. - Feitos coñecidos polo alumnado, sobre os que se formula un xuízo espontáneo sobre a súa bondade ou malicia: “Iso non é xusto” “mereceo”... - Modelos e normas de relación cun mesmo que teñen a súa orixe nos principios da moral cristián. - Modelos e normas de relación cos demais, especialmente coa familia, que teñen orixe na moral cristian.
9º.- Descricións do N.T. relacionadas coas normas fundamentais da conducta cristián. - O amor como principio regulador das normas e modelos da moral cristián. - Descrición elemental das frases e termos que expresan a relación do cristián cos demais: amor ó proximo, defende-la vida.
10º.- Cf. Obxect. 2 e 3.
11º.- Cf. Obxect. 1.
II.- Contidos Procedimentais.
1º.- Observación e análise das relacións entre a vida do home e a natureza, que teñen lugar no ambiente en que viven os nenos. - Reconstrución da mensaxe amorosa de Deus, recollida en parábolas e relatos bíblicos, mediante a escenificación, mimo... - Observación e análise de accións que se dan no entorno do neno/a, ou que coñecen polos medios de comunicación. - Comparación entre as características dos seres humanos, animais e plantas. - Observación e análise do significado das nosas manifestacións folclóricas, culturais ou artísticas, de carácter relixioso.
2º.- Observación de datos referentes a Xesús ou á V. Mª que se dan no entorno dos alumnos. - Reconstrución esquemática da vida de Xesús e de María. - Localización, lectura e comentario de textos bíblicos fundamentais. - Reconstrución de pasaxes bíblicas mediante recursos de expresión plástica ou dramática. - Comentario de textos significativos sobre Xesús e a V. María.
3º.- Cf. Obxect. 2 - Reconstrución de accións de modelos históricos (Vida santos).
4º.- Exploración de datos sobre a Igrexa do entorno dos alumnos.
5º.- Observación, análise e reconstrución de datos da experiencia do neno/a, en referencia ós sacramentos. - Lectura de relatos bíblicos e pasaxes evanxélicos en relación cos sacramentos.

6º.- Observación e análise do significado das nosas manifestacións folclóricas, culturais ou artísticas de carácter relixioso: Camiño de Santiago... - Utilización e estudo de láminas como manifestacións relixiosas dunha época.
7º.- Cf. Obxect .1
8º.- Observación e análise de accións que se dan no ambiente dos alumnos, ou que coñecen polos medios de comunicación. - Comparación entre as actividades dos seres humanos.
9º.- Reconstrución de formas de comportamento moral vixentes no contorno dos alumnos. - Lectura e escolma de datos no N.T. clasificando as principais normas de conducta que nos deu Xesús.
10º.- Cf. Obxects. 2, 3 e 4.
11º.- Observación de datos referentes a Xesús ou á V. Mª, que se dan no ambiente dos alumnos. - Exploración de datos sobre a Igrexa da parroquia e da catedral de Ourense, nome do Bispo... - Observación de datos de experiencia dos rapaces, en relación cos sacramentos.
III.- Contidos Actitudinais.
1º.- Actitude de escoita e atención á natureza valorándoa na súa calidade de “signo” de atributos de Deus. - Actitude de confianza da realidade natural como positiva. - Normas que regulan a relación “ser humano-natureza”. - Normas que, desde a perspectiva cristián, regulan a relación de cada un consigo mesmo e cos demais. - Actitudes e normas na relación “home-Deus”: lembranza, loubanza, agradecemento...
2º.- Actitude de admiración e respecto ante a figura de Xesús. - Actitude de interese, curiosidade e respecto cara as expresións e imaxes que fan referencia a Xesús e María. - Valor relixioso, familiar e social das grandes festas e celebracións que teñen a Xesús e a Mª, como protagonistas. - Valoración da arte e da cultura, como manifestacións das vivencias humanas e cristiáns do noso pobo e doutros pobos.
3º.- Cf. O derrediros obxect. 2º
4º.- Valor fundamental da pertenza a unha comunidade parroquial concreta que reclama unha actividade participativa nela.
5º.- Valor da comunidade universal formada pola totalidade dos homes: un proxecto divino para a humanidade. - Actitude positiva e comprometida diante da tarefa do ser humano no mundo. - Valorar, admirar e sentirse orgulloso dos nosos templos e festas. - Valor central da Eucaristía. - Respeto ós lugares sagrados e ás normas de celebración.
6º.- Valoración da arte e cultura, como manifestacións das vivencias humanas e artísticas do noso pobo e doutros pobos. - Valoración do relixioso como compoñente importante da arte e da cultura. - Actitude de busca da experiencia persoal expresada polo autor/ra, nesas obras de arte.
7º.- Actitude de respecto e valoración da sexualidade.

8º.- O valor de ter un punto de referencia a normas, modelos e acontecementos do pasado, para determina-la conducta presente.
9º.- O valor de saber facer referencia a normas, modelos e acontecementos do pasado, para determina-la conducta presente.
10º.- O valor de saber facer referencia ós modelos do pasado.
11.- Actitude de interese, curiosidade e respecto cara ás expresións e imaxes relixiosas. - Valor fundamental da pertenza unha comunidade parroquial concreta, que reclama unha actitude de participación activa nela. - Valoración do relixioso, como compoñente importante da cultura do pobo galego e doutros pobos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1º.- Conseguir que Xesús, amosounos a Deus como o noso pai. - Descubri-la creación e a vida, como regalo de Deus, para os seres humanos.
2º.- Situar e descubrir relatos evanxélicos sobre Xesús.
3º.- Situar e descubrir relatos evanxélicos sobre o nacemento de Xesús, a súa morte e resurrección, a partir da observación dos elementos relixiosos do medio no que viven os rapaces.
4º.- Descubrir que a Igrexa é a gran familia de Deus, observando os elementos que a constituen e que, o neno/a, percibe no seu ambiente.
5º.- Situa-la presenza de Xesús no Bautismo, na Eucaristía e no Perdón.
6º.- Descubrir e valorar relatos evanxélicos sobre o nacemento, morte e resurrección de Xesucristo.
7º.- Descubri-la creación e a vida, como un regalo de Deus para os seres humanos.
8º.- Descubrir e valorar algunhas actitudes e comportamentos dos alumnos/as con outras persoas, mediante a reconstrución de escenas sacadas da vida, de narracións, de películas...
9º.- Recoñece-la existencia, por medio do diálogo, lecturas..., da propiedade persoal e comunitaria, para aprender a compartí-la e respetala.
10º.- Descubrir que o mandamento do amor é o fundamento da vida cristián.
11º.- Observar e recoller datos relacionados coa relixiosidade do entorno no que viven os alumnos: palabras, expresións, manifestacións que observan.

CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO, A PARTIR DOS CORRESPONDENTES OBXECTIVOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

1º.- Expresións da linguaxe popular sacadas de acontecementos ou persoaxes bíblicos: "É un Adán", "É un anxo".

- Acontecementos que chegan ó neno/a a través do cine, TVG, cancións, literatura infantil....

2º.- X E S Ú S

- Relatos do N.T. nos que aparece a intervención de Deus na historia humana a través de Xesús.

- A vida e a predicación de Xesús no Novo Testamento.

- Principio da progresividade da Revelación.

- Principio do Cristocentrismo da Historia da Salvación.

- Manifestacións da fe da Igrexa en Xesús.

- Festas nas que a Igrexa celebra a súa fe na persona ou na acción de Xesús.

- Oracións, cánticos e devocións que expresan a fe na persona nas accións de Xesús.

- O tempo litúrxico e as festas cristiás.

3º.- XESÚS, MARÍA E OS SANTOS

- Expresións e manifestacións públicas na actualidade que conteñen unha referencia a Xesucristo: cruceiros, petos...

- Manifestacións da comunidade cristiá nas que se expresa a súa fe na Virxe María, Nai de Xesús: V. dos Milagres, Barca...

- Principais feitos de como vai decorrendo a vida de Xesús nos Evanxeos.

- Conceptos que se aplican ós feitos principais de vida de Xesús.

- Narracións do Evanxeo e dos Feitos dos Apóstolos nas que aparece a presenza da Virxe Maria.

- Relatos do N.T. nos que as testemuñas afirman, que Xesús é o Mesías prometido, o Fillo de Deus, que resucitou.

- Significado descritivo das expresións: "Xesús é verdadeiro home", "Xesús é Mediador entre Deus e o home".
- Significado descritivo dalgúns nomes de Xesús.
- Significado descriptivo elemental dos termos mais importantes cos que a Igrexa expresa o lugar da Virxe Maria na fe cristiá.

4º.- IGREXA.

- Contacto co templo cristián: igrexas parroquiais, diocesana.
- Accións sacramentais que dan continuidade á misión salvadora de Xesús.
- Contactos con persoas representativas: Papa, Bispos.
- Xesús manda o Espírito á súa Igrexa e permanece nela.
- Significado descritivo de Igrexa.
- Significado descritivo-elemental das características fundamentais da Igrexa de Xesús.
- Significado descriptivo do rico vocabulario que ten a para desinar ós membros.
- Obxectos e accións da vida cristiá semellantes ós signos litúrxicos.
- Signos litúrxicos cristiáns.

5º.- SACRAMENTOS.

- Celebracións sacramentais.
- Relatos do N.T que están na orixe da celebración do sacramento.
- Significado descritivo dos termos litúrxicos máis importantes.
- Partes fundamentais da celebración de cada sacramento.
- Componentes e modos de conducta que son consecuencia das actitudes expresadas nas accións litúrxicas.

6º.- MORAL CRISTIÁ.

- Imaxes, parábolas evanxélicas, que utiliza Xesus, referíndose ó cuidado, que Deus ten do ser humano.

- Relatos evanxélicos nos que o home é chamado por Deus a cuidar do próximo.
- Deus promete e cumpre a súa promesa da salvación na persoa de Xesús.
- Descricións do N.T. relacionadas coas normas fundamentais da conducta cristiá.
- Narracións e imaxes do N.T. nas que se presentan modelos de conducta cristiá.
- O amor como principio regulador das normas e modelos de moral cristiá.

7º.- DIGNIDADE HUMANA.

- Amor de Deus ó ser humano.
- Narracións da Xénese sobre a Creación do ser humano.
- Xesús salva o home.
- Conceptos que se aplican ós feitos principais da vida de Xesús.
- Relatos do N.T. que expresan que Xesús é verdadeiramente home.
- Presencia do mal moral.
- Modelos e normas de relación cun mesmo, e cos demais.
- Sentido elemental dos termos que expresan a relación con Deus, consigo mesmo e cos demais.

8º.- USOS E COSTUMES CRISTIÁNS.

- Signos litúrxicos que expresan o sentido de algunhas relacións humanas.
- Expresións e ritos litúrxicos.
- Festas e oracións, nas que a Igrexa, celebra a súa fe.
- Accións e manifestacións cristiás.
- Xestos, posturas e movementos litúrxicos.

9º.- CONVIVENCIA.

- Xesús congrega ó seu arredor a un grupo de discípulos.
- Xesús manda o seu Espírito a Igrexa e permanece nela.

- Feitos significativos, de relación defectuosa ou mala consigo mesmo, cos demais ou cas cousas.
- Modelos e normas de relación cos demais.
- Descrición elemental das frases e termos que expresan a relación do cristián cos demais.
- Modelos e testemuñas históricas de comportamentos cristiáns.

10º.- TESTIMUÑO.

- Contacto con persoas representativas da Igrexa.
- Manifestacións externas de realiza-la actividade propia da Igrexa.
- Manifestación do cumprimento do mandato do Señor: "Ide e predicade o Evanxeo".
- Aportación permanente da Igrexa a promoción humana.

11º.- Manifestacións culturais, folclóricas ou artísticas do entorno do neno ou nena.

- Principais manifestacións da cultura e arte universal.
- Composicións musicais de sentido relixioso.
- Feitos decisivos para a configuración da historia de Galicia e de España.
- Obras da pintura e escultura relixiosa.
- Obras de arte relixioso como expresión de fe.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS:

1º.- Recollida e observación de expresións de carácter relixioso.

- Localización, lectura e comentario de textos bíblicos fundamentais.
- Reconstrución do marco cultural de referencia dos feitos bíblicos.

2º.- Comentario de textos significativos, sobre XC. e a V. Maria.

3º.- Reconstrución e representación da vida de Xesús.

4º.- Exploración de datos sobre a Igrexa dos alumnos/as.

5º.- Observación e reconstrucción de datos de experiencia, relacionados cos Sacramentos.

- Lectura e comprobación dos relatos e pasaxes evanxélicos en relación cos sacramentos.

6º.- Lectura e comentario os textos sobre XC. e a V. Maria.

- Observación de accións que se dan no entorno do alumnado.
- Reconstrucción de formas de comportamento moral, vixentes no entorno.
- Confección de un esquema ou mapa conceptual no que se vexa que todo xira arredor do amor de Deus.

7º.- Representación dos rasgos humanos de Xesús.

- Reconstrucción de formas de comportamento moral, vixentes no contorno dos alumnos.
- Comparación e relación entre os distintos termos, que fan referencia ás relacións con Deus, cun mesmo e cos demais.

8º.- Observación e análise das acción relixiosas do entorno.

- Análise de textos do N.T. que amosan a relación coa natureza e cos demais seres humanos.
- Observación de datos referentes a Xesús, que se dan no entorno.
- Observación, análise e reconstrucción de datos da experiencia do neno/a, en referencia a Igrexa e a liturxia.

9º.- Reconstrucción de formas de comportamento moral vixentes no entorno.

- Lectura e escolma de datos do N.T. clasificando as principais normas de conducta que nos deu Xesús.
- Reconstrucción de modelos históricos cristiás (vida santos).

10º.- Exploración de datos sobre a igrexa do contorno do alumno.

- Busca de datos, estadísticas... sobre a acción evanxelizadora, caritativa e cultural da Igrexa.

11º.- Observación e análise do significado das nosas manifestacións folclóricas, culturais ou artísticas de carácter relixioso.

- Utilización e estudio de láminas, textos literarios con sentido relixioso: Pórtico da Gloria...

- Relación entre as obras de arte relixioso de distintos xéneros.

CONTIDOS ACTITUDINAIS:

2º.- Valor relixioso, familiar e social das grandes festas e celebracións, que teñen a X. e a súa Nai como protagonistas.

3º.- Normas e modelos de cultura cristiá que veñen a ser resposta á acción salvadora de Deus sobre o ser humano.

- Valor da actitude de Xesús que se entrega polos homes.
- Actitude de admiración e respecto ante a figura de Xesús.
- Actitude de interese, curiosidade e respecto cara ás expresións e imaxes, que fan referencia a Cristo e a Maria.

4º.- Valor da comunidade universal.

- Valor fundamental da pertenza a unha comunidade parroquial, que reclama unha actitude de participación nela.
- Solidaridade universal como consecuencia da universalidade da Igrexa.

5º.- Valor do xesto como expresión simbólica, non verbal.

- Valoración de tódalas dimensións da festa.
- Valor central da Eucaristia para o cristián.
- Respeto ós lugares sagrados e ás normas de celebración dos sacramentos e ó culto.

6º.- Normas que, desde a fe regulan a conducta consigo mesmo e cos demais.

- Dignidade da persoa humana.
- Actitude de respecto ante todo home ou muller: Dereitos humanos.

7º.- Respeto a persoa humana.

- Actitude de respecto e valoración da sexualidade humana.

8º.- Normas que, desde a fe, regulan a conducta cos demais.

- Valoración das diversas dimensións de festa.
- Coherencia entre as actitudes internas e a expresión externa das mesmas.

9º.- Valor fundamental da pertenza a unha comunidade parroquial, que reclama unha actitude de participación.

- Compromiso cristián ante a tarefa de transformar o mundo.

10º.- Valor da acción asistencial para desnrola-los seres humanos.

- Interese dos cristián para transforma-lo mundo.

11º.- Valoración da arte e da cultura, como manifestacións das vivencias cristiás, do noso pobo galego, e doutros pobos.

- Valoración do relixioso como compoñente importante da arte e da cultura.
- Normas para aprender a expresa-la propia experiencia relixiosa, a través da pintura, música, literatura...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O SEGUNDO CICLO

1º.- Sintetiza-los contidos do ciclo arredor da persoa de Xesús, como Fillo de Deus, na súa mensaxe e na súa obra.

- Elaborar un esquema no que se vexa a relación entre os dez mandamentos e o mandamento do amor.

2º.- Analiza-los principais textos do N.T. que conteñan a mensaxe de Xesús.

- Localizar textos do Evanxeo nos que se nomean as tres persoas da Santísima Trindade.

3º.- Situar a Xesús no seu momento histórico, e describi-los principais feitos da súa vida.

- Reconstruír, coa axuda dos Evanxeos, o itinerario da paixón, morte e resurrección de Xesús.

4º.- Analiza-lo similitud do corpo que fai S. Paulo para explicala Igrexa de Cristo.

5º.- Utiliza-los recursos da linguaxe para facer unha síntese elemental, e estruturada dos sacramentos referentes a vida persoal do crente.

6º.- Capta-lo sentido da Misa, como actualización da Última Cea e da morte de Xesús na cruz.

7º.- Sintetiza-los contidos do ciclo arredor de Xesús, como Fillo de Deus.

8º.- Elaborar un esquema no que se vexa a relación entre o mandamento do Amor na dobre vertiente: Deus e o próximo.

9º.- Analiza-los rasgos que definen o amor humano para contrastalos cos que Xesús proclama.

10º.- Analiza-la conduta cristiá cando se identifica co ideal do amor proposto por Xesús.

11º.- Reconstruír, coa axuda dos Evanxeos e reproducións artísticas, a vida de Xesús.

CONTIDOS DO TERCEIRO CICLO, A PARTIR DOS CORRESPONDENTES OBXECTIVOS.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

1º.- PLAN DE SALVACIÓN.

- Relatos bíblicos sobre as raíces do pecado e do mal.
- O pecado do home.
- Deus promete e cumpre a súa promesa de salvación ó home.

2º.- HISTORIA DE SALVACIÓN.

- Relatos fundamentais do A.T. para comprende-la intervención salvadora de Deus na historia.
- Os acontecementos do pobo de Israel.
- Relatos do N.T. nos que aparece a intervención de Deus na historia humana.
- Principio de Cristocentrismo da Historia da Salvación.

3º.- GRANDES FIGURAS DA HISTORIA.

- Relatos fundamentais do A.T. sobre patriarcas, reis e profetas que prepararon a vinda de Xesús, o Salvador.
- Modelos e testemuños históricos, de comportamentos cristiáns.

4º.- A IGREXA, NOVO POBO DE DEUS.

- Manifestacións e modos de cómo traballan os cristiáns por un mundo millor.
- Manifestacións do cumprimento do mandato do Señor: Ide e predicade o Evanxeo.
- Xesús congrega ó seu arredor un grupo de discípulos.
- Xesús manda ós discípulos polo mundo enteiro.
- Xesús promete o Espírito ós seus discípulos.
- Significado descritivo das características da Igrexa.
- Significado descritivo de "Igrexa".
- Significado descritivo elemental da triple función da Igrexa.

- Acción avaxelizadora, caritativa e cultural da Igrexa.

5º.- SANTIFICACIÓN DO HOME.

- Pasaxes do N.T. que están na orixe dos sacramentos.
- Significado descritivo dos termos litúrxicos sobre a Orde Sacerdotal e o Matrimonio.

6º.- MORAL DO HOME NOVO.

- Deus promete e cumpre, a súa promesa de salvación. Imaxes e relatos bíblicos.
- A experiencia moral do neno/a.
- Os cristiáns descubren, noutras relixións, elementos da revelación de Deus.

7º.- DIGNIDADE HUMANA.

- Narración do Evanxeo: Bodas de Caná.
- Relatos do N.T.: "O Fillo de Deus é verdedeiro home."
- Imaxes e relatos sobre a promesa da nova creación(Ap.21).
- Os cristiáns ven na revelación de Deus por Xesucristo a plenitude do proxecto de salvación universal.

8º.- A PLENITUDE DO REINO.

- Xesús manda ós seus discípulos para continua-la actividade de salvación.
- Vinda e presenza do Espírito de Xesús na comunidade cristiá.

9º.- O MANDAMENTO DO AMOR.

- Manifestacións externas dos vinculos internos que unen a tódolos membros da Igrexa.
- Fundamentación bíblica da ética cristiá.
- Formación da conciencia moral persoal e social.

10º.- MISIÓN DA IGREXA.

- Manifestacións e modos externos de realiza-la actividade propia da Igrexa.
- Acción misioneira e avaxelizadora da Igrexa.

- A Igrexa de Xesús ten como deber inherente o servizo ó pobre e marxinado.
- Aportación permanente da Igrexa a promoción humana e ó progreso cultural do pobo.

11º.- FE E CULTURA.

- Manifestacións culturais e artísticas cristiáns, de onde viven os alumnos.
- Feitos decisivos da Historia de Galicia e tamén de España nos que tivo importancia o factor relixioso.
- Datos científicos con repercusións ou retrencias relixiosas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS:

1º.- Reconstrución da mensaxe amorosa de Deus, recollida en relatos bíblicos.

- Elaboración de un esquema onde se faga a síntese das ideas centrais do bloque.
- Localización, lectura e comentario de textos bíblicos fundamentais.

2º.- Comparación elemental entre os xéneros literarios para unha primeira aproximación á exérese bíblica.

- Análise comparativo entre a historia da familia e a Biblia como historia do amor de Deus.
- Comentario de textos significativos sobre Xesucristo.
- Reconstrución esquemática sobre a vida de Xesús.
- Facer análise semántico de termos litúrxicos máis usuais.

3º.- Análise de obras de arte sobre a vida de Xesús, Mª e santos.

- Exploración de datos sobre a igrexa do contorno dos nenos.
- Recollida e análise de textos sobre a Igrexa no N.T.
- Analizar e valorar algúns dos máis significativos e importantes textos do Maxisterio Universal da Igrexa.

4º.- Busca de datos, estadísticas... sobre a acción evanxelizadora, caritativa e cultural da Igrexa, partindo da de Galicia.

- Observación e precisión de cómo se realizan, na actualidade, as notas características da Igrexa.

5º.- Observación, análise e reconstrucción de datos sobre os sacramentos.

- Representación dos modelos de comportamento coas esixencias derivadas dos sacramentos.

6º.- Reconstrucción de formas de comportamento moral vixentes no contorno.

- Lectura e escolma de datos do N.T. clasificando as principais normas de conducta que nos deu Xesús.

- Aplicación de mitos e lendas ás aspiracións do ser humano.

- Comparación da fe cristiá con outras relixións.

7º.- Comparacións e correlacións entre os distintos termos que fan referencia ás relacións con Deus, consigo mesmo e cos demais.

- Análise dalgún documento do Maxisterio da Igrexa sobre o tema.

8º.- Confección de un esquema ou mapa conceptual no que se vexa que todo xira arredor do amor.

- Reconstrucción de accións e modelos históricos(Vidas santos).

9º.- Comparación da Biblia como historia de amor de Deus, coa historia dunha familia.

- Mapa conceptual sobre o amor cristián.

10º.- Exploración de datos sobre a Igrexa: persoas, institucións...

- Busca de datos, estadísticas... sobre a acción da Igrexa.

11º.- Interpretación, á luz da Biblia, de expresións de arte relixiosa do contorno do alumnado.

- Reconstrucción do marco cultural de referencia dos feitos bíblicos.

- Observación e análise do significado das nosas manifestacións culturais, de tipo relixioso.

CONTIDOS ACTITUDINAIS:

1º.- Actitude de confianza diante da realidade natural como moi positiva para o ser humano.

- Valor da oración e súplica para descubri-lo sentido cristián do mal.
- Petición e perdón a Deus polo que o home fai mal.

2º.- Normas e modelos de cultura cristiá, que veñen a ser resposta á acción salvadora de Deus tal como aparece nos feitos da Historia da Salvación.

- Actitude de admiración e respecto ante a figura de Xesús e ante os que optaron e optan por un seguimento radical na súa vida.

3º.- Interse polo pasado e polos valores da historia humana.

- Actitude de admiración dos heroes bíblicos e perosnaxes do N.T.
- Valor do progreso histórico, na medida en que se identifica co plan de Deus.

4º.- Valor relixioso e social das grandes festas e celebracións de Xesús e Maria.

- Valor da comunidade universal como proxecto divino.
- Valor da acción social da Igrexa ó servicio do ser humano.

5º.- Solidaridade do ser humano cos seus semellantes en coherencia coa sua fe.

- Respeto ás normas de celebración dos sacramentos e de accións de culto.

6º.- Participación na comunidade cristiá como resposta a coherencia entre a fe e a vida.

- Actitude comprometida diante da tarefa do ser humano, derivado da vocación divina respecto o home.

7º.- Normas que regulan desde a perspectiva cristiá, a relación consigo mesmo.

- Valor fundamental da dignidade humana ó ser asumida por Deus, como carne propia.

8º.- Toma de conciencia dunha xerarquía de valores destinada a orienta-la vida e a conducta do ser humano.

- Valorar o saber facer referencia as normas, modelos e acontecementos do pasado para determina-la conducta do presente.

9º.- Actitude de respecto os dereitos humanos, como normas de conducta para o cristián.

- Coherencia entre as actitudes internas e a expresión externa da fe.

10º.- Valor da comunidade universal, como algo querido por Deus.

- Valor da acción asistencial da Igrexa.

- Compromiso cristián para a promoción das persoas e tranformación do mundo.

11º.- Actitude de interés cultural e de respecto a Igrexa Católica, ós seus membros e institucións.

- Actitude de respecto ás convicións relixiosas .

CRITERIOS DE AVALIACION DO TERCEIRO CICLO.

1º.- Ordenar cronoloxicamente os grandes fitos da Hª da Salvación e identificalos seus principais protagonistas.

- Analiza-los distintos significados das palabras "redención e redimir" para aclarar en que sentido se aplican a Xesús.

2º.- Describir distintas respostas a Palabra de Deus, na Biblia e na Hª da Igrexa (Abraham, Moisés... santos).

3º.- Describi-las parábolas da misericordia, sobre a actitude de Xesús cos pecadores.

4º.- Aplicar a Igrexa a noción de Pobo de Deus, localizando esta idea nos textos do N.T.

- Identifica-las actividades da Igrexa, a partir de datos concretos, no seu servizo a humanidade.

5º.- Recoller información sobre o sacerdocio cristián, para conseguir unha aproximación o que é o sacramento da Orde.

- Elaborar unha síntese sobre o matrimonio cristián.

6º.- Identifica-lo pecado, na realidade da vida e da Biblia, como mal que o home se fai a si mesmo e ós demais, como ruptura con Deus.

- Elaborar un vocabulario descritivo de termos bíblicos que designan elementos fundamentais da moral cristiá.

7º.- Elaborar unha síntese sobre o matrimonio cristián onde apareza, con claridade, o papel do amor e do signo sacramental.

8º.- Describi-las características dun cristián na vida familiar e social.

9º.- Facer unha análise comparativa, onde se vexan as diferencias, entre as características do Reino de Deus nesta vida e na vida eterna.

10º.- Describi-las características dun cristián que vive a súa fe, dunha forma coherente.

11º.- Identifica-las actividades culturais e artísticas da Igrexa para comprendelo seu servizo a humanidade.

METODOLOGÍA

ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS XERAIS.

O método é unha ferramenta de traballo que nos serve para axudar ó alumno. Logo estará ben ou mal empregado, será mellor ou peor, según cumpra ou non a súa función; nembargantes compre considerar certos principios metodolóxicos xerais que se derivan dos supostos psicopedagóxicos. Tamén é importante discutir as distintas formas de traballo ou enfoques didácticos que mellores resultados ofrezan; un factor básico para a coherencia de actuación docente e a existencia de criterios comúns tanto nos materiais como na forma de utilizalos.

Dentro das consideracións metodolóxicas hay opcións: podemos falar do aprendizaxe por descubrimento que se produce por mecanismos de ensaio erro-acerto e que por tanto redúcese a encontros casuais do neno co coñecemento. Ela, por si soa, non nos garantiza a adquisición de aprendizaxes significativas; non hay a interacción necesaria dos outros axentes do acto educativo: profesor e grupo de pares.

A aprendizaxe receptiva, outra opción a considerar posto que actúa como conductora da información organizada polo profesor para poder ser incorporada á estrutura cognitiva dos alumnos.

Nos proxectos de dentro, han de estar presentes os criterios de organización espacio-temporal como factores de influencia na creación de hábitos e actitudes positivas; a motivación, que vai facilitar a aprendizaxe significativa; o material a estudar que deberá despertar o interese do individuo, única maneira de poder ser incorporado á estrutura cognitiva; a vida do alumnado dentro e fora da escola será punto de partida das actividades da ensinanza-aprendizaxe.

O profesorado deberá ter en conta a diversidade de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) e atenderá os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos á hora de deseña-lo propio plan de traballo. Deberá por en práctica estratexias diferentes que contemplen a diversidade do alumnado e as súas características individuais.

Fomentaré actitudes de interese, curiosidade e gusto pola observación; provocará a reflexión así como extracción de conclusións e confrontación dos contidos traballados coas implicacións sociais e coa realidade. Isto leva consigo unha organización adecuada do traballo na aula e o emprego de métodos e recursos variados.

Hay certos aprendizaxes convencionais que poden resultarlle difíciles ós alumnos, por exemplo, códigos convencionais como a lecto-escritura, códigos matemáticos, lectura de mapas, gráficos, etc, pois ben, nistes casos faremos uso das actividades de reforzo prevendo as dificultades a que nos referíamos.

De modo xeral, o profesorado debe situar ó alumno no momento do aprendizaxe no que se atopa, facerlle ver o que se pretende conseguir e coas posibilidades que conta ou coas dificultades que se vai atopar e procurar sempre o desenrolo de procesos autónomos de aprendizaxe; non hay que esquecer fomentar o traballo en grupos e o reparto de responsabilidades.

Moitos contidos de aprendizaxe implican a tódolos do ciclo ou do centro e deberán planificarse e realizarse coa colaboración de todos eles.

ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS - ÁREA DE LINGUA GALEGA.

A metodoloxía que o profesorado de Primaria adopte estará en función do que queremos que aprendan os alumnos e de como lles imos ensinar.

En calquer caso será unha metodoloxía creativa de maneira que lles permita ós alumnos e alumnas buscar solucións os problemas que o aprendizaxe da lingua lles poida plantexar. Terase en conta os coñecementos que o alumno trae ó chegar á escola e, aproveitarase a comunicación espontánea deles para observa-los niveis de comprensión e expresión.

Partiremos (ó igual que en calquera lingua) da expresión e comunicación oral para logo ir introducindo na escrita e na lingua galega, non poderemos nunca prescindir do diálogo entre profesores e alumnos porque nos vai dar a coñecer cal é a lingua de instalación dos rapaces.

A clase da lingua ha de ser un foro de comunicación e de respecto mutuo polas diferentes linguas, sin infravaloracións e con moito tino sobre os distintos niveis ou ritmos de aprendizaxe. O recanto de exposicións, libros etc, vainsen ser de moita axuda para favorecer o ambiente de interacción na aula.

O modelo para os alumnos é o seu profesor por iso, non poderán entender nunca que utilice unha lingua dentro da aula e outra coa outra xente do centro; deberá pois, coidar este aspecto así como estar moi atento na selección de textos procurando que non haxa problemas de tipo sexista, raciais, etc.

A aprendizaxe lingüística deberá cohexionar os coñecementos adquiridos noutras áreas e será un instrumento privilexiado para favorecer o progreso en cada unha delas.

Aprender a aprender é o obxectivo máis básico da educación, logo, está claro que a metodoloxía non debe fundarse exclusivamente no libro de texto.

O desempeño do papel de educador é inconcebible sen unha intervención (mais ou menos directa) sobre as actitudes dos alumnos para constatalas e consolidalas ou modificalas; debemos facer que os alumnos valoren a diversidade lingüística como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade.

Hay que eliminar prexuícios sobre as linguas, variedades xeográficas ou o suposto de que a norma culta é a única aceptable; valoración das linguas como instrumentos cognitivos, medios de comunicación privilexiados e elementos configurativos da identidade persoal e colectiva e valoración da pluralidade lingüística como patrimonio da humanidade.

As actitudes que se adopten sobre algo dependerán en boa medida do coñecemento dese algo (compoñente cognoscitivo) dos sentimentos e emocións que provoque compoñente afectivo, e da conducta que manteñamos para con el (compoñente conductal).

Se verdadeiramente queremos xerar, consolidar ou modificar actitudes, o camiño axeitado está na actuación nos tres aspectos ou compoñentes antes nomeados. Estas actitudes deben ser traballadas con métodos específicos, adaptados á idade dos alumnos e o seu nivel de maduración; os nenos variarán as súas actitudes en función do ambiente que se cree na aula e unha vez máis hai que sinalar que a coherencia lingüística do profesorado resultan decisivas.

Non podemos pasar por alto a realidade plurilingüe do Estado. De ahí que vai ser fundamental proporcionar información sobre esa realidade e propiciar o achegamento ós distintos idiomas, podemos falar agora de xornais, revistas, emisións en televisión en catalán e vasco, audición de cancións nas diferentes linguas, etc, como método ideal.

Nos anos da ensinanza Primaria non hai estereotipos tan marcados como os que se dan na adolescencia e por iso, aínda que compre estimar como positivo o coñecemento das demais linguas oficiais, hai que facer ver que unha non ten problemas de permanencia pero non ocorre o mesmo coa outra polo que será preciso primar-la non normalizada. É certo que haberá que recoñecer as interferencias idiomáticas e tratalas; tratalas non desde a obsesión normativista ou sancionadora, senon procurando a mellora no uso das dúas linguas. Podemos votar man do análise de texto orais e escritos de diversa procedencia que nos

axudaran para acadar o pretendido; as actividades orais, escritas, gravacións, actividades orais de carácter colectivo, etc.

Na escola desenvolveuse historicamente unha pedagogía escrita, agora é primordial desenvolver unha pedagogía do oral que ocupe un lugar primordial nas clases de acordo coa importancia da oralidade na comunicación. A lingua é o instrumento privilexiado da comunicación, favorece a formación dun pensamento claro e organizado, é o medio primordial polo que se constrúe a representación xeneralizada do mundo, por esta razón, é fundamental dar un enfoque comunicativo á clase de lingua situando ó alumno como protagonista do seu propio aprendizaxe o que non impide que o profesor, poida intervir cando o considere oportuno para mellorar e enriquecer a competencia oral dos nenos e nenas.

O dominio da lingua oral é unha necesidade para acceder a aprendizaxe de moitas outras materias; é un dos aspectos de máis urxencia e complexidade para traballar no Ensino Primario en Galicia pola existencia de dúas linguas en contacto.

Unha vez máis imos precisar de ferramenta para traballar e partindo dos coñecementos do alumno, podemos actuar con estratexias que tamen se empregan para un idioma estranxeiro: aprendizaxe de frases curtas en contextos comunicativos cotiáns, emisión de mensaxes sinxelos, adquisición de vocabulario imprescindible, etc. Os alumnos chegan á escola xa con coñecemento da súa lingua que deberá ser ampliado e profundizado porque, ás veces hai unha notable distancia entre o que o neno aprende na casa co que se lle pretende ensinar na escola; a espontaneidade oral empregada polo alumno na súa casa ou cos seus compañeiros, vainos servir como punto de partida para conseguir que adquira outras formas máis complexas de expresión. O profesor axudará ó alumno a vencer cantos obstáculos socioculturais e afectivos poidan limita-la súa expresión persoal, valorará a capacidade desa expresión persoal e orixinal, e estimulará a creatividade lingüística. O recurso pedagóxico máis eficaz é o diálogo directo do profesor co alumno de xeito que sacará a relucir as deficiencias na estrutura do discurso, vocabulario, concordancia, pronuncia, etc. O avance na competencia comunicativa prodúcese de forma progresiva: alumnos e alumnas móvense en principio nun plano narrativo e descriptivo das súas experiencias e a través de descripcións sinxelas para progresivamente ser capaces de realizar algunhas xeneralizacións e narracións máis completas e concluída a etapa, serán quen de captaren diferentes puntos de vista, evitar xuízos prematuros, distinguir os feitos das opinións, respecta-las opinións alleas, etc.

O vocabulario terá o seu punto base de aprendizaxe en exercicios tales como adiviñar, completar, inventar, opoñer, etc. A interacción entre a escola e contexto social favorecerase coas saídas do recinto escolar a outros ámbitos.

Lectura e Escritura.

Son actividades cognitivas básicas no proceso de comunicación; abranguen desde a inicial e imprescindible decodificación ata a moito máis complexa interpretación. De ahí que faga falla unha orientación funcional na didáctica utilizada para a súa aprendizaxe, rexeitando os recursos nemotécnicos e propiciando ocasións nas que os alumnos se vexan obrigados a utilizalo código escrito contextualizado.

A aprendizaxe da lectura deberá empezar pola creación dun ambiente que estimule o interese do alumno e serán de moito proveito, actividades nas que se identifique a manipulación de textos escritos así como a súa comprensión coa sensación de pracer.

Para a aprendizaxe escrita absolutamente igual pero, respetando sempre o código e poñendo atención nas súas execucións; o papel de interlocutor real do profesor vai ser fundamental para elo.

Sen entrar en consideracións polo miúdo dos diferentes métodos de lectura, o denominador común a eles parece radicar nun proceso asociativo: unhas ideas atraen a outras. Aínda que, os mecanismos destes procesos está aínda ser clarexar de maneira definitiva: proximidade espacio-temporal, tese-antítese, analoxía, interacción entre preconceptos e conceptos novos... de seu, os alumnos saben que as palabras escritas teñen un significado e está na súa natureza querer descifralo. A lectura favorece o desenrolo mental, aumenta a nosa información, incrementa o vocabulario e facilita a capacidade de análise; facer a lectura dun texto calquera, supón sempre un acto favorecedor do desenvolvemento intelectual e

emocional. Ler e escribir están indisolublemente asociados; non teñen sentido por separado e así debe iniciarse a súa aprendizaxe e coida-lo seu desenrolo posterior.

Chegados a este punto, compre suññar que hai un momento apropiado no desenrolo dos nenos para o ensino da lecto-escritura; as funcións que interveñen nesta aprendizaxe son complexas e calquera adianto artificial na súa adquisición, resultará un intento inútil e perxudicial porque quedarían sen potenciar outras capacidades máis propias do seu estadio evolutivo.

Precísanse determinados aspectos madurativos: desenrolo psicomotriz e da linguaxe, maduración nas coordenacións viso-motora e audio-motora, un claro nivel na organización espacio temporal que afectará á orientación esquerda-direita da lecto-escritura e á organización melódica da linguaxe.

Logo, aspectos do desenrolo madurativo potenciados no transcurso de Infantil non deben ser descoidados durante o primeiro ciclo de Primaria.

De xeito xeral, podemos considerar como factores influentes na adquisición da lecto-escritura o medio familiar e o medio social xa que, os estímulos verbais do fogar e os mensaxes publicitarios, nomes das rúas, letreiros, etc son verdadeiros axentes suxerentes e animadores dos rapaces á lectura.

Mesmo así como na adquisición do dominio de calquer destreza, a lecto-escritura ten un alto grao de dificultades a superar: pénsese que a maior dificultade non está en coñecer-las letras ou as palabras, senon en atopar-la correlación existente entre a emisión fónica e un sistema de signos convencional. Ademais, ás dificultades que a lectura ten de seu sumanse as específicas da escritura: os compoñentes da lingua falada son grupos de emisión, grupos rítmicos, sílabas e fonemas; os compoñentes da lingua escrita son frases, palabras e letras. Logo, de todo o anterior debemos deducir que con tantos problemas como nos imos atopar, cumpre poñer especial interés e coidado na metodoloxía a empregar.

Métodos da ensinanza da lectura.

Básicamente, redúcense a dous ou a dúas modalidades e, identifícanse coa denominación “alfabético-silábico” e “global” según partan do sinxelo para chegar ó complexo ou viceversa.

Como non podería ser doutro xeito, hai quen prefere os métodos de marcha sintética e lóxicamente quen se decanta polos de marcha analítica. O certo é que os nenos entre 5 e 7 anos teñen as súas dificultades en analizar globalmente na idade que nos ocupa, o rapaz confunde o todo coas partes, a súa percepción é singular e non relaciona uns elementos con outros, as impresións subxectivas e obxectivas, o presente co pasado. Na acomodación do método ós alumnos terase en conta dous intereses fundamentais dos rapaces: o desexo de medrar e ser grandes e o de comunicación cos seus compañeiros. Isto permite que os alumnos estean suficientemente estimulados para asistir á escola e aprender. Ás veces, a acomodación do ensino ós intereses dos pequenos é abandonada en idades maiores, o que nos levaría a pensar que por outra parte, non é absolutamente imprescindible acomodar toda a docencia ós intereses inmediatos do discente. A conveniencia do neno non pode limitarse á satisfacción inmediata das necesidades que él sente como perentorias ó procurarlle unha formación integral conleva ter presente que ó neno tamén lle interesa saber ler e escribir, con todo o que supón de dominio destas capacidades para poder participar na sociedade; nunha sociedade alfabetizada.

Ós seis anos non hai intelixencia discursiva abstracta logo este feito, vai imposibilitar a utilización do método global. Ademais co emprego exclusivo de métodos globais córrese o perigo de enmascarar dislexias imposibilitando a súa detección; os disléxicos que aprenderon a ler polo método do deletreo resultan máis facilmente reeducables porque están máis familiarizados coa análise das letras. Nembargantes, co emprego exclusivo de métodos alfabéticos tamén corremos-lo risco de illar completamente lectura mecánica de lectura comprensiva e por tanto, producir un desaxuste que viría a invalidar o concepto mesmo do proceso lector.

Non é preciso decantarse por un ou outro método dado que de ámbolos dous pódense extraer beneficiosas consecuencias; o verdadeiramente perxudicial será á aplicación rigorosa e academicista de calquera deles. Posiblemente o ideal será aplicar de maneira indistinta e con calquer material calquera dos métodos referidos. Úse o método que se use, é necesario que o proceso de aprendizaxe se desenrole

nun contexto plenamente comunicativo e que os alumnos e alumnas estén motivados para aprender. O profesional terá en conta, atendendo ó método co cal el se sinta máis identificado, que tan importante como ensinar a ler é ensinar a ama-la lectura.

O diagnóstico precoz dos trastornos lingüísticos posibilitará a aplicación de estratexias que o palien; diagnosticada a deficiencia e recoñecida a súa etioloxía, (eiqui é indispensable a actuación dos equipos psicopedagóxicos de apoio) levarase a cabo o programa de reeducación. As medidas a tomar serán consideradas polo centro, pola familia e polos especialistas encargados de supervisa-lo caso.

Hai meras confusións na aprendizaxe que poden considerarse trastornos da escritura sin selo, para iso, e como prevención, debe planificarse a presentación e alternancia das letras en orden a súas dificultades: simetría, identidade fonética, igualdade grafemática, proximidade articulatoria, duplicación de grafemas, alternando con letras de fácil aprendizaxe para chegar así á construción do idioma.

A práctica da lingua escrita.

As actividades interdependentes e complementarias como son a comprensión-expresión e a análise-producción de textos, levaranos a acada-lo obxectivo último da ensinanza e aprendizaxe da lingua: uso persoal, autónomo e creativo para unha boa comunicación e unha creación da propia personalidade. A produción de textos por parte dos nenos e nenas é un aspecto básico; creación de textos narrativos: os que narran vivencias propias, ou de creación ou ficción nos que observaremos aspectos da vida diaria do alumno ou a súa visión do mundo.

O inicio do ensino-aprendizaxe da lingua escrita farase tendo en conta a bagaxe coa que os alumnos chegan á escola: unha lingua aprendida na familia e nun ambiente correcto, unha motricidade natural ou especificamente practicada, unha motivación ou interés determinados.

Por outra banda nos aclararemos perfectamente o obxectivo desexado asegurándonos de que entende a actividade que para iso se vai facer así como, manteremos o autoconcepto positivo que trae o neno da casa, as ganas de ler e escribir mediante o emprego dunha metodoloxía que propoña unha secuenciación progresiva das dificultades que posibilibite o éxito.

Hai que prestar atención ás interferencias lingüísticas producidas pola aprendizaxe simultánea dos dous códigos e para iso atenderemos a particularidades como saber que a lingua escrita, implica dominio dun novo código, esixe unha propiedade lóxica e estrutural máis completa e pertinente, require ensinanza-aprendizaxe planificada e, precisa dun clima positivo e acolledor na aula para que os alumnos se expresen libremente.

Haberá un antes, un durante e un despois de cada actividade e para planifica-la aproveitaremos situacións da vida nas que faga falla a escrita, escolleremos textos de menor a maior dificultade etc. Unha vez que consideremos que hai un avance na aprendizaxe e con dominio dos mecanismos, propiciaremos a creación de textos por parte do alumno. Eiqui, hai uns requisitos formais e estéticos que deben ter consideración: limpeza, marxes, espazos entre liñas, e outros relacionados coa comprensibilidade dunha ortografía apropiada, organización sintáctica, etc.

A fase da aprendizaxe da lecto-escritura pode circunscribirse ós dous primeiros anos da etapa e, despois disto entramos nun estadio no que hai un progresivo desfase na utilización das capacidades de ler e de escribir; a modo de resumen xeral podemos dicir que na lectura hai un afianzamento máis rápido.

A lectura de textos.

Nesta etapa, vai encamiñada a desenvolve-la comprensión do alumno e haberá que ter en conta algunhas tarefas para antes da lectura; selección do texto, clasificación de posibles dificultades xerais do texto, motivación, focalización da atención sobre algún aspecto especial durante a lectura; chama-la atención sobre a estrutura, suscitar preguntas e respostas, reler determinados fragmentos, aclara-lo significado das palabras e despois da lectura; identificación das ideas principais, interpretación de certos matices semánticos, comprensión e xuízo persoal sobre o lido.

A lingua como obxecto de reflexión.

Na Educación Primaria, os nenos e nenas van desenvolvendo unha capacidade cada vez maior de abstracción e amosando curiosidade por coñecer-lo funcionamento da lingua que usan e, isto debe aproveitalo mestre para estimular a reflexión sobre os propios produtos lingüísticos e os dos demais para así poder mellorar a comprensión e expresión oral e escrita.

En canto á gramática, nesta etapa debemos fuxir das definicións abstractas, dos mecanismos formais e do trasvase de teorías lingüísticas do profesor o alumno, para que non se produza unha aprendizaxe carente de funcionalidade.

O léxico incide na expresión oral, logo, canto máis riqueza léxica haxa, maior e mellor expresión oral terá o alumno. Trátase de que os nenos e nenas da etapa referida, incrementen o seu propio léxico, actualicen o vocabulario pasivo e se habitúen a usa-las palabras con precisión e adecuación. Hai que recuperar o verdadeiro nome das cousas para asentir un léxico que en moitos casos é ignorado, está cheo de interferencias ou é substituído por formas castelás; darase unha atención preferente a aquelas palabras con vixencia no código patrimonial e que están a sufrir un proceso de desaparición a través da transmisión xeracional. As necesidades expresivas son ás que debe intentar responder o ensino-aprendizaxe do léxico; e certo que esta labor afecta a toda-las áreas, se ben cun tratamento específico a área de lingua.

O tratarmos a ortografía, teremos presente que o galego non é un idioma uniforme; nin a nivel xeográfico nin a nivel social polo que, e necesario aceptar unha normativa ortográfica que facilite a comunicación, sobre todo a escrita, entre todo-os galegos: adecuado uso dos signos de puntuación, acentuación e tildes diacríticas, utilización da M antes de B e P, o H no verbo haber, etc.

A ensinanza sobre os medios de comunicación social non se corresponde con ningunha disciplina académica tradicional, pero debe ser atendida no currículo destinado a completa-la formación do cidadán de hoxe e, mais aínda do futuro inmediato. Hai que facer que os alumnos sexan usuarios racionais dos medios de comunicación, receptores críticos. Referente precisamente á área de lingua, boa parte dos textos orais e escritos sobre os que se traballe na escola, poderán e deberán proceder dos medios de comunicación.

Podemos afondar no estudo da súa linguaxe e construír na clase modelos en galego. Outras linguaxes como a icónica, a musical ou a mímica poden practicarse perfectamente ben e dun xeito integrador, coa posta en escena dun texto teatral contando coa colaboración dos profesores de Expresión artística.

ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS: LENGUA CASTELLANA.

Al igual que en la lengua gallega, en la enseñanza-aprendizaje de la lengua castellana debemos destacar aspectos tan importantes como los que siguen: eliminación de prejuicios sobre las lenguas, valoración de las lenguas como instrumentos cognitivos y valoración de la pluralidad lingüística como patrimonio de la humanidad.

Habrà en esta etapa, un análisis de las estructuras comunes y, sobre todo, un tratamiento de las interferencias lingüísticas gallego-castellano al encontrarnos con dos lenguas en contacto.

El camino a seguir en la enseñanza-aprendizaje de la lengua castellana es prácticamente el mismo que aquel que hemos seguido en la lengua gallega, de ahí que podemos remitirnos a lo expresado allí para llevar ahora a cabo esta nueva tarea.

Secuenciación dos contidos.

O primeiro paso para por en marcha o DBC é a secuenciación dos contidos dos tres bloques ó longo dos dous ciclos da etapa. Debemos ter en conta que a lingua é un conxunto global, un sistema complexo e interrelacionado e polo tanto, non se considera axeitada unha secuenciación de tipo lineal; a medida que os alumnos vaian progresando no seu dominio da lingua, retómaranse os contidos inicialmente traballados coa finalidade de aumentar a súa complexidade e para situálos na variedade de contextos nos que teñen lugar. Haberá que ter en conta a situación inicial do grupo concreto de alumnos e levar a cabo unha programación axeitada a cada un. É evidente que canto mellor sexa o coñecemento dos alumnos máis fácil será a definición dos obxectivos e máis curto o prazo para formulalos. Estes obxectivos poden ser acadados polos alumnos a distintos niveis de complexidade lingüística se a ensinanza se formula centrada nas tarefas e no proceso e non baseada na graduación da lingua.

A clase de idioma estará destinada a desenvolver destrezas receptivas e productivas orais e escritas así como, a dar solucións a dinámica das propias actividades comunicativas. Tamén atenderá cuestións de tipo xeral que abarcan outras áreas do currículo como son a educación para a paz, o problema do medio ambiente, a igualdade entre os sexos, a saúde, o consumo, etc.

Unidades didácticas.

Deberán ser elaboradas para un período de tempo determinado e, ó mesmo tempo, constarán de plans concretos para cada sesión de clase. Para a preparación dunha unidade didáctica pódese moi ben ter en conta o seguinte:

- Selección de contidos que os alumnos poidan aprender.
- Aproveitamento das situacións nas que se producen as distintas necesidades de comunicación escollendo aquelas en que estén conectadas co alumno e co núcleo temático que se queira traballar.
- Definición de funcións, estruturas, vocabulario, etc.
- Provocación de situacións que fagan necesario a utilización dos procedementos que levan a consecución de destrezas lingüísticas.
- Reparto do tempo que se vai adicar a unha determinada unidade de traballo, na planificación dos dous anos dun ciclo escolar completo.

As destrezas de comprensión e produción poden traballarse con actividades baseadas nos chamados principios comunicativos, a saber:

- Transferencia de información.- A finalidade da comunicación e a transferencia de información, ben sexa dentro dun mesmo código ou dun código a outro; do oral ó escrito ou ó revés.

- Oco de información.- E unha necesidade da vida real e que debe producirse nas actividades escolares, a de encher os ocos de información dos outros interlocutores.
- Información parcelada.- E o intercambio de información entre o alumno e os demais, o que fai que sexa posible a recomposición dos fragmentos de información que se teñen.
- Corrección polo contido.- Importa máis o contido que a forma do mensaxe; correxírase a forma si hai perigo de que a información non sexa eficaz.

Planificación das clases.

A presentación da nova linguaxe haberá de facerse de maneira lenta e organizada, proporcionando ós alumnos oportunidades de practicar a linguaxe aprendida e introducindo pouco a pouco, elementos novos que se integren nos coñecementos xa adquiridos. Pódense ordenar tarefas diferentes para niveis diferentes ou tamen tarefas iguais con distinto nivel de dificultade; os alumnos poden escoller o nivel de dificultade que lles gustaría realizar.

Poderemos manter a atención dos alumnos durante esta fase de presentación si empregamos para elo debuxos, carteis, regretas, recortes de revistas, mímica, audicións con tarefa incorporada, etc.

Os alumnos, a petición do profesor, repiten, responden a preguntas ou practican en parellas a nova linguaxe, o que nos serve para comprobar se foi entendida e se está sendo producida con corrección na pronuncia, acento e entoación, e estruturalmente. Os alumnos farán prácticas que, unhas veces serán controladas polo profesor, outras por tarefas, e incluso prácticas libres; a lingua ha de ser practicada para ser aprendida.

Orientacións para a avaliación.

A avaliación debe estar presente en tódolos momentos do proceso de ensinanza-aprendizaxe: ó comenzo, como exploración inicial, durante o proceso, como avaliación continua e formativa e, ó final dos mesmos.

Unha vez seleccionados os aspectos de cada unidade didáctica que se queren observar, comprobarase o grao de consecución sen esquecer nunca que, hai contidos de tipo procedemental, conceptual e actitudinal que han de ser tidos en conta á hora de avaliar.

Se aplicamos a avaliación sumativa, esta non nos vai servir para arrenxar erros dun proceso que xa acabou, pero, serviranos como avaliación inicial do proceso seguinte. Unha avaliación integral, debe valorar o progreso do alumno, a intervención do profesor e a validez do currículo tanto teórica como practicamente.

ORIENTACIÓNS XERAIS: EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

A formulación do proceso de ensinanza-aprendizaxe na Educación Primaria ten un carácter integrador; isto esixe que os seus contidos e os distintos aspectos da mesma teñan un tratamento interrelacionado coas outras áreas. É imprescindible favorecer situacións que poidan dar lugar á percepción, expresión, reflexión e intercambios de ideas, experiencias e vivencias do alumno. É importante tamen, non esquecer a necesidade espontánea de expresión e comunicación que, por natureza, posúen os rapaces e rapazas.

Estarán en primeiro plano os contidos referidos a actitudes, valores e normas; é preciso crear un clima de confianza que favoreza a participación activa dos alumnos; fomentárase a asistencia a manifestacións artísticas dos diferentes campos e farase uso dos materiais audiovisuais que nos van proporcionar momentos interesantes para coñecer, entre outras cousas, o noso folclore.

Expresión plástica.

A actividade expresiva para ter bases sólidas, vai precisar dun bagaxe de imaxes obtidas da atenta observación da realidade; a actividade creativa está relacionada coa riqueza e variedade da experiencia acumulada. É de gran importancia o comentario do que se está observando identificando os conceptos plásticos, os procedementos nos termos que xa coñecen ou aqueles que se están perfeccionando.

No desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe, hai que ter en conta a experiencia persoal do neno, a reflexión sobre as súas producións e as dos outros e os saberes que poidese posuír. Fomentárase a actitude investigadora probando os alumnos formas e técnicas diversas; o profesor será o encargado de ofrecer os estímulos correspondentes así como o enfoque axeitado para solucionar o problema. Hai que loitar, a veces, contra os estereotipos que posúen os alumnos proporcionando modelos variados, perspectivas distintas do mesmo obxecto; isto evitará a comodidade e estimulará o espírito de aventura e búsqueda de resultados gratificantes.

Expresión mímica.

No instinto do neno xa existe o ritmo, é innato, solo hai que desenvolvelo por medio da repetición e da variación. Na educación musical débense utilizar tódolos medios para integra-la expresión vocal e instrumental así como, a audición en actividades como: cancións, danza, formas de danza, improvisación de danza sobre unha música seleccionada e tamén, improvisación con obxectos e instrumentos non convencionais.

Para a secuenciación de contidos, podemos partir de ritmos, cancións ou pezas instrumentais sobre as que queremos desenvolver unha forma de movemento, pasos de danza, etc.

Os rapaces, de xeito natural, responden cun movemento á música escoitada; hai que aproveita-lo e incluso deixar liberdade á improvisación do neno e, máis tarde dirixilo. A unión perfecta do movemento corporal e a música, lévanos a danza e, eiqui, cando traballemos as danzas tradicionais conven que participen todos conxuntamente.

A selección do material irá en relación coa idade do neno así como as dificultades de pasos e figuras. Hai que evitar a rutina e isto faise variando os procedementos metodolóxicos.

Expresión instrumental.

É un dos contidos esenciais da expresión musical, facilita a afinación, a comprensión de estruturas rítmicas, os planos sonoros e a relación entre carácter e timbre. Os instrumentos escolares de percusión ofrecen un amplo espectro sonoro e como consecuencia, diversidade de posibilidades. A pequena percusión é indicada para observar as diferencias tímbricas, temporais e espaciais relativas a cor, duración e tempo. O profesorado debe coñecer ben as técnicas dos instrumentos de percusión para procurar que os alumnos consigan localizar esa sonoridade óptima. A capacidade da lectura da notación tradicional non debe condiciona-la práctica instrumental; o profesor será o intermediario entre a peza instrumental e o alumno; comenزارase pola imitación tanto do contido melódico e rítmico como, do

contido harmónico, faráse primeiro unha partitura colectiva antes da individual evitando o aillamento que suporía, traballar cunha partitura individual no grupo.

Empregaranse distintos materiais para fabricar instrumentos e isto, vaille servir ó alumno para: explorar posibles materias sonoras, descubrir ruidos e sonidos, clasificar sonidos e cualidades sonoras, etc. Pódense utilizar materias que proveñan do entorno natural, elementos cotiáns, material de desfeito, a electrónica, etc.

Expresión vocal e canto.

A linguaxe será tomada como punto de partida para as investigacións sonoras xa que, a palabra, posúe ritmo, timbre, altura e significado. A articulación adecuada dos sons debería ser un xogo cotián, axudarían a coñecer a fonte inesgotable e as infinitas posibilidades sonoras e musicais da nosa voz.

As experiencias musicais básicas faranse con xogos con ritmo; a canción, é un recurso integrador do ritmo na melodía desenvolvendo ó mesmo tempo o oído musical e a voz. O canto será unha actividade normal na escola e unha das maneiras máis sinxelas de facer música. O canto durante os primeiros cursos non estará relacionado co estudio da escritura musical; o importante será que o alumno aprenda a disfrutar coa propia voz; o profesor ocuparase do correcto desenvolvemento do aparato fonador e él, será tamen, o que faga uso dalgún instrumento melódico cou harmónico.

Expresión dramática.

Si para calquer área curricular resulta arriscado facer orientacións didácticas polas múltiples variables que poden incidir en condiciona-la acción educativa, esto complicase moito máis cando se trata da expresión dramática, por iso, imos ter en conta, unha serie de apuntes básicos sobre os que vai recaer-lo peso específico da actividade que se pretende desenvolver.

Buscaremos a expresión do suxeito e unha comunicación máis rica cos demais, non estamos a facer artistas, senon a contribuir a formación e desenvolvemento integral do alumno. A actividade debe ser o axente, o vehículo que provoque a participación e faga dos rapaces axentes da acción educativa; isto fará que o acto educativo deberá estar en función dos seus intereses e necesidades creativas, expresivas e comunicativas.

Hai que por en acción elementos que nos leven a conseguir tres funcións esenciais: sensibilidade, capacidade de escoitar e dispoñibilidade. Con estas cualidades, poderemos facer funcionar ó grupo.

As sesións de traballo deberán contar con tres partes fundamentais: posta en marcha, relaxación e traballo de expresión dramática propiamente dita. A primeira delas permite crear esa atmósfera inicial para conectar co contexto no que se vai traballar, a relaxación permite a distensión muscular e favorece a concentración e serve para preparación do traballo expresivo.

Recordar por último, que é interesante que os rapaces coñezan, e aprendan a apreciar as manifestacións de índole dramático que poidan ter no lugar ou entorno social no que vivan.

ORIENTACIÓNS XERAIS: EDUCACIÓN FÍSICA.

O equipo docente, dirixido polo Departamento de Educación Física, propiciará lugares de xogo. A Educación Física presenta para o alumno, un claro compoñente lúdico de esparcemento e disfrute vivencial e, ó mesmo tempo, o rapaz dase conta do seu labor formativo e da súa actividade para a vida.

Os coñecementos previos do alumno deberán ser tidos en conta sempre, na Educación Física tamén. Na valoración da capacidade inicial do alumno hai que considerar as seguintes características: somáticas, físicas, nivel de execución e motivación e interés.

As clases débense planificar comúnmente para ámbolos dous sexos e tendo en conta as idades dos rapaces.

No ámbito do ensino obrigatorio terá como obxectivo contribuir a desenvolver as seguintes capacidades:

- tomar conciencia do seu propio corpo e adaptarse ó entorno a través do seu propio corpo; -potenciar capacidades; - perfeccionar habilidades; -identificar e utilizar as diferentes formas de expresión e comunicación; - fixar hábitos posturais por medio do desenvolvemento equilibrado do seu corpo.

ORIENTACIÓNS XERAIS: MATEMÁTICAS.

Partiremos do que o alumno sabe, dos coñecementos previos adquiridos, segundo a capacidade de razoamento que caracteriza cada estadio evolutivo para por en práctica unha aprendizaxe significativa. Esta aprendizaxe significativa, consiste en modifica-los sistematicamente os esquemas de coñecemento: unha situación do conflito na que se crea certa contradicción cos coñecementos co alumno posúe. Tamén podemos resolver a cuestión sin que se dea a situación conflictiva; pódese facer por intercambio conceptual, en calquer caso, obteremos bos resultados.

A intuición xoga un papel de guía: elección dun camiño, busca de exemplos, ensaios, elección doutro camiño, etc, fará que se chegue á solución do problema con perseverancia.

No informe Cockroft suxírese ter en conta a tódolos niveis os seguintes aspectos: exposición por parte do profesor; discusión entre o profesor e o alumno e entre os alumnos mesmos; traballo práctico apropiado; consolidación de rutinas e destrezas básicas; resolución de problemas incluíndo a aplicación da matemática á vida cotiá; realización de traballos de investigación.

A educación Primaria será unha continuación da educación Infantil; os contidos deberanse traballar de forma intuitiva, vinculados a manipulacións de obxectos concretos, xogos, etc, relacionados coas outras áreas. Para inicia-los no manexo dos números e sistemas de numeración aproveitarase as agrupacións que fagan espontaneamente cos diversos obxectos, despois animaránse a que progresivamente fagan diversidade de agrupacións.

A iniciación á xeometría farase aproveitando os obxectos do medio e os materiais que empregan nas outras materias. En canto a medida, non se trata de empregar as unidades de medida como tales senón, de calcula-lo tamaño, comparar, etc.

A manipulación de obxectos, os xogos de descubrimento constitúen a base da experimentación previa que ten que darse para poder acadar novos contidos no estudo e representación do espazo; nesta etapa, non ten porque ser a escala, é suficiente con que teña unha certa proporcionalidade.

Segundo e Terceiro ciclo.

A partir da representación das figuras pódese ir chegando a coñecementos xeométricos axeitados a estas idades: punto, recta, formas xeométricas... Tentarase que cheguen intuitivamente á idea de que o plano é ilimitado e a súa representación é convencional.

Os alumnos deberán acadar o concepto dos ángulos, e saber comparalos; partírase do recto.

É agora o momento oportuno para chegar ó coñecemento e dominio das operacións e os seus algoritmos; ó finaliza-la etapa deben ter un dominio satisfactorio das operacións con números naturais, ter acadados os conceptos de número decimal é fracción e as operacións sinxelas con eles.

En canto a medida, e unha vez comprendido que é necesario un sistema de medidas patrón, é cando se debe introducir o sistema métrico para chegar a dominar as medidas de lonxitude, masa, capacidade e superficie. As equivalencias non se deben traballar a non ser, que o alumno as descubra.

No sistema monetario e na medición do tempo debemos seguir a mesma metodoloxía: que o alumno sexa capaz por si mesmo de descubrir e asimila-las equivalencias e a relación entre elas.

É importantísimo que os alumnos se inicien na interpretación recibida a través de taboas ou gráficos; é conveniente que ademáis da interpretación, fagan representacións de serie de datos que tomen eles mesmos da realidade.

Dado que nalgúns casos os gráficos que se presentan están pensados para adultos e non para rapaces, non debe sorprender que os alumnos destas idades propoñan outras representacións gráficas que, para eles, son moito máis significativas.

ORIENTACIÓNS XERAIS: COÑECEMENTO DO MEDIO.

Da mesma maneira que xa quedou exposto en ocasións anteriores, eiqui, faremos fincapé na aprendizaxe significativa que parte do que o alumno sabe, dos coñecementos adquiridos en base á capacidade de razoamento que caracteriza cada estadio evolutivo. Consiste en modificar os esquemas de coñecemento, previo paso por unha situación conflictiva na que se crea certa contradicción cos coñecementos que o alumno posúe, o que rompe o inicial equilibrio dos seus esquemas cognitivos.

Esto ten lugar cando o novo coñecemento é potencialmente significativo desde a estrutura da materia na que se traballa e desde a estrutura psicolóxica do alumno. A circunstancia conflictiva, non é imprescindible; a elaboración activa de novos coñecementos dase tamén por intercambio conceptual.

Coa motivación do alumno, poremos en marcha un aprendizaxe interpersoal.

A labor do profesor estará dirixida a comprobar os coñecementos que o alumno posúe e abordar outros novos así como promover situacións que susciten a necesidade de modificar os seus esquemas cognitivos.

A organización da aula debe facilitar o agrupamento diverso dos alumnos para levar a cabo traballos conxuntamente. Os mapas conceptuais deben ser xerárquicos: de conceptos máis xerais ós máis específicos. A resolución dos problemas fomenta a aprendizaxe posto que significa desenvolver técnicas de observación, recoller e seleccionar informacións das fontes máis apropiadas, experimentar, expoñer, debater, sintetizar e extrapolar os resultados a outras investigacións.

Eiqui, resulta obvio falar das saídas posto que, sen elas será practicamente imposible en moitos casos resolver fases do traballo da aula. Referente a interiorización dos conceptos, debemos suñar que se produce cando o alumno abandona as súas explicacións infantís substituíndoas polas que vai xestando a través da súa actividade escolar e extraescolar. Deberá haber un cambio conceptual para que o saber escolar cumpra a súa función entre o saber ordinario e o saber científico-cultural.

A técnica da simulación será fundamental na Área do coñecemento do Medio, é dicir, á construción dun modelo da realidade, á reprodución dunha situación real simplificándoa e examinándoa, teñen unha gran capacidade motivadora e un carácter disciplinar.

A percepción espacial.

As nocións do tempo e o espazo son básicas na Área do Coñecemento do Medio. A comprensión do espazo realízase a traveso de diversas experiencias relacionadas coa linguaxe e o desenvolvemento corporal; poderá resultar efectivo a construción de maquetas, croquis e debuxos, elaboración de mapas e planos sinxelos empregando signos convencionais e o concepto da escala, os procedementos de orientación e a localización de agrupamentos humanos no mapa.

Para provocar e favorecer o proceso madurativo podemos actuar da seguinte maneira: independizar a concepción do espazo respecto do punto de vista propio, descubrir as estruturas e dimensións do espazo e aplicar este coñecemento desde unha medida antropomórfica a unha medida planetaria. A evolución que realizan os alumnos abarca as seguintes etapas: a etapa de “aquí” (entre dous e sete anos), a de “alá” (entre os sete e os once), e a de “en todas partes” (entre os doce e os quince anos). Si trasladamos estas etapas evolutivas os Ciclos poderemos identificar: o Primeiro Ciclo coa etapa do “aquí”; o Segundo e parte do Terceiro coa etapa do espazo percibido e o final do Terceiro Ciclo coa etapa do espazo concebido.

A percepción temporal.

O concepto do tempo contribúe á estruturación da vida cotiá e a iniciación á Historia. Sen embargo, dificultades inherentes á percepción do paso do tempo que se observan nos alumnos, aconsellar unha boa reflexión sobre a maneira de adquirir os conceptos temporais. O tempo é unha abstracción, e como tal, non pode experimentar de modo directo senón, de forma subxectiva é descontinua e isto, leva consigo dificultades psicolóxicas: o nivel cognitivo dos rapaces e rapazas hai que consideralo como unha barreira

a superar partindo das súas propias posibilidades. A comprensión do tempo dependente en boa medida do dominio do sistema métrico convencional do tempo, da cronoloxía. Na Educación Primaria traballaránse as unidades do tempo máis perceptibles: mañá, tarde, día, semana, mes, ano, estación; e realizaránse exercicios coas nocións temporais antes-despois, novo-vello, pouco tempo-moito tempo.

Hai que ter en conta que a estruturación do tempo persoal supón un bo camiño para sensibilizarse ante a cronoloxía.

Educación para a saúde.

Neste apartado, o quefacer educativo ten que estar apoiado polos pais e polo medio social. A introducción será paulatina, progresiva e procurar a súa autosuficiencia e evitar calquera tema tabú. O que se pretende é a adquisición de hábitos e comportamentos máis sanos, respaldar actitudes positivas de hábitos hixiénicos e alimentarios.

Educación ambiental.

O alumno deberá comprender que o ser humano é o responsable da calidade de vida do planeta. A meta sería as mellores relacións entre a humanidade e a natureza logo deberase empezar por unha progresiva construción de conceptos que permitan coñecer mellor o medio ambiente. Analizarase tamén a intervención humana na natureza tanto cando afecta distorsionándoa como cando pode ofrecer solucións para melloralas.

Educación pola paz.

Haberá que axudar ós nenos e nenas a conseguir en primeiro lugar a paz interior: aceptándose a si mesmos coas súas limitacións, aceptando ós demais e procurando fomentar actitudes de comprensión e respecto. Haberá que tratar de conseguir co alumno sexa solidario.

Paradóxicamente, é preciso facer aflorar os conflitos no marco escolar para que os cheguen a comprender e busquen maneiras de solucionarlos, maneiras non xerárquicas nin sexistas.

ORIENTACIÓNS XERAIS: RELIXIÓN.

A base de toda pedagogía relixiosa está en partir da experiencia porque esto supónlle ó alumno axudarlle a reflexionar sobre situacións propias, sobre feitos que teñen lugar no seu ambiente familiar e social; sírvelle para confrontar tódalas experiencias coa Boa Noticia: Xesús e a súa mensaxe.

A actividade persoal dos alumnos é totalmente indispensable xa que, a actividade do suxeito que se educa está na esencia mesma do acto educativo. Esta actividade estará marcada pola individualización metodolóxica así como pola iniciativa e creatividade dos mesmos alumnos e, pola autoformación do seu sentido crítico.

O mestre poderá contar con recursos tales como as súas propias explicacións, charlas-coloquios, entrevistas, traballos individuais, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e formativa e terá en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación establecidos nas distintas áreas deste currículo.

A avaliación das ensinanzas de Relixión Católica realizarase de xeito semellante á que se establece para o conxunto das áreas, aínda que, dado o carácter voluntario das devanditas ensinanzas para os alumnos, non se terán en conta as calificacións nas convocatorias que, dentro do sistema educativo e a efectos do mesmo, realicen as Administracións Públicas.

Reforzo educativo:

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non responda globalmente ós obxetivos programados, os mestres adoptarán as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular.

Promoción cíclica:

Ó remate de cada ciclo e como consecuencia do proceso de avaliación, decidírase acerca da promoción dos alumnos ó ciclo seguinte. A decisión será adoptada polo profesor tutor tendo en conta os informes dos outros mestres do grupo de alumnos.

Cando a decisión comporte que o alumno non promocioe ó ciclo ou etapa seguinte terase unha audiencia previa dos seus pais ou titores e deberá ir acompañada de medidas educativas complementarias orientadas a conseguir que os alumnos acaden os obxectivos programados.

En caso de discordancia, entre o equipo de mestres que participan nas ensinanzas dun alumno, á hora da súa promoción, será o mestre-tutor quen decidirá, facendo constar no informe individual a opinión dos demais mestres que inciden no ciclo.

A decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo ciclo só poderá adoptarse unha vez ó longo da Educación Primaria.

O remate de cada ciclo a promoción será consensuada polos mestres implicados. En caso de discordancia o tutor decidirá a promoción facendo constar no informe individual a opinión dos demais mestres que incidan no ciclo.

Trimestralmente, como mínimo, haberá unha reunión de cada nivel previa a avaliación.

¿Cando repetir?

Estudiarase individualmente cada caso considerando máis oportuno que a madurez a adquira no primeiro ciclo.

Critérios para a repetición de curso dos alumnos.

A repetición de curso dos alumnos, cando se considera necesaria, debe facerse nos primeiros momentos da escolaridade e non ó final. Sempre nos comezos do proceso e non cando este está avanzado.

Razóns.

- O neno/a ten que ir construindo sobre seguro, polo tanto, os problemas deben intentar atallarse ó principio.
- Nos primeiros momentos da escolaridade o traballo é máis horizontal e menos vertical, polo que as diferencias no grupo son moito menores.
- Os alumnos destas idades non teñen un grupo moi definido, consecuentemente éelles máis fácil adaptarse a un novo.
- Se os nenos/as avanza cursos sen intentar atallar os problemas, estes cada vez van agrandándose máis. Unha maneira, entre outras, de facelo é coa repetición de curso.
- Estas razóns tamén son válidas para que teñan preferencia para asistir ás clases de recuperación os máis pequenos sobre os maiores.

A metodoloxía de traballo que consideramos máis axeitada é aquela que contempla un traballo activo e globalizador, xa que é o único que permite que cada alumno poida seguir, en certa medida, o seu propio ritmo.

Notas para ter en conta para a repetición dos alumnos.

Temos que recordar que a LOXSE só permite repetir un curso en toda a Primaria.

Para decidir cando un neno/a debe repetir debe contemplarse, ademáis das normas que daremos aquí, un estudio detallado do seu caso particular.

Cando un neno/a ten adquiridas as técnicas fundamentais do aprendizaxe, aínda que de maneira mecánica, no primeiro ciclo da Primaria; se as súas posibilidades non lle permiten máis, debe pasar ó segundo ciclo, xa que non mellorará demasiado cun ano máis en dito primeiro ciclo.

Nos casos de seria dúbida deberíamos ser rigurosos, xa que a experiencia vains demostrando que deberían permanecer un ano máis no curso anterior.

Se hai, en calquera curso, un neno repetidor que presenta un considerable avance, debe quedar sempre a posibilidade aberta de que poida cambiar de curso.

Cando un alumno ten moitas dificultades para aprender as técnicas fundamentais, debe quedar na escola levando un traballo de tipo individualizado (especificamos programación neste traballo).

Para os alumnos con dificultades medias, aqueles que repetiron máis dun curso, teríanse en conta as programacións mínimas dos cursos anteriores, sobre todo en Lingua Castelán e Matemáticas. Previamente será necesario situar a cada un no nivel que alcanza.

Dada a problemática que presenta poder atender a estes alumnos dentro da aula, hai un arquivo de material bibliográfico e de fichas de traballo clasificado (segundo os aspectos enumerados no presente traballo) para que todo aquel que o necesite poida utilizalo da maneira máis práctica posible.

(Este arquivo está situado na Sala de Profesores - Departamento de Orientación).

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA.

Obxectivos para dominar as técnicas básicas da aprendizaxe.

- Ler un texto (unha páxina con letra mediana) con vocabulario adecuado á súa idade e comprender o que lé.
- Saber expresar o que se pensa, oralmente e de forma escrita, en textos curtos (como mínimo sete palabras).
- Comprender a noción de número e a súa estrutura, así como a suma levando e a resta, con unidades, decenas e centenas.
- Separar ben as palabras, aínda que as partículas de enlace e os pronomes poden quedar, nalgún neno, non plenamente adquiridas.
- Domina-los trazados das letras e os seus enlaces.

Problemas que poden ter os nenos e que repercuten nas súas dificultades de aprendizaxe.

- Baixo nivel de intelixencia.
- Inmadurez global ou específica que pode vir dado polo seguinte:
 - Problemas de esquema corporal.
 - Problemas espaciais.
 - Problemas de control do ritmo.
 - Problemas de control do tempo.
 - Problemas de lateralidade.
 - Problemas de coordinación viso-motriz.
 - Problemas de desenvolvemento da percepción.
 - Problemas de motricidade ampla.
 - Problemas de motricidade fina.
 - Problemas de discriminación fonémica.
 - Problemas de análise e síntese fonémica dunha palabra.
 - Problemas de baixo nivel de vocabulario.
 - Problemas de conceptos básicos.
 - Problemas afectivos (sentirse abandonado, non querido, etc.).

Normalmente estes problemas non se dan illados, senón interrelacionados.

Condicións que se poden dar para que un neno/a repita.

- Presentar problemas de inmadurez xeralizada ou parcial que pode producir o seguinte:

- dificultades visomotrices
 - problemas de atención
 - dificultades para organizar o tempo e o espacio
 - problemas de imaxe corporal
-
- Ser incapaz de segui-la clase e necesitar sempre axuda individual.
 - Cando a súa velocidade lectora é moi baixa (menos de sesenta palabras por minuto) o que lle incapacita tamén para a comprensión.
 - Cando non aprenden a ler totalmente. Non coñecen tódolos fonemas consonánticos e teñen dificultades nas sílabas mixtas.
 - Cando xuntan palabras de forma sistemática e non saben autocorrexirse.
 - Cando só saben escribir frases de menos de cinco palabras.
 - Cando son incapaces de establecer relacións entre os números.
 - Cando non son capaces de facer series de números ascendentes ou descendentes.
 - Cando teñen dificultades na suma levando ou na resta sen levar.
 - Cando non son capaces de “ver” a estrutura do número.
 - Cando a súa “inmadurez” o leva a que non sexa capaz de traballar en grupo, non sexa capaz de segui-la clase e non sexa capaz de organizarse.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA.

Obxectivos mínimos para promocionar.

Lingua Castelán e Galega.

Expresión e comprensión oral:

- Comprender unha narración oral de 150 palabras e resumir de forma oral o escoitado.
- Describir con sinxeleza un animal ou un obxeto.

Lectura:

- Ler dunha maneira fluida con boa entoación e pronuncia, de acordo coa súa idade.

Comprensión e expresión escrita:

- Ler silenciosamente un texto e saber distinguir as ideas principais das secundarias.
- Coñece-la orde alfabética e manexa-lo dicionario.
- Realizar narracións, descripcións e diálogos cunha orde lóxica.

Ortografía:

- Separar sílabas que non admitan dificultade.
- Separar debidamente as palabras.

Caligrafía:

- Realiza-los traballos con orde e limpeza e con escritura clara e lexible.

Iniciación gramatical:

- Separa-lo suxeito do predicado nunha oración.
- Recoñecer un verbo en presente, pasado e futuro.
- Establecer concordancias de xénero e número entre os nomes.

Matemáticas

Aritmética:

- Domina-la lectura e a escritura dos números naturais ata unidades de millón.
- Descompor polinomicamente un número de catro cifras.
- Coñecer as distintas ordes de unidades.
- Adquirir os automatismos da multiplicación e da división (dúas cifras polo menos).
- Resolver situacións problemáticas da vida real que impliquen o emprego das operacións estudiadas.

- Realizar sinxelos cálculos mentais coas catro operacións.

Medidas:

- Coñece-las medidas de lonxitude, masa, capacidade, tempo e moedas en curso actual.

Xeometría:

- Coñecer ángulos e os seus elementos.
- Coñece-los polígonos segundo os seus lados, ata o hexágono.
- Distinguir circunferencia e círculo.
- Recoñece-las distintas liñas relacionadas coa circunferencia: radio e diámetro.

TERCEIRO CICLO DA PRIMARIA.

Obxectivos mínimos para promocionar.

Lingua Castelán e Galega

Expresión e comprensión oral:

- Comprender unha narración ou exposición oral sinxela, referente a feitos ou situacións concretas e resumindo o escoitado.
- Realizar unha breve exposición oral explicando os seus gustos e sentimentos, dunha maneira ordeada e coherente.
- Aprender a recitar algúns poemas e breves textos en prosa coa correcta entoación.

Lectura:

- Ler con pronuncia, pausa e entoación adecuadas.
- Ler mentalmente e explica-las ideas esenciais do lido ou ben resumilas, así como distingui-lo real do imaxinario.

Comprensión e expresión escrita:

- Contestar por escrito a un cuestionario referente a unha lectura en voz alta ou silenciosa.
- Realizar composicións escritas: narracións, descripcións e resúmenes, empregando o vocabulario axeitado e as técnicas elementais de redacción e ortografía básica (uso das maiúsculas, h - f en galego, “b” nas terminacións en -bir, “b” nos grupos -bl- e -br-).
- Presenta-los traballos de maneira ordeada, lexibles e limpos.

Contidos gramaticais:

- Recoñecer nun texto as distintas clases de palabras: nome, adxectivo, determinantes, verbos, etc.
- Construír familias de palabras.

Matemáticas

Aritmética:

- Sumar, restar, multiplicar e dividir con números enteiros e decimais sinxelos.
- Resolver situacións problemáticas da vida real que impliquen o uso das operacións estudiadas.
- Desenrola-lo cálculo mental nas catro operacións, con números naturais.
- Introducir intuitivamente o concepto de fracción, representándoa gráficamente.
- Sumar e restar fraccións con igual denominador.

Medidas:

- Expresar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e tempo en forma complexa e imcomplexa.
- Resolver situacións problemáticas sinxelas coas unidades de medida anteriormente citadas.

Xeometría:

- Identificar recta, semirrecta, segmento, rectas perpendiculares, rectas paralelas e mediatriz.
- Recoñecer un ángulo, así como os máis sinxelos: agudo, recto, obtuso. Recoñecer tamén a bisectriz.
- Recoñecer circunferencia, círculo, arco, radio, tanxente, diámetro, semicircunferencia, e semicírculo.
- Resolver problemas que impliquen o cálculo de superficies sinxelas: cadrado, rectángulo, triángulo e circunferencia.
- Recoñecer un prisma, unha pirámide e corpos redondos.

ACCIÓN TITORIAL

ACCION TITORIAL.

Son moitas as dificultades de aprendizaxe dos alumnos, por eso o mestre debe estar moi atento e ser un bo catalizador para prestarlles a suficiente axuda para enfrentarse adecuadamente a esas dificultades de aprendizaxe e superalas. Estas dificultades refírense a tódolos procesos curriculares e o contexto ambiental do centro.

Na práctica os docentes sabemos que para realizar a labor titorial contamos coa nosa experiencia e bagaxe formativo, pois non sempre se pode contar coa colaboración dos Equipos de Apoio ó estar saturados de traballo.

Existe unha idea moi xeneralizada de que a tutoría é unha actividade que debese facer nun tempo determinado, dedicado exclusivamente a ela e desconectada da función docente do mestre.

O mestre, ademais de impartir a docencia, ten a responsabilidade profesional de exercer a tutoría dun grupo de alumnos.

O tutor é o canalizador, o coordinador, tanto no grupo de alumnos como no de mestres como entre ámbolos grupos. A súa función é esencialmente educativa. Todo-los mestres deben ser tutores no seu ensino e contacto cos alumnos, pero a pesar delo un debe de sêlo de maneira especial para cada grupo de alumnos. Encoméndaselle o coñecemento de cada un deles en todo-los aspectos da súa personalidade e a inmediata relación individual cos mesmos e seus educadores.

Na mesma LOGSE está presente a orientación educativa hasta tal punto que a considera un factor clave na calidade do ensino.

É importante destacar que o concepto de orientación leva implícito a acción titorial e define o papel do mestre-tutor, entendendo a éste como un mestre, que ademais da súa preparación técnica na materia que ensina, contará cos suficientes coñecementos psicopedagóxicos para levar a cabo a tarefa da orientación.

Así a tutoría debe entenderse como unha labor esencial da acción educativa, en ningún caso como un labor secundaria ou complementaria.

Funcións do tutor.

En resumen, poden ser éstas:

1º.- Cos alumnos:

a).- Individualmente:

- Coñecer a cada un deles: na súa dimensión física, psicolóxica, escolar e social.

- Axudar ó alumno nos seus problemas escolares, dándolle asesoramento no uso das técnicas de traballo, apoio nas dificultades escolares e asistencia nas eleccións académico-profesionais.
- Asesorar ó alumno nos seus problemas persoais.
- Custodiar os rexistros persoais.

b).- Do grupo ou aula:

- Coñecer o grupo de alumnos: o seu grado de integración, a súa dinámica interna e externa.
- Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo e no conxunto da vida escolar fomentando neles o desenvolvemento de actitudes participativas.

2º.- Cos mestres: especialistas e compañeiros de Ciclo:

- Coordinarse cos titores dos outros grupos.
- Informar e recoller información sobre as características do alumnado do seu grupo, a título individual e xeral.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos. E así como consecuencia na avaliación final do ciclo, o titor tendo en conta os informes dos outros mestres especialistas e, no seu caso dos mestres de apoio, decidirá si o alumno promociona ou non ó ciclo seguinte, ou á etapa seguinte, si a decisión tómase o remate do último ciclo da Educación Primaria.

Cando a decisión tomada conleva a non promoción o ciclo ou etapa seguinte, o titor deberá tomala previa audiencia cos pais ou titores do alumno.

- Coordinar, xunto co mestre de apoio e, no seu caso o orientador, as adaptacións curriculares e a intervención educativa cos alumnos que presenten necesidades especiais.

3º.- Cos pais ou titores legais:

- Informar ós pais sobre as características xerais do centro, así como dos aspectos concretos que afecten o seu grupo de alumnos.
- Solicitar información sobre as características do medio familiar en orden a propiciar cambios de actitudes ante determinados problemas escolares ou persoais.

- Canalizar as suxerencias dos pais, propiciando unha actitude xeral positiva hacia o centro.
- Correspondelles os titores informar regularmente os os pais, previa recollida de información dos demais mestres especialistas. Esta información referirase os obxetivos establecidos no proxecto curricular e os progresos e dificultades detectados na consecución dos mesmos.

4º.- Co Centro e administrativo:

- Colabora estreitamente co departamento de orientación e cos demais membros do ciclo.
- Informa ó xefe de estudos sobre os problemas importantes ou de interés xeral plantexados polos alumnos ou os seus pais.
- Os titores elaborarán un informe individualizado ó finalizar cada ano académico. Ó remate de cada ciclo, estes informes debidamente cumplimentados pasaranse ó xefe de estudos, para que os poña a disposición do titor do grupo, do ciclo seguinte.
- Ó comenzo da Educación Primaria , e en cada un dos ciclos da mesma, os titores dos diferentes grupos farán unha avaliación inicial dos alumnos.

Estas funcións de tutoría levan consigo unhas calidades humanas, e profesionais, unha constante preparación e unha revisión e autoavaliación para:

- Saber escoitar, chegando a unha verdadeira comunicación.
- Ser entusiasta, con unha actitude aberta e positiva.
- Estar disposto a aprender dos alumnos e mestres.
- Saber esperar. A labor tutorial, como toda acción educativa, e sempre a longo prazo e hai que saber acometela cunha boa dosis de paciencia, pero tamén con constancia e responsabilidade.
- Saber poñerse ó nivel dos alumnos.
- Motivar e estimular máis que correxir.
- Saber esixir, levando ó alumno á reflexión e responsabilidade do traballo diario.
- Capacidade de autocrítica sobre a labor que se está levando a cabo.

¿Cómo se levan a cabo estas funcións?.

Mediante un Plan de Acción Titorial, que é a axuda que se ofrece ós alumnos, tanto a nivel individual como grupal ou colectivo, para que se coñezan mellor a se mesmos, analicen críticamente o medio no que se desenvolven e tomen decisións acertadas a hora de programar o seu futuro.

É evidente que a tarefa non é exclusivamente competencia do titor nela interveñen outros profesionais, como psicólogo, pedagogo, asistente social, etc. que tamén están implicados na educación dos xóvenes

¿Cómo organizar a rede titorial, o centro a familia, diferentes profesionais?

O Orientador debe ser o eixo de todo plan titorial dun centro. Opinamos que é un elemento vital para que o plan esté coordinado e consiga os seus obxetivos e, por suposto creemos que debe ser un profesional moi preparado en cuestións psicopedagoxicas e dedicado a elas xa que sería o encargado de prestar apoio técnico ós titores e coordinar as accións orientadoras, así como tomar contacto cos equipos sectoriales de apoio cando necesite, asesoramento para unha actuación especializada.

¿Qué debe incluír un Plan de Acción Titorial?

1º.- Axuda o alumno no coñecemento de si mesmo:

- A nivel individual: características psicolóxicas e de desenrolo, intelixencia, aptitudes, intereses, ...
- A nivel de grupo: integración e adaptación na clase, centro, familia e comunidade.

2º.- Axuda o alumno nas súas dificultades de aprendizaxe:

- Prevención: debemos procurar actuar con prevención e previsión, adelantándonos ós feitos e problemas antes de que ocorran. Todo o proceso do ensino debe estar baseado na pedagogía preventiva. O proceso do ensino ten que secuencializarse dunha forma que se adapte por completo as características dos alumnos.
- Detección: debemos contar cos medios e instrumentos necesarios para detectar os problemas e dificultades, entre os que a observación ocupa o primeiro lugar.
- Plan de recuperación: ¿de qué serve coñecer as dificultades dos alumnos si non plantexamos de inmediato programas de recuperación e apoio? .
- Métodos de estudo: temos que ensinar técnicas de estudo os nosos alumnos.

3º.- Axuda ós alumnos no coñecemento do medio:

- Debemos poñer en contacto ó alumno co medio socio-natural no que se desenvolve.

4º.- Axuda ó alumno no proceso de toma de decisións:

- Tomar unha decisión entraña un risco e unha responsabilidade.

Os aires frescos da reforma educativa (LOGSE) teñen como obxectivo adaptar o sistema educativo á sociedade cambiante na que vivimos, entendendo a acción titorial como transformadora da realidade educativa.

A incapacidade para resolver moitos problemas de distinta índole, nunha sociedade sometida a cambios rápidos, bruscos e constantes, maniféstase de maneira particular nos xóvenes.

Estos xóvenes que pasan precisamente polos centros educativos necesitan o consello de profesionais dedicados ó ensino, si entendemos a educación como axuda a unha persoa determinada.

Para todos os profesionais que desenrolan a súa actuación no campo docente, que conviven día a día cos seus alumnos nas institucións educativas, non lles resulta difícil admitir que quedan fora das actividades da aula multitude de problemas dos alumnos que non poden solucionarse.

A DIVERSIDADE

INTRODUCCION

Unha ensinanza que pretenda unha aprendizaxe significativa debe, necesariamente, prestar atención á diversidade do alumnado.

Cada alumno e cada alumna é distinto dos demais: os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintas, tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Polo tanto atender á diversidade convértese nun elemento clave para dilucidar se realmente aspiramos a que cada alumno e cada alumna desenvolvan o máximo as súas potencialidades.

Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, teñen as mesmas capacidades cos mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender.

A necesidade de atender á diversidade do alumnado xustifica a existencia dun currículo autónomo de cada centro.

A atención á diversidade significa romper cunha tradición educativa en ocasións excesivamente homoxeneizadora e constitúe unha premisa básica que debe estar presente en cada unha das cuestións sobre qué, cando e como ensinar e avaliar.

ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Hai unha serie de alumnos que se desvían dos ritmos normais de aprendizaxe dunha forma negativa ou positiva, polo que precuran dunhas necesidades educativas especiais. Entre estes alumnos podemos atopar:

- 1.- Alumnos que presentan diferencias de tipo sensorial, físico, psíquico ou intelectual.
- 2.- Alumnos con problemas de orden madurativo, polo que non alcanzan os obxectivos "mínimos".
- 3.- Alumnos que acusan deficiencias socio-culturais, debido ó entorno familiar e cultural no que viven.
- 4.- Alumnos con dificultades a causa dunha inadecuada intervención metodolóxica da propia escola.
- 5.- Alumnos cunhas aptitudes intelectuais superiores á media, necesitado programas de traballo que lles permitan aproveitar o máximo as súas posibilidades intelectuais, unha vez superados os niveis pedagóxicos comúns.

As necesidades educativas especiais poden ser de carácter permanente ou temporal.

As necesidades permanentes, esixen unha diversificación xeneralizada do currículo escolar, e terá que manterse durante toda ou gran parte da escolarización.

As necesidades temporais esixen unha diversificación parcial do currículo escolar ás características que presentan un determinado alumno e terá un carácter coiuntural e transitorio.

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS MAIS FRECUENTES

Cando os rasgos dos escolares o requiran poderán adaptarse os elementos do currículo ás súas peculiaridades.

As tres grandes finalidades da Educación Primaria son: a socialización, a autonomía de acción no medio e a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas, sendo as tres de gran relevancia.

Dentro das N.E.E. máis frecuentes temos:

Área de Lingua:

É moi importante os problemas de comunicación, que pode ser grave en caso de nenos xordos profundos, autistas, psicóticos etc, ou ben pode verse afectada en nenos ou nenas procedentes de contextos, socioculturais deprimidos e pouco estimulantes. Estes nenos van a estar en clara desvantaxe cos demais, especialmente no referente ó desenvolvemento da linguaxe.

As dificultades respecto á lectura e á escritura teñen unha etioloxía moi variada (factores perceptivos, cognitivos, emocionais, motóricos, metodolóxicos, etc.)

As posibles solucións serán:

- Identificación do factor ou factores que estan na orixe da disfunción que se observa.
- Elaboración dun tratamento didáctico e metodolóxico axustado ás peculiaridades que afectan ó proceso de aprendizaxe da alumna ou alumno afectado.
- Prestar atención ó conxunto da personalidade do alumnado.

Para alumnos e alumnas con necesidades máis graves e permanentes, é necesario adoptar neste campo estratexias metodolóxicas que permitan a adquisición dun bon nivel de "lectura funcional", ou ben o recoñecemento de rótulos que permitan o coñecemento e uso dos servizos públicos.

Area de Matemáticas:

Os nenos e nenas con dificultades máis graves de aprendizaxe poden ter problemas para acceder ó pensamento abstracto, polo tanto é preciso que desenvolvan actividades individuais, adaptadas ó seu ritmo de aprendizaxe e relacionadas coa súa experiencia.

Unha das actividades fundamentais que se desenvolve para o aprendizaxe matemático é a solución de problemas máis ou menos sinxelos.

Area do coñecemento do Medio

Hai catro ámbitos nos cales se realizan aportacións decisivas para o desenvolvemento de nenas e nenos:

- A potenciación da autonomía persoal, capacidade de orientarse, desprazarse autónomamente no tempo e no espacio, e utiliza-los servizos da comunidade.
- A identificación cos grupos sociais de pertenza e de referencia.
- Adquisición e práctica autónoma dos hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado corporal.
- Desenvolvemento das capacidades de indagación, exploración e búsqueda sistemática de explicacións e solucións ós problemas que se presenten no seu ámbito de experiencia.

Para nenos e nenas con necesidades especiais, o poder participar na maior medida posible nestas actividades ten un papel crucial para a súa educación e desenvolvemento.

Áreas de Expresión Artística e de Educación Física

Nestas áreas só teñen dificultades os escolares que presentan disfuncións de corta gravidade no seu aparato locomotor ou no seu equipamento sensorial.

As valoracións comparativas de acordo cos cánones e normas establecidas dalgúns profesores e compañeiros poden afectar moi negativamente, producindo sentimentos de fracaso, inseguridade e incluso bloqueos, en rapaces de menor ou diferente capacidade expresiva, artística ou físico-deportiva.

É fundamental valorar positivamente as realizacións de tódolos alumnos e alumnas en función das súas capacidades e sensibilidade.

Existe, polo demais, un importante compoñente de "disfrute persoal e social" nestas actividades fronte ás áreas máis instrumentais.

OS P.A.E.S. (PROGRAMAS DE ACTUACIÓN PEDAGÓXICA).

Tendo en conta as Necesidades Educativas Especiais establécense os seguintes P.A.E.S., que serán elaborados en coordinación cos Equipos Psicopedagóxicos da zona:

- 1.- Para alumnos con problemas de tipo sensorial, físico-psíquico ou intelectual existen os P.A.C.I. (Programas de Adaptación Individual), pertencentes á psicopedagogía curativa e rehabilitadora.
- 2.- Para alumnos que presentan dificultades no aprendizaxe, existen programas pertencentes á psicopedagogía correctiva.
- 3.- Para alumnos que presentan dificultades derivadas do entorno sociocultural, atopamos os programas colaterais, pertencentes á Educación Compensatoria.
- 4.- Para alumnos con dificultades derivadas dunha inadecuada utilización metodolóxica na propia escola, están os programas de reforzo metodolóxico e educativo pertencentes á Psicopedagogía Correctiva.

AVALIACIÓN DOS P.A.E.S.

A avaliación das N.E.E. nos centros do noso sistema educativo esixe a máxima converxencia conceptual, pedagóxica, e psicolóxica de tódolos profesionais implicados, dado o seu carácter diagnóstico, formativo e cualitativo.

A amplitude da avaliación abarca tres elementos:

- 1.- Identificación dos estados iniciais do suxeito (evaluación diagnóstica ou inicial).
- 2.- Revisión continua dos procesos educativos dirixidos á consecución dos obxectivos propostos (evaluación continua).
- 3.- Análise formativa e cualitativa dacordo ós P.A.E.S. propostos e desenrolados (evaluación formativa).

Partirase de experiencias relacionadas o máis directamente cos alumnos (avaliación contestualizadora).

A revisión periódica e continua da avaliación esixe aunar os máximos esforzos de tódolos profesionais implicados.

ESTRATEGIAS DE APOIO.

Dentro das estratexias de apoio que se poden pór en funcionamento para o reforzo de alumnos con necesidades educativas especiais ou de alumnos con pequenos problemas ou retrasos de aprendizaxe destacaríamos os seguintes criterios:

- Individual: o suxeito recibe atención individualizada por parte do orientador, profesor ou especialista. Este tipo de apoio é recomendable cando a natureza da problema o require dado que o apoio é moi especializado.
- Colectivo: implica que existe unha serie de suxeitos que posúen unha serie de problemas similares. Isto convirte nun grupo de certo grao de homoxeneidade. Evidentemente, os criterios para formar este tipo de grupos homoxeneos nunca debe ser a idade cronolóxica, se non a natureza e o grao de afectación do problema en cuestión.

En canto o lugar de apoio pode ser dentro ou fora da aula ordinaria:

- O profesor titor atende ó grupo clase, mentres que o profesor de apoio atende ó suxeito problemático.
- O profesor titor atende ó suxeito problemático mentres sexa capaz de levar a cabo a súa reeducación, co asesoramento pertinente, véndose así máis involucrado no proceso educativo.

Por outra banda, cando o apoio dentro da aula é para reeducar a un suxeito en aprendizaxes do seu nivel específico, é preferible e máis oportuno facelo fora da aula ordinaria, dunha forma parcial.

Ademais do apoio na escola é necesario e básico o apoio no ámbito familiar.

Este apoio é realizado polos pais tendo en conta as orientacións realizadas polo profesor-titor e o profesor de apoio.

Para que o apoio sexa efectivo a coordinación entre os profesores tutores e o profesor de apoio debe ser alta e os obxectivos que se traballen deben marcarse secuencialmente e a curto prazo.

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Unha cousa é a teoría e outra é a práctica. Hai que recoñecer que a orientación segue sendo na realidade unha das grandes lagoas do noso sistema educativo e un dos factores que explican os fallos e a falta de eficacia do mesmo.

A orientación non é un elemento alleo á educación e pódese definir como un proceso de axuda e ademais constitúe un importante elemento de calidade educativa para a compensación de desigualdades e a atención á diversidade.

Sentirán necesidade do departamento de orientación aqueles profesores que vexan con bos ollos a colaboración no seu propio proceso de axuda os alumnos. Esta axuda deberá ser graduada, priorizada e avaliada polo claustro de profesores.

Un psicólogo ou un pedagogo con destino definitivo no centro responsabilizarase persoalmente do traballo a levar a cabo.

A orientación é unha tarefa claramente interdisciplinar que require o esforzo de diversos e distintos especialistas, así como a colaboración de tódolos membros da comunidade educativa.

Compoñentes.

- Coordinador
- Xefe de estudos
- Coordinador do 1º Ciclo de E. P.
- Coordinador do 2º Ciclo de E.P.
- Coordinador do 3º Ciclo de E.P.
- Profesora de Pedagogía Terapéutica.

Ademais destes compoñentes fixos, poderanse incorporar os profesores titulares dos diferentes cursos cando o tema ou actividade a tratar requira da súa participación.

Obxectivos.

A lista de obxectivos que a continuación se reseñan constituirán as metas idóneas e ideais do funcionamento dun Departamento de orientación, correctamente implantado.

Nembargantes, a realidade actual é ben distinta xa que a orientación en Educación Primaria atópase con moitos condicionantes:

- Concienciar ó profesorado das funcións do Departamento, falta de recursos materiais e persoais, falta de tempo necesario para a realización de todas estas actividades.

Entre os obxectivos propostos temos os seguintes obxectivos xerais:

- Proporcionar ó profesorado, (e especialmente ós titores), instrumentos válidos e seguros e, en xeral a orientación psicopedagóxica necesaria para realizar co maior éxito posible a súa labor de titores de alumno.
- Axudar ó alumno a constituírse progresivamente no seu propio guía.

Dentro dos obxectivos específicos temos os seguintes:

Obxectivos específicos.

Respecto ó centro e os seus órganos

- Colaborar na delimitación de obxectivos xerais, específicos e plan de centro en xeral.
- Colaborar nas actividades relacionadas coa formación e información dos pais.
- Colaborar en funcións relacionadas dos distintos departamentos.
- Asesorar na elección de métodos e técnicas de traballo, así como na elaboración de programas de actividades.
- Asesorar ós equipos e departamentos en cuestións relacionadas co coñecemento da psicoloxía do alumno.
- Colaborar na avaliación do rendimento do centro en función dos obxectivos propostos.
- Informar das diferentes actividades do Departamento de Orientación.

Respecto ós titores e profesores

- Asesoralos na autoavaliación da súa labor.
- Posta ó día e formación continua no eido psicopedagóxico.
- Informalos das actividades que o Departamento realice directamente cos seus alumnos así como dos datos que se obteñan diles; buscando asimismo a súa colaboración na realización desas actividades.
- Colaborar no proceso educativo dos seus alumnos a través da análise das súas aptitudes, actitudes, nivel intelectual, etc.
- Colaborar, (especificamente en coordinación neste caso co EPA, e constituindo a ponte necesaria entre iste e o titor), na detección e orientación educativa de posibles alumnos problema, (alumnos con n.e.e.); proceso que se verificará nas seguintes fases:
 - Delimita-lo problema.
 - Analiza-las súas causas.

- Realiza-lo seu pronóstico e orientación educativa.
- Ve-la súa evolución.
- Rexistro e clasificación da documentación, informes, seguimentos e datos en xeral dos mencionados alumnos.
- Proporcionarlle material de traballo para utilizar cos mencionados alumnos.
- Orientalo e proporcionarlle a axuda precisa para desenrrolar con eficacia a súa función de titoría e orientación do alumno.
- Axudalo nas situacións críticas que lle poidan xurdir na clase.
- Potenciar a coordinación do conxunto do profesorado.

Respecto a alumnos e pais

Alumnos:

- Coñecemento da súa personalidade, aptitudes, actitudes, nivel intelectual, intereses profesionais e vocacionais, especialmente ó aproximarse ó término da súa escolaridade.
- Informalo da forma máis precisa das posibilidades de estudio a que pode acceder, os seus contidos, saídas profesionais e laborais, etc.
- Consecuentemente, orientalo escolar, profesional e vocacionalmente especialmente nos momentos críticos do seu desenvolvemento (5º e 8º).
- Poñelo en contacto coas perspectivas reais de estudio e traballo, proporcionándolle información clara e precisa e, se é posible, visitando os centros correspondentes.
- Proporcionarlle adecuadas técnicas e métodos de estudio e fomenta-lo hábito de estudio organizado e programado. Ensinalo a estudar.
- Poñelo en contacto cos diversos órganos ou institucións, (Concello, INSERSO), que poidan axudalo no seu desenvolvemento educativo.
- Informalos e formalos en aspectos non directamente relacionados co curriculum ordinario, (educación vial, sexual, sanitaria, aspectos de interese e actualidade social, etc.).
- Fomenta-la coeducación do alumnado.

Pais:

- Informalos sobre a existencia e funcións do Departamento de Orientación.
- Informalos sobre os datos, orientalos e coñecelos en xeral dos que dispón o Departamento en relación cos seus fillos.
- A partir desto, busca-la súa colaboración na orientación que se lle vai dar ó alumno.
- Poñelos en contacto con institucións ou organismos que poidan axudalos no tratamento da educación dos seus fillos.
- Formalos en cuestións relacionadas coa educación dos seus fillos, (tempo, lugar, condicións... de estudio, como axudalos nas súas tarefas, aspectos motivacionais).

- Orientalos en calquer outro aspecto formativo, (hábitos hixiénicos, alimenticios, saúde mental...), que posibiliten unha educación integral dos seus fillos.